CRÓNICA

# VOCES CEIBES

Vicente Araguas

"Daquela todos tiñamos vinte anos..."

XERAIS



Vicente Araguas naceu en Xuvia-Neda (A Coruña) en 1950. Licenciado en filoloxía inglesa, traballa como profesor e traductor. Cofundador de Voces Ceibes –xunto con Xavier, Benedicto e Moscoso–, exerceu de cantautor entre os anos 1968 e 1972, do que dan proba un EP e un *single*, máis a canción incluída no LP clandestino *Cerca de mañana*.

Como poeta publicou *Paisaxe de Glasgow* (1978), *Ás veces en domingo abonda coa tenrura* (1980), *Poemas pra Ana Andrea* (1982), *Xuvia* (1983) e *Caleidoscopio* (1988), e figura nas antoloxías *Poesía gallega de hoy* (1990) e *Fin de un milenio* (1991).

Crítico literario (*Leer, El Urogallo, Diario 16* ) e ensaísta ("Diario de Dublín" e "Crónica de nós", en sendos libros colectivos publicados por Xerais) debuta como prosista en solitario con *Voces Ceibes*.

Capa: Miguel Vigo

© Vicente Araguas Álvarez, 1991
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 1991
Dr. Marañón, 12. 36211 VIGO.
ISBN: 84-7507-585-1
Depósito Legal: VG. 527-1991
Fotocomposición: Soviga (Pontevedra)
Impreso en Rainho Neves Lda.
Zona Industrial do Cavaco 4520
Santa María da Feira (Portugal)

*Reservados tódolos dereitos. De conformidade co disposto no artigo 534-bis do Código Penal vixente, poderán ser castigados con penas de multa e privación de liberdade, quen reproduciran ou plaxiaran, en todo ou en parte, unha obra literaria, artística ou científica fixada en calquera tipo de soporte sen a preceptiva autorización.*

CRÓNICA

# VOCES CEIBES

Vicente Araguas

EDICIÓNS **XERAIS** DE GALICIA

*Querido Fernando Valiño: Leño a memoria chea de lembranzas comúns. Pero agora quero conservar aquela tarde en Villalcázar de Sirga, cando batía un vento, bailarín e camiñante, ao que os palentinos chaman* El Gallego.

TEÑEN AS ESTACIÓNS UN CHEIRIÑO A SAUDADE

## ADEUS A TODO ISO

O día 29 de maio de 1977 pechei o ciclo que como cantante iniciara en Compostela en abril do 68. Nove anos, parafraseando o tango. que volve estar de moda, non son nada. E son menos aínda se temos en corita que, en realidade, a miña etapa cantautora (tampouco é que guste moito da palabra) tivo lugar entre 1968 e 1972. Andou, xa que logo, paralela aos meus estudios universitarios en Compostela. O que veu despois foi soamente unha propina.

No ano 77 vivía eu o meu terceiro curso madrileño. Anos cordiais, no senso exacto do termo. nos que non precisaba da canción nin maldito o interese que ela demostraba por min. Unha chea de cousas persoais e colectivas puxeran a andar as máquinas en dirección oposta á ata entón levada. Morrera o dictador. Voces Ceibes, cumprido xa o seu fado, fixera o propio: os cantantes políticos, despois de varios multitudinarios cantos de cisne, marchaban polo carriño da agonía (ou estaban a facer a travesía —sen volta— do deserto): e os grupos testemuñais, as causas perdidas, ían cada vez máis ao pairo. Quedaban poucas cousas. agás o anceio de entrar a fondo nas materias pendentes, os libros. certas músicas, as viaxes. o amor. a amizade ( tampouco exactamente a camaradería) que o franquismo tamén coutara.

O malo das dictaduras —de todas, dígase xa— non é soamente o que "fan" senón tamén o que "desfán". Como crean. á súa sombra, unha cante de "contradictadura" que acaba por imitar. dándolle outra tonalidade, xestos, ritos.

acenos. Corno esa sombra longuísima vai impedindo. por . razóns tan opostas coma mins, literaturas, músicas. amores e amizades.

Neste mesmo ano de 1977 unha película de José Luís Garci. *Asignatura pendiente,* expresou ás claras e con título ben afortunado todo aquilo. Logo, Garci entraría nun canellón de difícil saída, pero a súa primeira película longa valía como reflexión, se cadra demasiado benhumorada. do que Picaba atrás. Hoxe certa novelística española anda a espaventar aqueles diaños: Molina Foix. Armas Marcelo. Mercedes Soriano. Tal vez non estaría de máis que a nosa narrativa fixese o propio (agora vénme á mente un deseño. *Xoguetes pra un tempo prohibido,* de Carlos Casares. Outro: *Memorias do diario,* de Fermín Bouza Álvarez).

O ano 1977 cantei en Cuenca. pouco despois da matanza de Atocha, invitado polo PC local que entón vivía momentos de esplendor (o PCE, claro, non o PC de Cuenca). Tamen actuara Fermín Bouza lendo poemas varios que tiraramos con presa do libro de Alonso Montero. *Os cen mellores poemas dq lingua galega.* Daquela. os cantantes e os rapsodos cobraban algo. O conto é que o PC conquense ( ou a Escola de Maxisterio. organizadora teórica do acto) debían andar mal de fondos porque. ao fin, pagaron en especies. Unha pucha, un touro de barro e un libro. *Tierra de Cuenca,* máis a gasolina para o 127 branco que daquela tiña o Fermín e que nos levou á cidade das "Casas Colgadas". O público, reducido e familiar, acollera con agarimo e partidismo as rosas intervencións. Pero estaba claro. para min. que a canción protesta pillara o tren de volta sen billete e, xa que logo. ás carranchas no tope do convoi.

O Día das Letras Galegas dese mesmo ano fun convidado a participar nun acto no Colexio Maior San Juan Evangelista, a mítica residencia universitaria na que. dez anos atrás. fora visitar a Paco Rodríguez. o meu profesor de grego do verán do 65. daquela delegado da Facultade de Filosofía e Letras da Complutense. Pero o 17 de Maio do 77 aquel salón de actos era un deserto. Se cadra a sala non dobraba o número dos presentes no escenario: Celso Emilio Ferreiro. Manolo Rivas e mais eu. Abaixo, entre o

escasísimo persoal, Xosé Manuel Pereiro e Reimundo Patiño. O mesmo acto. catro anos antes, enchería o popular Colexio Maior San Juan Evangelista. Nel, nos días da dictadura. chegara a haber redadas masivas. cun helicóptero sobrevoandoo. Desde as habitacións, os "elementos subversivos" controlaban con aparatos de radio as frecuencias de emisión dos vehículos policiais. Pero ese Día das Letras Galegas do ano 77 non había máis son có do silencio. malia o verso vigoroso e sabio de Celso Emilio e a poesía fresquiña e directa de Manuel Rivas: ou a presencia sempre aglutinante de Reimundo Patiño, e o bulideiro Xosé Manuel Pereiro. Sen dúbida que os tempos (e aínda Bob Dylan non quería chegar a España. limitándose a cantar en París) estaban mudando. Seguramente para mal. Pero mudando.

O día 28 de maio. sábado, pillei un tren-tranvía para Valladolid. Viña comigo un bo guitarrista lugués chamado Xulio Vázquez. O Xulio estudiaba Arquitectura en Madrid e vivía cos irmáns Pereiro. co Xosé Manuel, argalleiro total, cantante *punkie,* xornalista, e o Lois. máis que bo poeta urbano, nun piso surrealista da rúa Manuel Silvela. Era un piso vido a menos, que lembraba os seus tempos señoriais cun ascensor que subía polo interior. é dicir, que depositaba aos usuarios dentro da propia vivenda. Con Xulio Vázquez. pois, marchei camiño do meu último recital. Prefiro non empregar o adxectivo derradeiro, primeiro, polo que ten de definitivo. ou sexa, mortuorio, segundo. porque nunca se sabe. Levo anos á procura desas haladas que, se ben de momento non dan aparecido. quizais estean agardando a misia madurez para sorprendela. Un xa está bastante serodio como para saber a de voltas que pode dar a vida. Y *ayer se cayó una torre,* completaría co seu tango ( flamenco) *granaíno* o meu admirado Enrique Morente quen, por forza, ten de volver nunha doa deste rosario de lembranzas.

O recital da despedida tivo lugar en Tudela de Duero ( Valladolid). Organizaba o Frente Democrático de Izquierdas, ou sexa o PTE, e na parede do meu escritorio teño un cartel enmarcado en cristal que o recorda. Son tres franxas —morada, branca e negra— horizontais. Na do medio un

circo vermello con catro mans enguedelladas. Na de abaixo a lista de oradores. Na de enriba os cantantes que, por esta orde, foron: Vicente Araguas, Paco Urbano. Barbecho e La Fanega. Dos tres primeiros (Barbecho era un grupo, desde logo) pouco máis se soubo a partir do 29 de Maio do 77. La Fanega daría aínda unha certa guerra ata que por razóns dispares (cansazo, mal entendemento dos seus membros, pouco porvir do folclore de batalla) veu finar. Pero aquela mañá soalleira, con dulzaineiros, tamborís, xente contenta e esperanzada. Tudela de Duero foi, de verdade, unha festa. Tudela e a súa praza de touros, bonita. pequena e acolledora, que fora o centro do festexo.

Afinamos na enfermería, chea, por contraste, de ferruxe. Anos despois, cando a morte de Paquirri en Pozoblanco, non puiden por menos que lembrar o terrible óxido da enfermería da praza de touros de Tudela. E o poema lorquiano. Pero fóra todo era sol, e eu cantar cantei, ou tirei do máis popular que tiña no repertorio. Alí non era cousa de facer cancións de amor. ou de lectura, ou de amizades, ou de viaxes. Aquela xente quería coplas, e coplas galegas tiveron a cargo de Xulio Vázquez, eu mesmo e un tamboril. Ladislao. que era de Cuéllar *e* tocara con Agapito Marazuela. "Vai de roda en roda-, "A criada do cura de Corrubedo-, "Condenado de paxaro" puxeron ao público a cantar e a bailar baixo dun sol de poema de Manuel Machado, do que nos gardabamos cuns gorros de papel que anunciaban, claro, o Frente Democrático de Izquierdas.

Foramos a Tudela da man de Fernando Valiño, o máis entusiasta propagandista que nunca tivo a canción belixerante: e na metade, Delfín Mariño saudou á afección de parte da APG (Asemblea Popular Galega). Logo. pola tarde, o FDI ceibou vaquillas, que non vaquiñas. Mais nós xa estabamos de volta no tren-tranvía de Madrid. Xa non iamos no tope.

## FERROL, FERROL, FERROL

Así titulou un meu profesor de literatura o seu artigo evocativo da cidade departamental. O profesor era salmantino e o artigo vira a luz nun dos abortados intentos xornalísticos da miña vila. E se digo Ferrol digo vila porque por tantas razóns nunca deixou de ter o ton vilego que nela viron Suárez García, Fernández Flórez. o Padre Serapio Martínez Gallego, Ángel Oliver, Torrente Ballester, Carmen Kurtz, Xavier Alcalá ou Carballo Calero, entre outros novelistas que mollaron a pluma no rectilíneo gris local. Aínda que, para ser sinceros, eu nacín en Xuvia, a oito quilómetros de Ferrol *(Ferrol, Ferroliño, qué bonito eres* esloganizou, pretendendo gañar con esta barbaridade, un concurso un meu amigo) e Xuvia, daquela, era "a aldea", á sombra dunha auténtica vila: Neda.

No ano 66 eu facía 6." de Bacharelato no Instituto ferrolán. Este arrepiante entroido con palmeiras na entrada debeu ser construido nos anos da máis prolífica actividade arquitectónica na cidade. Nesta vila-cidade hai unha chea de edificios subfillos da arquitectura pseudoescurialense da postguerra, e un deles é o Instituto de marras.

Nel explicaba Literatura o salmantino xa citado. O *quidam*, igual nin lera a Jorge Guillén, era dos que crían que *el mundo está bien hecho* e. desde logo, tiña unha absoluta xenreira a todo o que cheirase a galego. Así recordo que, sen vir a conto, porque nin os meus condiscípulos nin eu sabiamos da misa a cuarta, unha maña atacou o opúsculo machadiano do Circulo das Artes lugués. ¿Que necesidade

tiña Don Antonio de ser traducido ao galego?. preguntou retoricamente o túzaro.

Condiscípulos meus eran ese ano, entre outros. Santiago Eizaguirre, Bernardo Máiz. Xosé María Dobarro, Xosé Manuel González Valles e Fernando Egozcuezabal. En anos anteriores disfrutara a compañía na aula de Juan Mari Solera. primeiro coñecido corno Johnny Solera e, ultimamente. por *Príncipe Galín.* O *Galín* fora expulsado do Instituto e marchou a París, con trece ou catorce anos, iniciando unha curiosa lenda. En cursos superiores estaban Antón Seoane, o de Milladoiro. Andrés Lapique Dobarro (Andrés Do Barro), Xosé Torregrosa, Xavier Alcalá. Xoaquín Lens. Paco Rodríguez e mais Fernando Viva nco.

Ferrol daquela debía andar polos noventa mil habitantes. cantidade que nunca chegou a superar. e mantiña ( como logo se viu) un progreso económico artificial. Pero. de momento, a penas había paro; o equipo de futbol. maiormente, estaba na segunda división; e no verán as festas mesmo incluían concursos hípicos. *Ferrol, Ferrol, lindo Ferrol/tierra de amor y de mujeres,* dicía a letra dunha habanera. Ferrol e a súa bisbarra recolleran a impronta de alén do océano, en forma de palmeiras, grupos escolares feitos por indianos e, naturalmente, habaneras, que para o folclore local conservaban as rondallas da "noite das Pepitas". Só que Ferrol tiña pouco de lindo cando caían os paos nos obreiros amoreados na Porta Nova (ou Praza de España. adornada desde o ano 66, no que eu principio esta memoria. cunha estatua ecuestre de Franco feita por Juan de Ávalos). E aínda tería menos de lindo cando. seis anos máis tarde, o 10 de marzo do 72, Amador Rei e Daniel Niebla caían furados polas balas na entrada da Ponte das Pías.

Os obreiros eran o terceiro sector (o primeiro era o militar, o segundo o de servicios) da cadriculada e pouco ilustrada cidade departamental. Que máis daban os esforzos cineclubistas, sinfónicos. teatrais no mesto gris local. Que máis tiña que en Ferrol nacesen José Luís Prado Nogueira, María Elvira Lacaci, Rafael Taibo, se tiveron que listar en procura de mellor acougo. E falto a excep-

ción de Mario Couceiro. que en Ferrol viu a luz e en Ferrol seque. inamovible, coma os magnolios do Cantón de Molíns, se é que aínda non os chimparon abaixo.

Ora, quixera dicir que aquel Instituto tiña. en xeral, un bo profesorado. E mesmo os profesores de política (un dos manuais da Editorial Doncel. escolma de textos literarios. viña asinado polo propio Torrente Ballester). agás un auténtico fascista segoviano, podían pasar. Non. Agora recordo a un individuo manco chamado Calderón (profesor da denominada Formación del Espíritu Nacional) que dera na curiosa manía de zorregarlle nos cotobelos co borrador tios rapaces que. ao entrar el na clase, estivesemos apuntados na pizarra polo delegado. Un día, crecido no castigo. propináralle a un alumno tal malleira que debeu haber queixas. porque o manco desapareceu. primeiro do noso curso, e logo do Instituto. Pero o resto do claustro era decente. asisado e bastante científico. E creo que, polo menos, a formación humanística resultaba completa. Falo. naturalmente, en comparación co que adoitaba circular por outros centros da época.

A Ferrol definiuno certeiramente Wenceslao Fernández Flórez co título dunha novela súa, *La procesión de los días*, de temática, precisamente. ferrolá. Fernández Flórez botou unha tempada en Ferrol, onde dirixia o *Diario Ferrolano*. Aburridos deberon ser os seus días na miña vila-cidade, pois a súa novela reflecte fastío *e* nugalla en todas as súas páxinas. Nós, os que 'no 66 tiñamos quince ou dezaseis anos levabamos unha vida rutineira, aliviada polos "guateques" dos domingos (música de Los Brincos, Pekenikes. Beatles, Herp Albert. Christopher. Pino Donaggio, Paul Mauriat), as funcións do Teatro Estudio (Alfredo Osset *e* Loló Pérez Linos de animadores), as sesións do Cine-Club ( un tipo alporizado nun coloquio foi e dixo despois da proxección de *Un chien andalou:* "isto é unha burla, sonde está o can?. ¿,u-lo andaluz?") nas que ollabamos admirados a sutileza de Visconti, a sabedoría de Huston, os silencios de Agnes Varda. Pero tamén estaban os cines sen nada de clubes e moito de erotismo, o erotismo e as risadas da pantalla grande: Brigitte Bardot no Cine Callao en *Una parisina.* a Marilyn Monroe de *Niagara* no Jofre, a Natalie

Wood de *Rebelde sin causa* no Cine Avenida e. despois, coma no poema de Martínez Sarrión:

*luego la cena desabrida y fría*
*y los ojos ardiendo como faros.*

Tamén podiamos ir ao Inferniño a ver xogar ao Racing, subir e haixar e volver subir pola rúa Real á procura fugaz dos ollos negros que te engaiolaban e que se chamaban Araceli, a quen Ile escribiches o teu primeiro poema: un acróstico, e desfilar logo en Semana Santa entre ringleiras de capuchóns. Ferrol, coma Cartaxena, ten procesións de Semana Santa importadas pola Mariña, naturalmente, coma as palabras *mota* (moeda de dez céntimos), *plaza* (por mercado). *jilispin* (do full-speed das máquinas), etcétera.

Pero chegaba o bo tempo e a bisbarra ofrecía todas as praias do mundo. E (estas. Entón era o momento dos amores dunha poza, ou de dúas. Festas do Couto, de San Xiao de Narón, do Carme en Neda, de Narahío. de Moeche. Chegar roáis lonxe, se cadra, á sala La Concha, do Val; ao Tres de Oros de Cedeira: ao Seixal en Oleiros. Aquelas orquestras tremwdas. A Lamas-La Piña co seu vocalista Santi Par *(ahora, cuando empiece esta canción, arrimen sus caritas, por favor)* interpretando *El silencio:* a Trébol. cun cantante de tino bigote. Salas, que había morrer atropelado por un tren: Los Playefs, Los Trovadores... Ademais, en Ferrol tiñamos un conxunto. Los Sprintefs, que chegaron a facer algún disco. Miguel (de María Manuela e Miguel) era un dos seus memhros. Aquelas orquestras tremendas eran contemporáneas dos Beatles e dos Rolling Stones, que xa levaban tempo raiándose nos nosos *pick-ups*, nome dado entón ao trebello que hoxe se coñece. como tocadiscos ou xiradiscos.

## EN CAS DE MANTEIGA PEDRARES

Para nós o *pick-up* (ou picú) era sinónimo de guateque. Os guateques no momento actual reciben o nome de (estas. Daquela tamén posuían connotacións festivas acompañados do *cup*, beberaxe vomitiva a partir da súa cuarta ou quinta inxestión, ou a *palo seco*. Pero, claro, os *pick-up* tiñan outros usos ademais:

*(a)* servir de soporte electrónico para que a música da época, maiormente a lenta, puxese a bailar ao persoal. A bailar "agarrado" o que, segundo o Padre Jeremías de las Sagradas Espinas *(Juventud en llamas. El baile moderno.* Bilbao, 1964), era "un exercicio público de lascivia e fornicación, manantial de carnalidades e públicas desvergonzas, encarnación moral dos pobos máis degradados",

e (b) poñer ao seu carón aos invitados/as máis túzaros ou coitados para que alimentasen con discos o voraz prato.

Tamén servían, por exemplo, para que Vicenta, catedrática de Francés do Instituto ferrolán, puxese no tocadiscos da súa propiedade, e fóra de horas de clase, *extended-plays* ( que así se chamaban os microsurcos, palabra ben requintada e superferolítica, de catro cancións), de Georges Brassens. ¡Que de veces escoitamos *Brave Margot, Les copains d' abord, Le 22 de Septembre* aquel grupiño de *humanistas* que queriamos estar *á la page!*

Manteiga Pedrares, catedrático de Filosofía no Instituto Feminino, tiña tamén un *pick-up* na súa casa. E alá Tamos, con frecuencia, durante o curso do 67. Tamos, con Xosé Francisco Pensado, sobriño de Manteiga, Bernardo Máiz, Santiago Eizaguirre e mais eu. Na casa de Manteiga escoi-

tabamos jazz. Tampouco jazz vangardista, senón convencional: Louis Armstrong, Sarah Vaughan, Duke Ellington e. se cadra. os *Play Bach* de Jacques Louissier. Pero Manteiga mostraba, tamén, interese. curiosidade e, ao fin, amor pola cultura galega. cousa certamente exótica no Ferrol do curso 66-67. E non porque non existisen as famosas condicións obxectivas. A miña vila-cidade está rodeada de núcleos galego-falantes. O que pase no casco urbano xa é outra historia. Pero non porque nel a xentiña fale un castelán exquisito. O castelán de Ferrol é un híbrido penoso (ou pavero, depende da perspectiva) de galego e español, gaditano e cartaxeneiro. Tamén o inglés, non o de hoxe, senón o do tempo da Constructora Naval. deixou as súas pegadas. E non sigo con esta digresión. que igual non ven moito a conto. ,Recoméndolle ao curioso lector os estudios que sobre o tema leva feitos. dictados en conferencia e publicados Mario Couceiro.

Así que naquel ambiente. onde o galego era cousa de pailáns e a noca literatura algo exótico, o único asimilable era Rosalía de Castro. E está por ver que. daquela. alguén lose en Ferrol a Rosalía, pese a que dous dos mellores especialistas na alosa poeta sexan ferroláns, Carballo Calero e Paco Rodríguez. Como tamén son de Ferrol Aurelio Ribalta, Guerra da Cal. Xohana Torres. aínda que nacese en Compostela. Xavier Alcalá, por máis que veu de terras manchegas. ou Siro López. Pero estas son casualidades. supoño.

Pondal chegáranos da man de Manteiga Pedrares. En concreto, *Queixumes dos pinos*, en fermosa edición sospeito que arxentina. Con anterioridade eu lera a Rosalía e a Curros nunha edición da Editorial Hernando que traía íntegro o xuído que sufrira o de Celanova por causa de " Mirando ó chau". Morbo. pois. engadido para quen. coma min, non sabía da misa a metade. Pero. aos poucos, eu la quedando coa copla de que algo terá a auga cando a benzoan. E que. se en España había unha dictadura, estaba ben claro que en Galicia a dictadura era dobre.

Outro libro que non esquecerei é *Sete poetas galegos.* de Ricardo Carballo Calero. Editorial Galaxia. 1955. que andaba morto de risa pola miña casa. Á parte. tiña ó meu

alcance *Do Sulco,* de Xohana Torres. Xohana era amiga da familia e dela conservo a lembranza dunhas clases de latín alá polo Nadal do 64. Asocio a Xohana co arroz con leite do día da San Xulián —7 de xaneiro— e as consabidas declinacións. Pouco duraron aquelas clases, porque Xohana estaba sempre indo e vindo e falaba dos rete mares como eu podería facelo de Barallobre, Sillobre ou Limodre. Asocio tamén a Xohana con outros libros —máis que grandes, voluminosos, por mor das encadernacións da época— do tipo de *Todo o levou o vento* ou *Adeus ás armas,* cos que ela gasallou á miña tía Felisa.

Xohana era unha muller lanza] e tiña unha certa semellanza coa Francoise Sagan que eu vía no *París Match.* O *París Match* e o *Blanco y Negro* foron durante anos a miña lectura hebdomadaria, pois eran as revistas que entraban na casa. Á segunda débolle o coñecemento de Tintín, que aparecía por entregas. Á primeira unha tremenda erección á saúde de Brigitte Bardot, que xurdía no papel couché recén saída do mar e case que en pirinxolas. Naturalmente estaban tamén *Familia Cristiana, Mundo Negro* ou *El Corazón de Jesús,* pero sen Tintín nin Brigitte Bardot, mágoa fora.

Retomo o fío da cometa e volvo á casa de Manteiga Pedrares un domingo no que este anuncia que en Santiago vai cantar Raimon.

Resulta que Raimon era ben coñecido de todos nós desde que Santiago Eizaguirre aparecera un día cantando " Al vent" aprendido do seu irmán Fernando, oficial de máquinas da Mariña Mercante, quen á súa vez escoitara a canción a un valenciano tripulante do bacaladeiro no que ambos traballaban. Logo, nunha viaxe a Madrid, eu mercara as *Cancons de la roda del temps* e Xoaquín Lens era propietario das *Cancons d'amor* que, mira por onde, soubemos relacionar con Miguel Hernández, *he sembrado tu cuerpo de amor y sementera,* e con Pablo Neruda, *mi cuerpo de labriego salvaje te socava,* sen que ninguén tivese que ensinarnos "comentarios de textos" nin trapalladas semellantes coas que o Estado ocupa aos desocupados (docentes e discentes). ¡Co fácil que é disfrutar da Literatura sen andadeiras ou muletas!

O cal, que Raimon non era novo para nós. De al que conviñesemos en artellar unha expedición a Compostela. Daquela entrou en xogo Antonio Soto, compañeiro de estudios, quen usufructuaba un vello Chevrolet comprado nunha poxa da Mariña. O Chevrolet fora bautizado por nós co pomposo nome de capitoné. Pomposo e falso, porque un capitoné é outra cousa. O caso é que, o día do recital, o pseudocapitoné non deu pasado de Betanzos, lugar entón inescusable para ir de Ferrol a Compostela. Non sei que faría Antonio Soto, home varudo que adoitaba cubrirse cunha capa, co Chevrolet aquel, pero nunca chegamos a Compostela. Polo menos aquela tarde en que cantaba Raimon no Estadio da Residencia.

Como consolo, Manteiga —quen si estivera— trouxo con el varios dos cancioneiros, moi dignamente feitos, moi ben presentados, con textos do de Xátiva vertidos ao galego por Carlos Casares e Salvador García-Bodaño. E un poema--introducción de Manuel María. Desta maneira dabamos un paso máis a prol do noso auto-orgullo como galegos e sabiamos de tres poetas galegos "modernos". Porque Xohana Torres, xa quedou dito, era como da familia. O que, daquela, non servía de referencia. Hoxe si, claro, despois de ter gozado durante 'anos da poesía de Xohana, unha das máis limpas e reflexivas de entre as que se fan neste país.

Pero así como Ferrol seguía a ser un ermo, na bisbarra algo fervía. Ese mesmo mes de maio foramos a Fene o Día das Letras Galegas, adicado entón a Curros Enríquez. Xa nin recordo os oradores, agás o descoñecido, fóra de Ferrolterra, e poeta absolutamente digno de mención Xosemaría Pérez Parallé. Xa digo que non recordo os oradores, pero si que o ton do que alí se dixo tivo un aquel ben revulsivo para o grupo de rapaces que á casa de Manteiga Pedrares ían escoitar jazz e saían oíndo ou sentindo (vallan os dous significados esenciais do verbo) Galicia.

## *A SANTIAGO VOY*

Quedaramos, entón, en que Santiago era unha referencia lonxana e un punto mítica para nós, mide podía acontecer que Raimon cantara, e que, en todo caso, connotaba Universidade. E estas xa eran palabras maiores. Hoxe, coa descentralización universitaria, case que tanto ten estudiar nun sitio ou noutro. Agás que falemos de certas Universidades que, por certo, non están en España. Pero, daquela, Santiago aínda era Santiago. Ou sexa, o centro cultural de Galicia; o lugar obrigado cando a formación que recibías no teu lugar de orixe tocaba fondo. E, de todas todas, a cita inescusable para convalidar os estudios medios coas " probas de acceso á Universidade".

Neses meses da primavera do 67 estaban de moda Los Tamara (o artigo determinado galego viría bastante despois). E non soamente en Galicia. De feito, a primeira vez que escoitei *A Santiago voy ligerito, caminando,* foi en Salamanca, nun club ben ruin, durante unha viaxe de "estudios" alá pola Semana Santa dese ano, nunha desas viaxes que continúan facéndose —sen nada de académicas— a xeito de parodia daquelas excursións docentes da Institución Libre de Enseñanza ou centros semellantes. Pois ben, en Salamanca batín coa inefable canción que habería de acompañarnos, teimosa, durante o resto do ano. Los Tamara, por certo, foron os primeiros que entraron a saco nos poemas de Rosalía, Curros e Añón, preludiando moito do que se nos viña enriba. E, simultaneamente, versionaban *hits* italianos ou británicos, cantaban cumbias, o mesmo que, se cadra, interpretaban "Zorba o grego" con Pucho Boedo

facendo os pasos de *sirtaki*. Simpático tipo este Pucho Boedo a quen había coñecer en Madrid anos despois, cando eu andaba xa no invento da canción-protesta, ao tempo que a un calé, pobre coma unha rata e fraco coma un faquir, que no futuro resultaría ser o hoxe famoso Camarón de la Isla.

Recordo que o Camarón, e aínda máis o seu *manager*, un fulano cun tremendo "ramalazo'', fixéranos moita gracia a Bibiano e mais a min. O que di moi pouco a favor do nono ollo clínico. E non polo *manager* precisamente, mostra de certo mundo "voador" que circula pola canción lixeira.

Así que con música de fondo de Los Tamara, (se digo que tarareabamos unha canción de The Rolling Stones mentiría) subimos ao vehículo que agardaba por nós na estación de Ferrol. Un tren veterano, longo, de madeira, con plataformas semellantes ás dos convois do Oeste, e que tardaba catro ou cinco horas en chegar a Compostela logo dun bucólico discorrer pola campiña galega. A mesma que haberían de cantar en anos sucesivos Los Tamara e os seus curmáns, Ana Kiro, Xil Ríos, Bernardo Xosé, Manolo Mirás, Juan Pardo, e que para nós era unha aproximación xeográfica e memorizada —e nunca ou case nunca vista—a través do libro de *Comarcas e cidades*. Entón a xentiña viaxaba, pouco. Ou, coma no conto, viaxaban sempre os mesmos. (Diante de non sei que escritor alguén comentou: "O malo de España é que se fode pouco". E o home de pluma, rápido, respostou: "Non, señor, non é que se foda pouco, é que sempre fodemos os mesmos".) Por iso o pintoresquismo e a roña do tren que nos levaba a Compostela.

Naturalmente non esquezo o viaxados que estaban os emigrantes, pero aquí estou a falar de periplos de pracer, amigo purista. Tamén viaxaban os feirantes, e os artistas de *varietés*, e os futbolistas, ¿e que?

Compostela admite a chegada e dificilmente a saída. Se cadra en xullo e agosto sexa menos tratable, pero en xuño hai poucas cidades que poidan superala. O ceo se non está cuberto —e en xuño adoita brillar o sol— é unha marabi-

lla. Non é, de certo, o azul de Ávila, nin sequera o levantino, pero sabe a gloria. Mesmo no aire hai un cheiriño a campo como non existe en ningunha outra vila ou cidade de Galicia. Logo está a explosión dionisíaca que chouta por rúas e ruelas. E tamén a desmesura, a elegancia, a sinxeleza, a cortesía que contaxia a quen vén do mar e sabe pouco de pedras, agás de cons ou avenidas tiradas con cartabón e escuadra.

Chegamos a Compostela e fomos bater case de fronte co Edificio Castromil (interesante mostra modernista derrubada para facer unha praza que non vale un patacón) e can hotel –o Argentina– recén queimado. O Argentina acababa de arder por causa dun estudiante peneque. Sei o nome do pirómano dipsomaníaco e mesmo admirei os ollos verdes dunha súa irmá; pero, agora, ¿que máis ten? O caso é que durmir no Argentina, por mor da circunstancia, estaba rebaixado de prezo. Durmir, claro, nas habitacións que ficaran en pé e que eran máis baratas en relación directa coa altura dos pisos, pois os inferiores foran os menos danados polas chamas que provocara o forniño do estudiante que adoitaba coller *peteneras*.

Compostela, para os recén chegados. era unha esmorga continua da que algún nunca se recuperou. Primeiras intoxicacións etílicas; súpetas desaparicións no Pombal; fotos de televisor ou corazóns cun lema, *jamás te olvidaré,* na Ferradura; partidas de naipes ou dados; amores de estudiante, coma no fado de Parada de Oliveira; un asombro no Pórtico da Gloria; unha vertixe ollando para a bóveda de San Martirio Pinario; A Casa da Troia, A Casa da Collona. E logo, xa de volta, no tren veterano, longo, de madeira, a certeza de que Ferrol era unha libra de chocolate incapaz de conter no seu interior o mundo. Ao revés que Compostela.

Con todo, co tempo, haberías de amar a Ferrol con tanta paixón que tiveches que enxugar furtivamente unha bágoa. (Foi naquel teatro de Madrid. no Teatro Espronceda, vendo unha obra de Jaime Salom, *El corto vuelo del gallo*. Seguramente non era unha marabilla. O argumento, centrábase na vida do pai de Franco, aquel vello contador da Armada que, escandalizando á pacata socie-

dade ferrolá da época, viñera para Madrid coa criada abandonando muller e filos. Na obra de Salom, mágoa fora, o vello Nicolás Franco fai de heroe idealista, á par de Ramón —o Franco aviador— e, naturalmente, a criada. Os contraheroes son os outros fallos, Nicolás, Francisco e Pilar. Non foi o argumento, de certo, senón a atmosfera ferrolá que Jaime Salom soubo plasmar a que alterou o teu corazón facendo que tiveses que enxugar, furtivamente, unha bágoa. Atmosfera ferrolá pechada coma unha lapa que entón mudaches, primeiro por Compostela, despois por outros lugares.)

Rematado o "Preu" había que optar por unha carreira universitaria. Nós, os que ata agora estamos no escenario deste memorial, eramos todos de Letras. Ningún quería facer Dereito. Logo a única posibilidade era Filosofía e Letras. A miña idea primitiva era vir a Madrid a facer Xornalismo. Unha noite enteira de discusión con meu pai coutou a posibilidade. Meu pai, testán, rexeitou financiar tales estudios, co que propiciaría a miña vida por outras derrotas que me levaron a coller os trens puntuáis nos momentos pre$_{f}$cisos. E deles síntome orgulloso. Ás veces hai intres nunha vida que xustifican esta. Non é que eu pense que algo tan absurdo ou arbitrario como é a vida precise de xustificación; pero, vaia, si de un motivo para vivila. E eu, destes, tiven cando menos unha media ducia, que apareceron diante de min cando estaba coas mans abertas para apañalos: en Compostela no curso 67-68 —período clave no movemento universitario, mundial e galego— na Facultade de Medicina, collado (ou collado *por)* dunha guitarra o 26 de abril; en Glasgow, no *pub* The Rock, en novembro do 72, cando ao chou (tivo que ser alí) escribín o meu primeiro poema, non letra de canción, que orixinaría *Paisaxe de Glasgow;* e unha serie de sucesos máis, que viñeron ensarillados coma rabos de cereixas a partir da noite en que meu pai tallou a discusión cun: *Nada de Madrid A Santiago.*

## O VERÁN DO 67

Agora, entre Ferrol e Compostela, aparece Vigo. Vigo, case que por primeira vez, cos derradeiros tranvías e o camping de Samil, coma unha promesa. Baixar Galicia verticalmente á busca do éxtase. A praia de Samil, chea de fanecas bravas que trababan ao chou nos pés dos bañistas. A praia grande ao sol do sur de Galicia. E o camping, bautismo de inocentes, audacias estranxeiras contra do gris local. Belgas, holandesas, francesas e inglesas postas a secar ao sol para pasto de vigueses conquistadores. E tamén as familias de Vigo que pasaban o verán en Samil con tendas grandes, onde mesmo a criada dispoñía de apousento.

A nosa tenda –en troques– era azul e cativa. Tanto que nin tiña dobre teito, e ese verán de iniciación vendémola en duascentas pesetas, para acabar durmindo no chan, puro e duro, do camping de Samil.

Un dos campistas máis curiosos era un tal Henrique Madureira, rapazote portugués residente en París e fuxido da *conscripción* existente no seu país, que pretendía levalo á guerra colonial. O Madureira chegando o verán atopábase cos seus pais no camping de marras. Sospeito que a Henrique (porque aos pais saltaba á vista) o único que o amolaba do salazarismo era que obrigase aos seus acólitos novos a facer a guerra. Estar preto de Portugal ou non, traíao ao fresco. Cando catro anos máis tarde souben por Manolo López, *O avogado*, da reacción emocional de Luís Cília ao ver dende esta beira da ponte internacional a terra portuguesa, non puiden por menos que lembrar a Henri-

que Madureira, quen, seguramente sen coñecer ao Dr. Johnson, tamén pensaba que o patriotismo é o derradeiro refuxio dos galopíns.

Pero no ínterim, Madureira era o abraio do camping á hora de ligar. Nós ollabamos pasmados o seu voo de falcón antes de caer na *boite* sobre as irmás francesas Monique e Anne Marie, amor platónico de bastantes campistas, en rito iniciático ou non. Un de nós acabou nos brazos dunha inglesa, grande coma un cabalo e con nome de mes cruel de T. S. Eliot. Outro fixo o propio cunha alemana de Bremen, alta e maternal. O terceiro limitouse a mirar como unha vaga deixaba sen a braga do bikini a Anne Marie na praia de Samil.

Se isto que estou a escribir fose unha *bildungsroman* ou unha novela picaresca, o seguinte paso sería subir de polisóns a un barco que nos levase a Madagascar (daquela non se falaba das Mas Seychelles) ou a Terranova. Como é o sinxelo memorial dunha aprendizaxe cativa, non houbo máis alternativa que entrar en Portugal. Que máis quixera eu que ter pasado de Ferrol a Canadá, ou a París, como fixeron o *Príncipe Gálín* ou Juanjo de la Peña. Pero, tal como estaban as cousas, soamente tiñamos opción de facer unha cala en terral portuguesas, como se verá no vindeiro capítulo.

Dígase, de momento, que rematadas as vacacións iniciáticas e malvendida (en duascentas pesetas, xa queda dito) a tenda de campaña azul, desfixemos o andado nun tren tan imposible coma o de Andrés Do Barro. O famoso tren de Do Barro, por ceno, recibiu definitiva sepultura coa versión que del fixeron os *gamberros* de Siniestro Total. O que de Vigo empurrou de nós cara a Ferrol —un ferrobús— debe de estar nalgún cemiterio de tranvías e trens bos. Eu, de vez en cando, aínda sintonizo con eles. Será cousa do meu espirito ás claras ferroviario e tranviario.

De volta, en Xuvia, porque era verán (os longuísimos veráns de catro meses en Xuvia, no remate dun dos cales nacín eu) argallamos unha especie de conxunto pop. A iniciativa fora propiciada por Manolo Lobeiras (guitarra solista e de acompañamento), Eduardo Cadenas (baixo) e o seu irmán Nacho (á batería). Naceu como prolongación

dunhas actividades teatrais que deran como resultado a posta en escena de *Melocotón en almíbar.* dirixida por Juan Antonio Cadenas, irmán maior dos anteriores.

Este Cadenas era un tipo inquedo e bulidor, poeta, pintor, guionista, que hoxe Pica esvaído nalgún faiado dos que, espero, teñan billete de volta. Pero, en fin, naquel verán os faiados estaban moi lonxe e o mundo era unha grande empanada disposta diante de nós.

As dúas representacións de *Melocotón en almíbar* foron unha chea de risas, sobre todo á saúde da actriz que facía de monxa, que era xorda, o que descompasaba intervencións e réplicas. Tamén daba risa, non sei por que, que a devandita actriz fose filia dun garda civil. Daquela seica os gardas civís daban risa (e medo). Hoxe xa non. Eu non sei se escoller a unha xorda para que protagonizase a obra de Mihura foi con segundas intencións. Si que as houbo na elección como Miss Xuvia dunha rapaza tremendamente fea.

A cousa ocorreu no Circo Mercantil da miña "aldea" ( emprego esta palabra á maneira de Pessoa ou Torrente e non no senso abusivo que en Ferrol recibe o termo). Bastantes dos asistentes, entonados polas libacións e, xa que a elección se facía entre o público, demos en votar á rapaza máis fea da bisbarra quen, abraiada, recolleu flores e galanos. Foi un acto cruel que, pois que falamos de teatro, tivo unha semellanza inconsciente coa obra de Arniches *La señorita de Trevélez*.

Pero volvendo ao conxunto pop, que nunca chegou a ter nome e fixo a súa curta andaina á sombra de Los Pasos, Lone Star e Micky y los Tonys (é dicir, picando cancións destes tres grupos *e* algún outro), digamos que deu o adeus na casa dos Rivero. Estes vellos e queridos amigos posúen, probablemente, a residencia máis señorial da terra de Xuvia. No patio, empedrado con grandes laxes, montaramos un palco no que actuou o anónimo conxunto.

Eu medio andara canfurnando con eles, pero tiña cenos barruntos de que a canción pop estaba ben para divertirse, para darlle *marcha* ao corpo, (palabra que, naturalmente, no ano 67 non existía co senso que hoxe ten), pero pouco máis. Prefería o xénero folk. E por alí andaban Raimon,

Antoine –quen logo resultaría ser un auténtico caralletas- ou Dylan, ó que, curiosamente, coñecera de primeiras na segunda etapa, é dicir, xa electrificado. En fin, que mentres uns andaban enredando co pop, eu la ensaiando con Santi Dobarro (irmán de Xosé María *Morito*, a quen chamabamos vaia saber por que, *Platanito*, pois non tiña nada que ver co toureiro de efémera moda e idéntico alcume) dúas ou tres cancións. O Santi tocaba con xeito a guitarra. Eu, malamente. En fin, que entre versións adulteradas de "La gallina", "Vuelve Sloopy" ou "Tiempos felices", subimos ao escenario e botamos "Comunión" (unha canción miña) e " As tribulacións de Antoine" (o texto adaptado ao noso país). A cousa causou sorpresa. Un veraneante cantando en galego e, ademais, cancións protesta. Non era nada ortodoxo. Pasado o primeiro abraio, o persoal seguiu bailando ao ritmo de Los Brincos e Johnny Halliday, procedentes como é natural do consabido *pick-up*, tomando canapés e *cup*, ou metendo man baixo dos dobremente centenarios magnolios.

Aquela noite aínda tivemos folgos os "desvencellados", ou derradeiros restos do guateque, de ir dar unha serenata á Mourela. Non Creo que entón. no Campo da Feira, cantasemos "Comunión" nin "As tribulacións de Antoine" a aquelas dúas rapazas de ollos verdes unha e azuis a outra. Máis ben as estrofas de "Ansiedad", versión e acento aproximadamente Nat King Cole:

*Tal vez estés llorando al recordarme*
*y estreches mi retrato con frenesí...*

Acento e versión, pois, azucrados. E logo, xa de volta na lancha dos engados, Compostela, como outra partida a Citerea. Soamente que Compostela aparecía agora albiscada con ollos folk e, xa nunca máis, con ollos pop. O outro camiño.

# AY, *PORTUGAL, ¿POR QUÉ TE QUIERO TANTO?*

Entrar en Portugal en Agosto do 67 non era tan doado coma hoxe. Facía falta pasaporte e, xa que o escudo valía o triple, bastante máis diñeiro. Ademais, a policía de fronteiras indagaba os motivos da visita. Polo menos os daqueles dous individuos —o Skipper e mais eu— que podiamos ir a calquera cousa menos a deixar divisas. (O Skipper é hoxe coñecido no mundiño literario galego como Bernardo Máiz e no Seixo de Mugardos segue a facer, meticuloso, o reconto dos últimos anos escuros da historia do nono país.)

Tampouco é que tivesemos moi mala pinta. Pero, aos ollos dos *guardinhas* non eramos turistas *comme il faut* aínda que non entrasemos tampouco (ique máis quixeramos!) na categoría de *beatniks. Hippies* non, que eran demasiado folclóricos ou caralláns. Nós queriamos ser *beatniks,* coma aqueles que viramos na Semana Santa anterior na Cervexería Alemana da Praza de Santa Ana, en Madrid, entre carteis taurinos e á beira de veladores de mármore. Naturalmente, non coñeciamos a Kerouac nin polo forro. E Ginsberg, Ken Kessey, Corso, Ferlinghetti aínda non desprazaran das nosas lecturas románticas a Bécquer. o Duque de Rivas ou, no mellor dos casos, Shelley ou Byron. Pero aos ollos dos *guardinhas* non eramos nin turistas de verdade nin *beatniks*. Se cadra un híbrido entre un neno ben e un cigano, valla esta concesión lusista, porque agora estamos en Portugal e o norte de Portugal, daquela, fervía de ciganos, moinantes e malteses. Xa coñecedes a canción de José Afonso: "Chamáranme un día cigano e maltés".

A propósito dos *guardinhas* cómpre dicir que, se a dictadura española era noxenta, o que se pode facer extensivo aos seus corpos represivos, a portuguesa era o *desideratum* de aquela. O caso Humberto Delgado, co abandono do corpo do xeneral por parte dos PIDE en territorio español, é soamente unha mostra do seu cinismo. E se os tipos da PIDE eran corruptos e amorais, os *guardinhas* viñan sendo a faciana visible destas virtudes. De al que, por se as moscas, andaremos con ollo con semellantes servidores da orde lusa. Estes homes, igual cós nosos gardas civís, co seu aspecto fachendoso e estrafalario, movían á risa. Pero tamén daban medo.

O pobo portugués, mágoa fora, era exemplo de silencio e discreción. A xente da rúa non falaba de política e, na maioría dos casos, rexeitaba alporizada o tema. Poño un caso: o conductor aquel que, pasando por Moledo, fixo que baixasemos a fume de carozo do seu coche, todo por un comentario verbo de Antonio Oliveira Salazar. O tipo botou unha furiosa perorata e rematou coa invitación a deixar o vehículo, cun frenético *embora.*

Pouco ou nada sabiamos de Portugal ao entrar nel unha quincena„ Moi pouco dos seus costumes e do seu idioma, case nada da súa música, literatura ou arte (porque a viaxe que fixeramos o curso anterior co Instituto a Porto, Fátima, Coimbra, Nazaré, Lisboa fora de "estudios" e xa dixen páxinas atrás o que agacha tan solemne denominación: un enfoque cultural nefasto). Non obstante, volvemos cheos de hábitos, xentes, ideas e paisaxes, sobre todo paisaxes: o norte de Portugal, baixando pegados á costa, a pé, en autobús, *de boleta,* Caminha, Áncora, Moledo, Viana, Porto co inmenso camping de Matosinhos, volvendo despois por estradas cativas e umbrías en camionetas cheas de *camponeses* dispostos a compartir o almorzo, vía Braga e BaNelos, ata retomar en Viana a estrada que morría en Valeno. Xa dixen que iamos a Portugal como quen se inicia e co peto baleiro. Hoxe, co escudo baixo e as fronteiras case inexistentes, os españois van ao país veciño a comprar, a comer e a beber. E supoño que a ver que cousa son eses seres exóticos chamados portugueses, que aquí veñen facer os traballos que ninguén quere. Turis-

tas ben noxentos aos que é fácil evitar arredándote das vilas fronteirizas, cos seus supermercados *Pagapouco,* ou das Baixas das cidades tipo Lisboa ou Coímbra. En Lisboa, de Chiado para arriba, tampouco atoparás tan pouco falagadora compañía. Quedarán todos abaixo, orgullosos de ver como lles falan en español.

Logo están aqueles galegos (e algún que outro español, maiormente pessoano) que foron por primeira vez a Portugal coa copla ben aprendida, que dominan a lingua, a literatura, a arte, a xeografía, e que descobren, alporizados, que todo iso ao portugués común tráeo ao fresco. E que, en fin, en canto se descoide alí estará o seu irmán ou curmán luso tentando emprender a leria... ien castelán!. E deixo de lado, adrede, aos galegos "compradores" porque eses son tan españois coma un de Navalcarnero.

O caso é que Skipper e mais eu foramos a Portugal coma quen vai á festa dunha vila. Coas roupas de cotío e poucos pesos no peto. Non quero dicir que viaxabamos de gañote nin que a nosa natureza fose coreña. Non. Fomos co que tiñamos e volvemos rufos e contentos, e agradecidos á hospitalidade popular portuguesa. E se o amor á lusa entraba nos nosos plans iniciáticos, quedamos como estabamos, porque as rapazas portuguesas, alá polo verán do 67, non apareceron por ningures. Homes, homes e homes nas prazas, nas praias, nos bares, nas rúas. E, cando de súpeto batemos en Porto coas nosas vellas coñecidas April e Barbara na plataforma dun *eléctrico,* ambas as dúas optaron por marchar cun par de galáns portugueses propietarios dun Mini Cooper. E nós, tal na canción de Brassens, na nosa tenda de campaña coma un par de mamalóns. Coma un par de mamalóns.

Agora engadirei que eu, coma tantos galegos, teño unha débeda grande con Portugal. Unha débeda que, persoalmente, só podo comparar coa que contraín con Irlanda e Escocia. Porque foi nestes países onde sintonicei coa paisanaxe e a cultura do xeito máis gratificante. A miña xeración recibiu folgos portugueses antes e despois do 25 de abril. Primeiro, con aqueles cantantes que viñan a Compostela brindando liberdade nas Búas cancións. Falo, naturalmente, de José Afonso *e* Luís Cília, pero tamén dos

menos coñecidos Manuel Freire e o Padre Fanhais. Logo virían Vitorino e Fausto. E despois, coas lecturas: Eca de Queiroz cegoume ata deixar pequenos a Pérez Galdós e á Pardo Bazán; e Filinto Elísio, Anthero de Quental, Antonio Botto, Pessoa, Miguel Torga, Manuel Alegre, Jorge de Sena. Despois, en fin, o estoupido da *revolucdo dos cravos* alentando a proseguir na loita. Caera o fascismo portugués e, xa que logo, aquí tamén era posible. Aquela foto tremenda do PIDE, forte coma un carballo e en calzóns, cacheado na rúa por un soldado. Os asomes: Spínola, Saraiva de Carvalho, Melo Antúnes, Rosa Coutinho. E as novas da prensa reaccionaria falando de coches con matrícula española violentados en Valeno.

Pero eu, como símbolo de todo aquilo (do erguerse do país das marabillas), prefiro, pois aquí estou falando de canción sobre todo, poñer unha vez máis unha casete que merquei en Portugal nun bar de estrada: "O fado neto é fascista". Escrito e cantado por Fernando Farinha. Claro que o fado nunca foi fascista. Nin sequera o de Amália, a quen haberá que reivindicar de veras algún día. Penso nisto esta tarde de calor madrileña e abafante en que retomo as miñas saudades portuguesas. Boto de menos a brancura de evora, Beja e Portalegre. O mar, verde en Faro e gris en Sagres. O florecer das laranxeiras, limoeiros e tanxerinos na Serra da Estrela. Non, o fado que canta Fernando Farinha non é fascista. ¿Como la selo? ¿Como puideron facernos crer iso durante tantos anos? Era contra da grande mentira colectiva ibérica contra o que loitabamos unidos, que cantabamos unidos. Pero se coreabamos a Afonso, Cilia, Freire, Fanhais, Fausto, Vitorino..., faltaba por saber a verdade elemental: que nin o fado, nin Portugal, nin Galicia, nin España foran nunca fascistas. Que os fascistas eran outros.

## TEMPO DE COMPOSTELA

Tomo prestado para encabezar este capítulo o título dun dos escasísimos libros de Salvador García-Bodaño. O Salvador, ademais de ser un dos nosos poetas máis interesantes e quen mellor soubo levar ao poema o engado, o feitizo da pedra e a humidade compostelá, foi compañeiro e amigo —nas rúas, nas tabernas, no seu piso do Preguntoiro— da miña xeración. Por iso ten sitio obrigado neste libro. De momento quede constancia do apropiamento pola miña parte, espero que debido, do título do seu segundo libro.

Compostela, hai vinte anos, tiña moi pouco que ver coa actual; se facemos omisión, claro está, do casco vello. O ensanche aínda non acadara a catástrofe estética e urbana de hoxe. O estudiantado oficial non pasaba da cifra de catro mil. Os santiagueses eran xente de "toda a vida", con abundancia de sectores populares mesturándose cos estudiantes, todo o cal contribuía a facer a cidade máis habitable.

Ora, no terreo político-cultural, a Compostela dos 60 estaba entre A Casa da Troia e A Casa da Collona. Unha Universidade pobre en recursos, con moi deficiente profesorado e altamente "folclorizada". Un estudiantado máis proclive a tunas, esmorgas pombalianas, tés-bailes ca a outras actividades menos, diríamos, "frívolas" (ollo coas comiñas do adxectivo). Un ambiente político, en fin, nefasto e que, probablemente, poñía a Santiago á cola das universidades españolas da época. Si, de certo que a Compostela dos tempos da dictadura de Primo de Rivera e II Repú-

blica, por non dicir os máis arcaicos do Banquete de Conxo, estaba ben lonxe. Pero o ano 67 tivo lugar o recital de Raimon e, ao seu abeiro, houbo pancartas e inicios de mobilizacións, demostrativos de que, ao fin, algo estaba mudando.

Os estudiantes, daquela, vivían en pensións, colexios maiores e casas de familia. Aínda non chegara a eclosión dos pisos que, iniciada timidamente no curso 68-69, resultaría imparable. Mudaron, como é lóxico, os hábitos sexuais dos estudiantes, quen, así as cousas, comezaron a empregar unha expresión bastante *cursi* que, ata entón, soamente valía para "cortexar". Falo, por suposto, de "facer o amor". Os tempos de verdade estaban mudando. A revolución que se la producir na segunda metade da década dos sesenta implicaba tamén a liberdade sexual. E en Santiago os pisos xogaron o seu papel. Con anterioridade só existía un piso de estudiantes, propiedade dunhas tías de Inocencio Pereira na rúa da Caldeirería, coñecido significativamente como "A Comuna".

O Pombal, no ínterim, seguía cumprindo o seu labor " hixiénico" para os varóns. Máis sinistro cós barrios de putas *ad usum*, espallaba a súa estructura de casas baixas entre a Ferradura e a cidade monumental. Alí exercía de raíña *Blanquita*, entre un público, normalmente bébedo, de menestrais e estudiantes e, sospeito, algún que outro crego disfrazado. Isto, que semella un tanto decimonónico, ocorría, por exemplo, no verán do 68. Unha noite en que V.L. deu en invitar *a polvos* ás amizades pois estaba de aniversario. Ou cando M., despois dun coito laborioso dada a *petenera* que con el traía, caeu nun pozo negro do pombaliano barrio —que pouco de pombas, canto de avetardas tiñan aquelas damas— e chegou fedento á pensión que habitabamos na rúa da Fonte de San Antonio. Ou cando eu mesmo degustei, nun lupanar daqueles, unha sopa acompañada de kas de limón sen que ninguén, heteras, macarras ou parroquianos, mostrase a mínima sorpresa diante do inofensivo capricho.

Dicía que os estudiantes adoitaban parar en pensións, un tanto lóbregas e carentes de comodidades no caso dos rapaces, mellor equipadas se se trataba de *señoritas*, tal o

famoso Hostal Suriña, ou en colexios maiores. Entre os femininos estaban o das monxas de Cluny, o da Virxe do Portal (do Movemento) ou o Pilar, o único "progre" dos do seu xénero. Os homes ocupaban A Estila (Opus Dei, e tan asexuado que os residentes tiñan mesmo prohibido dirixirse ás camareiras), o San Clemente (ao que volverei Tiñas adiante), o Franco e o San Agustín (xesuítas, do que falarei de vagar, pois nel botei o meu primeiro ano santiagués).

O San Clemente, situado no campus universitario, tiña triste fama polas brutais novatadas. Os recen chegados —coñecidos como futricas— sufrían verdadeiros malos tratos, moi ao xeito do réxime fascista imperante. Unha das *futricadas* consistía en pasear aos novatos, co pelo cortado ao cero e envoltos en sabas pola noite compostelá, obrigándoos a pedir iauga! cando pasaban xunto dos colexios maiores femininos. Outra, en pintar os testículos dos neófitos con pintura plástica, consonte as cores do seu equipo de fútbol favorito. Así, se o novato era barcelonista, ficaba cun collón vermello e outro azul. Outra gracia pasaba por introducir unha chea de novatos nun retrete individual, e carente de teito, botando cal pola abertura. Outra máis, e remato, consistía en facer saltar ao recen incorporado (quen tiña os ollos cegados cunha venda) desde un entrechán despois de facerlle crer que, por exemplo, estaba nun segundo piso. Todo, como se verá, moi "simpático", e moi ilustrativo da circunstancia política.

No San Agustín, en troques, non existían as novatadas, agás unha especie de arremedo absolutamente irrelevante. O que si tiña era un director, especie de túzaro, xesuítico no senso exacto da palabra, cun inmenso bandullo e unha sotana ao xeito do dómine Cabra. Aquel mangallón semeliaba fuxido dalgunha páxina de Quevedo. Taimado, coma a orde sacerdotal á que pertencí a, posuía un exército de chivatos que de moita utilidade lle foron no conflictivo curso 67-68. Polo demais, as entradas e saídas no C.M. San Agustín contaban cun rigoroso control. Ás 10 da noite era a hora de recollida.

Con todo, no devandito colexio tiven a fortuna de coincidir ese ano con elementos como Fernando Martínez Randulfe, Xerardo Moscoso, Pepe Mora, Antonio (logo

Antón) Seoane, o propio Bernardo Máiz, Ermelindo Portela, Vicente Irisarri, Armesto, Pedro Luaces, que fixeron moito máis grata a estancia á sombra da sotana do fellinesco Brandariz. O que tivo menos gracia foi o compañeiro con quen tiven que compartir habitación. Era un homiño estrafalario e pintoresco procedente de Vigo, de quen gardarei para mellor ocasión as numerosas anécdotas que, involuntariamente, fun recollendo. Direi de entrada que este rapaz, chamado Isaac Ángel, gañou hai un par de anos o Premio Blanco Amor cunha novela alucinante titulada *O sorriso de Gardel*. Para quen queira coñecer a personalidade do meu tal compañeiro de cuarto, abondará con que lea a lapela introductoria ao libro. Pedirlle que lea o libro enteiro sería un consello envelenado pola miña parte. O que si lle debo a Isaac Ángel, ademais de material narrativo absolutamente inédito, é o coñecemento de Pepe Álvarez Cáccamo. O Cáccamo non o recorda, pero eu teño ben fixada na mente a primeira vez que falei con el. Lugar: o San Agustín. Introductor: o Isaac Ángel, que con el viñera.

Entre os acólitos de Brandariz figuraba un estudiante apelidado Fagilde, de asombrosa semellanza con Roscoe Arbuckle, o *Fatty* das películas mudas. O tal Fagilde era o principal díxome-díxome do discípulo de Iñigo de Loyola. Tamén circulaba polo San Agustín un confidente do SIM ( Servicio de Información Militar), chamado igual có maior represor en Pontevedra cando a Guerra Civil. Pero o confidente era tan inútil, ou estaba tan pouco compenetrado con Brandariz, que foi expulsado do colexio pouco antes de que rematase o curso. Ou sexa, que tivo que facer as maletas con anterioridade a Randulfe, Moscoso, Mora, Skipper, Guitián ou eu mesmo, que tivemos que pillar o portante pouco despois.

¿E as bebedeiras? Si, señor. En Compostela había (como en case todo o norte) abondo onde facelo ata caer polo chan. O que nunca ocorría, porque Santiago sempre soubo de *peteneras* dignas nas que o borracho mantiña o equilibro dentro de límites insospeitados. Porque o ritmo alcólico era vertixinoso e teimudo. Os viños de antes de xantar, os do almorzo, o café (máis ben copa) de despois, os viños

anteriores á cea, os combinados posteriores, e así sucesivamente. ¿Onde? Na rúa do Franco: o 42 (co grave Alfredo), o Formigo (dono mal encarado), o Ribadavia... Estes para tomar viños. Copas e combinados: no Gaiola, no Maycar, no Royal. Para cafés en plan "decadente": o Derby ou o Avenida. E xa metidos na esmorga, os diferentes *clubes* e *boites* que ofrecía a noite compostelá. Durante o curso 67-68: o Buho, os baixos do Gaiola e Las Brujas.

O Buho estaba ubicado nas Galerías Viacambre. Tiña fama de barato e de que, no seu interior, caían con facilidade as labazadas. Ou sexa, que as rapazas "ben" non querían baixar ao Buho. O Gaiola, cafetería de "progres" estratexicamente situada entre o casco vello e o novo, posuía no soto unha *boite* (palabra que hoxe non di nada pero que entón tiña unha certa carga erótica) propicia a efusións amorosas. Quedaba, en fin, Las Brujas, alá por Ponte Pedriña, pero ese ano fora escenario dun crime que activou o peche de tan pecaminoso (iso dicían) antro. Logo abrirían o Yohakin, rebautizado por Sanxoás como o Hippinake; a *boite* do Maycar, o Don Juan, o Pop-Pool, etc. Ao tempo que uns bailabamos ou bebiamos xogando, coma na canción de Jacques Brel, a ser *Les paumes du petit matin*, outros, os máis "pecadentos", baixaban ao Pombal ou xogaban ás cartas no Miami. Aquí, frente da clínica de García-Sabell e a par da casa de Branca e Pepe Caamaño tiña acougo, á hora do naipe, a cativa "mafia" compostelá, cousa de pouco aquel entre constructores, almacenistas e algún policía corrupto. Aínda tardarían en vir os auténticos mafiosos: o contrabando de drogas e tabaco.

O resto da diversión viña dada polos cines e cine--clubes. Destes había dous. Un rexentado polo Opus Dei —cabeza visible un tal Primitivo—, que pasaba as películas os domingos pola mañá: "pelis", naturalmente, inofensivas para a moral dos espectadores. O outro era o "progre". Entre os seus promotores recordo a Ezequiel Méndez, Xaime Gómez Vilasó e Luís Mariño. As sesións deste cine--club eran nocturnas, con especial énfase nos filmes procedentes de países comunistas. Pesadísimas as soviéticas e as polacas, divertidas as checas, húngaras e checoslovacas.

Ademais dos cine-clubes estaban os locais de cine

comercial, onde había de todo. O máis trangalleiro era o Salón Teatro, coas súas sesións continuas, do que fuxín espaventado cando un tipo groso e con barba colocou a súa man na miña entreperna. Fora nunha película do Oeste, no momento en que atacaban os indios e na pantalla reinaba a escuridade. Eu, diante da luxuria do barbudo, optei por abandonar discretamente o Salón Teatro. Todo o discretamente que permitía o chan alfombrado de pipas do local da Rúa Nova.

Teatro a penas había en Santiago, pois as compañías profesionais soamente viñan no verán. Algunha que outra función de compañías universitarias e, de súpeto, grupos de sona como Els Joglars ou Los Goliardos. Pero ¡tan de tarde en tarde! O mesmo pasaba cos concertos: os Madrigalistas de Praga ou Regino Sáinz de La Maza, xa en total decadencia, a penas un aperitivo para quen tiña de verdade fame. Polas festas da Ascensión si que viñan o Teatro Argentino e o Teatro Chino de Manolita Chén, que montaban o estaribel na carballeira de Santa Susana a par de fenómenos da natureza como a vaca Juanita (isete patas tiña a condenada!) ou o fulano que facía a sorte *del pajarito*. Coincidindo con este tempo das festas, alcancei a ver a Antonio Machín no Teatro Principal e a Addy Ventura coa revista *Métame un gol*.

Nesta Compostela de "entreguerras" (a da xeración dos Xogos Minervais e a posterior ao 68) aínda quedaban carteis anunciadores de tés-bailes e resoaban as labazadas que lle dera o Ferrín a López-Casanova no Derby. (Por aqueles días do 68, no Maycar, houbera tamén outro civilizado troco de bofetadas entre Fermín Bouza e Manolo Vilanova por unha guapa de ollos verdes —Elena— que andaba no medio. E teño escoitado a historia das propinadas por Luís Mariño a Xaime Gómez Vilasó na entrada do cine-clube progre).

Dicía que algún *camp* ou rezagado anunciaba os "Pasos de Ecuador" con tés-bailes, á maneira dos que coñece o lector de *Con pólvora e magnolias*. Pero, como adoita ocorrer coas modas, entes xa deixaran de ser do estudiantado e agora pertencían á clase popular. Xa non tiñan lugar no Compostela senón no Mercantil, que daquela estaba en

obras e non ocupaba o Pazo de Bendaña senón un local Preguntoiro arriba. Ali ían bailar os derradeiros troianos. Xa non había *modistillas*. Agora eran empregadas de Daviña ou dos Almacenes El Pilar, e os epígonos daqueles tunos de antes buscaban, en chegando o bo tempo, amores dunha noite nas verbenas de San Lázaro, na Ponte Pedriña ou en Conxo; ou saltaban as cacharelas da noite de San Xoán en San Caetano ou na Estila, ou ían bañarse a Roxos ou á Ponte Ulla. Os "modernos" e os "nenos ben" tomaban o sol na piscina do Hotel Peregrino, onde por ceno tiña pousada o xa daquela bo poeta Manuel Vilanova, ou dirixían os seus coches cara ás praias de Vilagarcía e de Noia. ¿E os "progres"? Os "progres" aturaban impertérritos a calor abafante de xuño no Gaiola ou no 42, envoltos nun tabardo verde e folleando as páxinas do último *Triunfo*.

## TIPOS POPULARES

Xente "distinta" existe en todos os sitios. Parvos, inventores, loucos, artistas, sabios, borrachos, travestís —subliñe cadaquén o adxectivo que estime oportuno— aparecen alá onde vaiamos. Pero soamente acadan condición de "populares" cando se presentan mergullados na vida cotiá, cando o seu pasar, ou vivir, Pica enmarcado na cidade que habitan coa mesma propiedade cás rúas, as igrexas ou certos bares. Pero se cada núcleo urbano —ou rural— ten o seu cupo de "marxinais", ollo con esta palabra, hai sitios onde medran coma cogomelos. Por exemplo, en O Ferrol (e hai un libro marabjlloso de Siro, *Xente na brétema,* para dar conta do que digo), Cedeira ou Ourense (onde abondaría co nome de Don Juan de la Coba y Gómez para xustificar séculos de personaxes pintorescos). Compostela, co seu compoñente universitario, ocupou de sempre lugar sobranceiro neste teórico *hit-parade.* E agora falo do estudiantado non como elemento activo senón pasivo, ao redor do cal xurdían tipos enxebres que atopaban así espectadores ou cómplices dunha certa categoría.

En primeiro lugar *As Marías,* que deron co seu mellor poeta en Bernardino Graña. O cangués publicou en *Se o noso amor e os peixes...* unha "Oda ás sempre mozas Marías que hai tanto tempo pasean Santiago", que vén ser unha - louvanza amorosa e rigorosa destes tres elementos tan asociados ás rúas compostelás. Eu coriecín soamente a dúas, e confeso que tardei tempo en superar o noxo que me producían semellantes entroidos. Non sei se me espaventaban máis os seus rostros branquísimos pola pasta de arroz que

se aplicaban ou o contraste entre a albura da faciana e a pintura vermella dos beizos, o azul dos seus ollos, ou as pernas tan delgadas *como un par de carricitos,* atal as de " Popotitos", o rock que puxeran en español os Teen-Tops. Pero co tempo e o costume de velas pola parte monumental ou baixa de Compostela terminei por entendelas. Mesmo por apreciar o que había de vital nestas mulleres, antigas modistas, que moraban pobremente nalgún lugar do casco vello, no seu intento desesperado e erótico de apreixar o mundo que se lles la das mans. Piropeaban aos estudiantes, pero mantendo sempre un aquel de distancia altiva. Eran gárgolas andantes —unha cun gano aldeán na cabeza, dutra coa longa cabeleira negra espida— anunciando a vida cando esta fuxía a xorros.

Quiñoi, en troques, daba a imaxe do parvo absoluto que levou da vida soamente labazadas. Exercía —o pelo cortísimo de hospiciano, un traxe negro e esfarrapado— de limpabotas polo Bar Ferrol, o Gaiola e mais o Colón. Estaba casado cunha muller que, ademais de deitarse con todos os que non foran Quiñoi, batía un día si e outro tamén nos lombos do seu marido. Este gastaba ao longo do día o que apañaba lustrando calzado, en alcol. De maneira que, alá pola tardiña, estaba peneque, os ollos vidrosos e máis ferido ca nunca o seu berro acostumado: "¡Vai túa!". Pouco máis sabía dicir Quiñoi que estas dúas palabras, nas que condensaba a súa sabedoría vital de antigo hospiciano, trabado por todos e mollado de escuma, coma un can doente.

Morreu atropelado por un coche no comezo da estrada de Noia, onde vivía, unha tardiña de inverno. A muller, dixeron os siareiros do Bar Ferrol, apañou un millón de pesetas de indemnización. Un millón do ano 72.

*O Cordobés* tiña un quiosco de prensa no Hórreo, pretiño do Edificio Castromil. Ben, mellor que un quiosco era un sucucho, un garito, un tugurio. Descoñezo quen lle poñería tal alcume, taurino e meridional, pero o certo é que non lle facía gracia ningunha. Tan pouca, que os estudiantes recén chegados a Santiago eran enviados ao devandito quiosco a mercar unha postal de *El Cordobés*. "Xa verás, é simpatiquísima a reacción do tipo cando lla pides."

*O Cordobés* diante da petición mudaba o seu aspecto habitual (sempre con pucha, bufanda e bastante fosco) no dun auténtico basilisco. Serraba e tentaba propinarlle ao novato unha difícil labazada, desde o interior do seu sucucho. A reacción máis certeira que Ile vin, foi cando chimpou o contido da caldeireta na que transportaba a súa colación na faciana dun meu veciño de Xuvia, quen, naturalmente, fora pedirlle oufano: "Unha postal de *El Cordobés*, por favor."

Maximino Castiñeiras, sempre vestido de verde, era ( confío en que o siga sendo por moitos anos) o poeta da Amaía, un val bucólico que se estende preto de Compostela. Maximino, se cadra, non era poeta senón vate, o que non ten connotación pexorativa e menos nuns tempos nos que circulan tantos autochamados poetas que, ademais, exercen de tales. Maximino, no canto de exercer, "vivía" de poeta cun tropel de imaxinarios discípulos ao seu redor. Cando falaba, o de Amaía erguía os brazos en actitude oratoria para ilustrar anécdotas, probablemente apócrifas, de Valle-Inclán. Maximino era un poeta do camiño que aproveitaba concentracións populares para botar espontaneamente os froitos —mal medidos, nada traballados, pero cheos de sentimento— do seu estro. De paso facíase algunha foto que daba testemuño da súa "capacidade de convocatoria". Por exemplo, a tomada nunha romaría en Carboeiro na que Maximino fai de rapsodo diante dun público tan numeroso como perplexo.

Maximino Castiñeiras García —sombreiro de aba ancha, gravata vermella— editara ás súas expensas un libro delicioso chamado *Os do meu tempo*, que gardo como ouro en pano. Na dedicatoria manuscrita o autor chámame, entre outras hipérboles, "bo estudiante e bo galego". Gracias onde queira que esteas, rapsodo da Amaía.

Manolo Mirás, creador do inefable selo discográfico Mirman's, era outro artista cunha "venta ao Norte", que din en Cedeira. Músico da Banda Municipal e individuo bulidor e inquedo, era un auténtico home-orquestra. Pero Mirás, ademais, tiña afeccións literarias. Publicou tamén un libro cos seus cartos, que desgraciadamente perdín, e nel destapaba a ola anticlerical, entón xa camp, chamán-

dolles aos cregos saCERDOTES, e explicando as súas aventuras nun 600 co adhesivo de médico no parabrisas, ata o día en que tivo que atender —urxido pola policía de tráfico— a un individuo gravemente ferido nun accidente.

Non quixera esquecer nesta mini-galería de "raros" a un comisario de policía ben coñecido como torturador, que recibía na casa as máis sonoras tundas propinadas pola súa muller. Deste comisario dicían que, cando ao cumprir co débito chegaba ao orgasmo (cousa que ocorría raras veces), daba en berrar: ¡Olé! ¡Olé! Aínda que confeso que isto último resulta de proba pouco doada.

Bretón aparecera polas rúas cando a reforma psiquiátrica de Conxo abrira as portas aos enfermos menos pertinaces na súa tolemia. Bretón la aos bares do Franco e producía un curiosísimo son, golpeando mesas e portas cos dedos. Bretón debía estar interno por razóns xudiciais, xa que a súa cantilena favorita era unha canción de Peret algo alterada no texto: Y *llegó la policía / y cogieron a Bretón*.

¿E o señor Formigo taberneiro no Franco, que botaba do seu establecemento a quen dixera palabróns ou, simplemente, ás parellas que se collían das mans?

¿E *Pepene*, tan cachondo como o seu alcume connota, ex-seminarista, que cortaba de súpeto as conversacións cun, "perdoa, teño que ir a un recado", para ir botar un polvo ao Pombal?

¿E Abelardo, buxarrón cubano, sempre acompañado de tres ou catro belezas femininas para abraio e envexa xeral?

Déixoo aquí. Con Abelardo xa estou entrando no terreo estudiantil, que hoxe quería vedado. Hai máis, bastantes máis, pero eu cando escribo (cando vivo) aposto pola comunicación, así que prefiro que cadaquén engada a esta lista os personaxes por min omitidos ou esquecidos. Á saúde de Compostela e as súas rúas.

# O PÓRTICO DO PARAÍSO

Daquela sabiamos pouco das drogas. Tan pouco, que a marihuana ou o LSD, por exemplo, tiñan unha certa aureola progresista. Auréola motivada en parte por aquelas películas —*Easy Rider, Woodstock*— ou libros —case que toda a producción de William Burroughs, que non é exactamente apoloxía da droga; *Junkies* é todo o contrario— que por estaren prohibidos apuntalaban a teoría de que as cousas boas (o sexo, a liberdade de expresión ou de creación) endexamais pasarían as alfándegas do poder burgués.

Viamos entón as drogas como unha especie de Pórtico do Paraíso. E digo do Paraíso e non da Gloria —que é máis, como non ignora quen coñece as respectivas entradas ás catedrais compostelá e ourensá— porque, moi no fondo, ficaba a seguridade de que o asunto, ao cabo, non podía ser tan bo como quixesemos. De todas as maneiras, as drogas non circulaban por Santiago entre os anos 68 e 72, polo que a experiencia quedou practicamente en nada. E iso saíu gañando a miña xeración.

Non circulaba, fóra de grupos e en núcleos illados que, como digo, non fixeron verán. Particularmente tiven un par de experiencias, a primeira ben pavera, a segunda co seu aquel de nirvaniana, que paso a relatar pois que de tartufos está o mundo abondo cheo como para engadir un máis.

Alá polo outono do 68 chegara de África o personaxe que aparece pintado como Leiras na novela de Fermín Bouza, *Memorias do diaño* (páxina 35, capítulo 14) publicada por Edicións do Rueiro. O Leiras trouxera grifa e

unha pequena e insospeitada mascota, un camaleón que despois de morrer, nada afeito á humidade santiaguesa e á falta de moscas no meu cuarto da Pensión Iglesias, inspiraría a miña canción homónima. Pois ben, alá fomos o Leiras, Pepe Caamaño, Pepe Mato, servidor e Fermín Bouza a fumar a famosa grifa na casa deste, na Rúa do Vilar. Era unha vivenda moi fermosa, de dous andares comunicados cunha escaleira de caracol na que se notaba o gusto extremo dos seus moradores: Emilia Álvarez e Fermín Bouza Brey. Fumamos todos. agas Fermín, que pretextou non facelo para observar as nosas reaccións e coidar que ninguén fixese nada estraño ou escandaloso. A grifa, ao ben visto, producía un "bacilón", palabra loxicamente emparentada con bacilar: "rapaz, non me baciles", ou "ese tipo sempre me está bacilando". O tal "bacilón" resolvíase en risos e gargalladas agudizados pola inxestión simultánea de xenebra. Recordo o sumamente divertido que era ver o disco dando voltas no *pick-up*. Logo, ao día seguinte, unha resaca espantosa fíxome botar dúas ou tres sonoras risadas no bar da Facultade. Non, aquilo non era elegante, nin afrodisíaco, nin pórtico de nada. Mellor a calor estimulante das tazas no Franco.

No verán do 70, perdido entre Calais e Boulogne sur Mer, batín cunha parella de canadenses, cos que pasei unha noite nun alpendre. Alí fumei *un joint* de marihuana. Desta vez a reacción foi ben distinta, e mesmo direi que gañei medo con ela. Os rostros dos meus compañeiros de viaxe, a chuvia que caía fóra, un canciño que con nós durmía, semellaban tan distorsionados como crucis. As voces ecoaban cun vagar exasperante, e, logo, no soño, a mente subía e baixaba cara a outra dimensión, bastante menos grata ca esta.

Cerio que por Compostela circulaban as anfetaminas —centramina, simpatina— a esgallo. Pero isto ocorría, case exclusivamente, en tempo de exames, co que non pretendo xustificar a supina ignorancia que demostraban os expendedores —farmacéuticos como aquel, dou fe, que despachaba as *anfetas* unha a unha— e os consumidores. A cousa, como digo, tiña lugar en certos períodos do ano e sen que, practicamente ninguén, asociase tales productos,

unha pequena e insospeitada mascota, un camaleón que despois de morrer, nada afeito á humidade santiaguesa e á falta de moscas no meu cuarto da Pensión Iglesias, inspiraría a miña canción homónima. Pois ben, alá fomos o Leiras, Pepe Caamaño, Pepe Mato, servidor e Fermín Bouza a fumar a famosa grifa na casa deste, na Rúa do Vilar. Era unha vivenda moi fermosa, de dous andares comunicados cunha escaleira de caracol na que se notaba o gusto extremo dos seus moradores: Emilia Álvarez e Fermín Bouza Brey. Fumamos todos. agas Fermín, que pretextou non facelo para observar as nosas reaccións e coidar que ninguén fixese nada estraño ou escandaloso. A grifa, ao ben visto, producía un "bacilón", palabra loxicamente emparentada con bacilar: "rapaz, non me baciles", ou "ese tipo sempre me está bacilando". O tal "bacilón" resolvíase en risos e gargalladas agudizados pola inxestión simultánea de xenebra. Recordo o sumamente divertido que era ver o disco dando voltas no *pick-up*. Logo, ao día seguinte, unha resaca espantosa fíxome botar dúas ou tres sonoras risadas no bar da Facultade. Non, aquilo non era elegante, nin afrodisíaco, nin pórtico de nada. Mellor a calor estimulante das tazas no Franco.

No verán do 70, perdido entre Calais e Boulogne sur Mer, batín cunha parella de canadenses, cos que pasei unha noite nun alpendre. Alí fumei *un joint* de marihuana. Desta vez a reacción foi ben distinta, e mesmo direi que gañei medo con ela. Os rostros dos meus compañeiros de viaxe, a chuvia que caía fóra, un canciño que con nós durmía, semellaban tan distorsionados como crucis. As voces ecoaban cun vagar exasperante, e, logo, no soño, a mente subía e baixaba cara a outra dimensión, bastante menos grata ca esta.

Cerio que por Compostela circulaban as anfetaminas —centramina, simpatina— a esgallo. Pero isto ocorría, case exclusivamente, en tempo de exames, co que non pretendo xustificar a supina ignorancia que demostraban os expendedores —farmacéuticos como aquel, dou fe, que despachaba as *anfetas* unha a unha— e os consumidores. A cousa, como digo, tiña lugar en certos períodos do ano e sen que, practicamente ninguén, asociase tales productos,

chamado, para máis inri, Oscar? ¿E a ti mesmo, cruel e insolente cun individuo tan cortés que, precisamente por iso, non che andou na badana? Non foi un, neno, que foron varios os días sen outra pegada cá alcólica, con tres compañeiros de esmorga á volta dunha vacación pascual. ¿Ou tamén esquecerás aquela excursión a Lalín cando, tan ebrio coma irado, escachaches nunha noite a lei xenerosa da hospitalidade? Anda, ho, e canta contra Los Panchos, que *la distancia no es el olvido.)*

## O CURSO 67-68: DE SETEMBRO A FEBREIRO

Quedara, pois, no Colexio Maior San Agustín, ben preto do edificio da Universidade, que entón compartiamos Filosofía e Letras e mais Dereito. Farmacia estaba en Fonseca, Medicina a un paso do Convento de San Francisco, Económicas —ese ano— no Burgo das Nacións, e as distintas facultades de Ciencias no campus que se estendía na "Baixa" da Ferradura. Todo amoreado, como correspondía a unha universidade pequena de non máis que tres mil e pico ou catro mil estudiantes. Deles a penas un tercio con inquietudes, que diciamos, e dous ou tres centos realmente politizados.

¿E que grupos políticos eran aqueles? Vexamos: estaba o PCE, sobre todo; e o PCE (ML), de orientación prochinesa;. e a UPG, de pouca pero activa implantación; e diferentes colectivos de carácter cristián, v.g: a JEC (Juventud de Estudiantes Católicos), ponla estudantil da JOC e mais da HOAC. Logo había algún que outro carlista, anarquista e mesmo monárquico juanista. Existían, si, independentes que se definían como socialistas. Pero o PSOE, en Santiago e nestes tempos era unha pantasma.

Quedaba eu no San Agustín compartindo habitación con Isaac Ángel Otero, home fuxido dunha obra de Fernando Arrabal, a quen non foi doado convencer de que gardase na maleta o penico que con el traía *just in case*.

Primeiras clases e primeiros profesores que, en xeral, facían bos aos do Instituto. Agás as consabidas excepcións, que en comúns foron Xosé Ignacio Fernández de Viana, hoxe catedrático de Paleografía en Granada, Enrique Mo-

que axudaban a pasar a noite en vela, con paraíso ningún. Hoxe, que sei ás claras do perigo que conlevan as chamadas *anfetas*, non podo por menos que pensar na manifesta irresponsabilidade e ignorancia de todos nós: vendedores e usuarios de tan curioso medicamento.

Pero hai que volver ao alcol que, máis ou menos coma hoxe, estaba ao alcance do estudiantado. Porque beber, agora e entón, leva consigo unha importante permisividade social, sempre e cando o bebedor non bote os pés fóra do prato; pois unha cousa é ser un bebedor e outra ben diferente un borrachón, aínda que, magoa fora, tamén na bebedeira haxa loita de clases. Xa o di a copla popular:

Cando se emborracha o pobre
todos din: ¡Que borrachón!
Cando se emborracha o rico: ¡
Que simpático é o señor!

Santiago está ao norte e xa se sabe que na xeografía etílica a parte setentrional dos países ocupa lugar sobranceiro. En Italia, Portugal, Francia, Gran Bretaña, as *peteneras* sempre medran no Norte. Galicia non é excepción peninsular. Santiago, tampouco.

E non obstante, en Compostela a penas se vían borrachos. Xente peneque ou poderosamente peneque, feliz ou triste, canora ou calada, amorosa ou indiferente si, pero endexamais o borracho tirado polo chan que logo habería de ver, con profusión, en Glasgow, en Dublín, no Lancashire inglés. Había, pois, un certo fondo de dignidade naquel bebedor que en Compostela principiaba o día alcólico no Franco e rematábao nas *boites* ou no Pombal en plan *paume du petit matin*. ¿Sería, acaso, o respecto ás laxes centenarias da cidade? Seria.

(Pero Vicente, machiño, ¿como podes ser tan descarado? ¿A que veñen estes requintes dos *paumes du petit matin* e das laxes centenarias de Compostela, se ti andaches, e coma ti tantos elementos da túa xeración, a catro patas polas famosas laxes? ¿Ou acaso xa non recordas aquela veciña túa que espertou cunha monumental resaca ( tanto coma Compostela) á beira dun feísimo descoñecido

*boca abajo,* aburrida historia de opositores de Buero Vallejo coa que acudir ao concurso de marras. Eu figuraba un *quidam* cínico e vapuleado pola vida (i,chamábase Juan?) que, dada a súa idade, tiña a cabeleira encanecida, cousa que solventei —de momento o meu pelo segue renegrido— cun exceso de po de talco. Entre as pezas representadas no salón de actos da Compañía de María salientaban *A derradeira fita,* de Samuel Beckett, monologada por Rafael Bárez, tipo intelixente e sensible, daquela estudiante de Dereito e membro do PCE, e máis adiante avogado laboralista e concelleiro na Coruña; e sobre todo *Nunca nadie muere nada,* sutil e partidaria adaptación dun texto de Hemingway a cargo de Manuel Vilanova, Fermín Bouza, Teresa Rego (ben coñecida hoxe como impulsora das randas de Camariñas, a súa vila natal), Xaime Gómez Vilasó, xunto con Antonio e Xosé Manuel, dos Vilasó do Castiñeiriño, e Xosé Ramón Fandiño, *Morris,* destacado enciclopedista, persoa liberal e, xa que logo, xenerosa, e amigo de quen isto escribe ata a fin.

O caso foi que *Nunca nadie muere nada* gañou, mellor, varreu o certame e á hora da recollida dos premios os seus factores levaron unha sonora asubiada de quen, coma nós, non soubemos perder daquela. Un dos membros do xurado era o inefable Carlos Alonso del Real, catedrático de Prehistoria e unha rarísima ave en extinción das que todo o saben. Con don Carlos teño bebido, paseado, cantado, parolado e comido lamprea (na casa de Ánxela Beiras e Luís Mariño) cun sempiterno rostro de abraio diante do seu saber polifónico. Don Carlos —bebedor *heavy*, pero seguro, e falanxista da fornada dos Ridruejo, Torrente, Tovar ou Montero Díaz— igual botaba unha man na tradución ao galego de *Le gorille,* de Brassens, que desmitificaba, con argumentos contundentes, a cuestión céltica ou mesmo —cativo, feble, pero xigante— argumentaba cos " grises", cando entes preludiaban unha carga. Como na novela de Unamuno, de quen don Carlos expoñía as súas reservas, era nada menos que todo un home.

Por aqueles días, tamén na Compañía de María, dictara Alonso Montero unha conferencia verbo dun tema que xa non recordo. O conto é que no coloquio Fermín

Bouza (esquencía dicir que todos os participantes na obra para-Hemingway eran *chinos* ou *filochinos,* agás o Morris) puxo no camiño de Xesús Alonso algún pesado croio dialéctico de matiz guevariano. Ernesto *Che* Guevara acababa de morrer había aínda ben pouco e o catedrático radicado en Lugo buscou saída cunha hábil cita de Juan Ramón Jiménez: "non o toques máis, que así é a rosa".

Morrera o *Che,* e un grupiño de estudiantes da JEC quixo celebrar unha misa por el na capela adxunta á Universidade. A cousa quedou en nada porque as xerarquías eclesiásticas dixeron que *nones.* Pero antes houbo unha discusión bizantina entre "católicos" e "comunistas" sobre a pertinencia do tal acto.

Morrera o *Che* e polas casetes (había poucas e malas) circulaban Carlos Puebla y sus Tradicionales con aquilo tan fermoso de:

> Y aquí se queda la clara, *la*
> *entrañable transparencia, de*
> *tu querida presencia*
> *Comandante Che Guevara.*

Despois virían "Soldadito boliviano", de Nicolás Guillén/Ibáñez, e "Quien la noticia no sabe", de vaia vostede a saber que autoría, pois esta última canción la e viña transmitida oralmente. A Carlos Puebla cheguei a escoitalo no ano 77 no Teatro Monumental de Madrid. Era un vellote vivaz e simpático que espertaba as furias feministas con aquel son: *Si no fuera por Emiliana / nos quedaríamos con las ganas / de tomar café / de tomar café.*

Tamén por aqueles días houbo un intento de homenaxe a Ernesto Guevara na Facultade de Medicina. Poemas de Nicolás Guillén con Fermín Bouza e Xaime Vilasó de rapsodos. O acto foi retentado por un grupo de exiliados cubanos, aqueles aos que entón chamabamos *gusanos,* coa manifesta crueldade de quen non sabe da misa a media. Hoxe, por sorte, as cousas xa non están tan claras como cando deslindabamos rapidamente o presunto -ouro" das supostas " miñocas". E por al Cabrera Infante (de quen liamos ávidos *Tres tristes tigres),* ou Heberto Padilla para testumuñalo.

No Colexio Maior San Agustín compartía mesa con Xulio Pedrosa, Raúl Santalices (descendente do zanfonista), Suso Isla e Skipper. Unha mesa tan simpática como anodina. Pero pasados quince días do inicio do curso aterrou no Colexio e na nosa mesa, na que había un sitio valeiro, Pedro Luaces. Este home que logo habería de ser secretario da UPG (e máis tarde retratado tan maxistral como malevolamente por Méndez Ferrín en *Crónica de nós,* no relato *Odiado Amado)* viña de Deusto e, despois de superar unha convalidación. quedou incorporado ao cuarto curso da Facultade de Dereito. Pedro, home serio e cordial foi —ao menos para Skipper e para min— unha revelación que fixo moito máis lixeira a carga xesuítica. Del aprendemos —entre outras cousas— galeguismo e, tamén, galego. De maneira que, nun mes, as nosas carencias ferrolás quedaran ben atrás, ao tempo que eu comezaba a escribir na nosa lingua. Primeiro, e durante anos, letras de cancións. Despois, poemas, o que non obsta para que xente lacazana teime en clasificarme como "Ietrista". A min tanto me ten. O que ocorre é que estas "clasificacións" proveñen do sector poético no que. ao ben visto, sobra competencia e opta polo eslogan "cantos menos, máis a repartir", ou cousa semellante.

Pedro Luace^g viña empapado de galeguismo e de gana de actuar, polo que axiña embocou no Instituto Padre Sarmiento e, mesmo, na revista *Loita,* da que hoxe non se fala e, creo lembrar, tiña un contido ben significativo. *Loita* e Pedro Luaces traían desacougo ao confidente do SIM que había no Colexio e ao propio Padre Brandariz. Entre os artífices da revista figuraban galeguistas, elementos da JEC e marxistas independentes como, por aquelas datas, Eduardo *Dudú* Varela, gran xogador de xadrez e exaltado corsario da política, que volverá saír nestas páxinas.

Outro elemento "comprometido" do Colexio era o daquela crego xesuíta Fernando Martínez Randulfe. O Randulfe, home austero e fraco coma un salgueiro adoitaba empregar o galego e ademais, despois da cea, mantiña unha leria informal á que acudiamos algúns colexiais para escoitar novas "subversivas" de aquí e acola. Demasiado para Brandariz quen, nun par de meses, obrigou a facer a

maleta a Randulfe. Eu, durante anos, perdín a pista do destemido xesuíta, ata que souben del polas informacións procedentes do Parlamento Galego, onde o antigo crego seque, ou seguía, sen ter pelos na lingua.

Xa fóra do Colexio, en rúas e bares. alternabamos con Suso Xoás (oficialmente Xesús Sanxoás Formoso) tipo alto, honrado e un verdadeiro optimista histórico. Era dos pouquiños membros da UPG que circulaban pola Compostela do 67-68. Coa sempiterna man no peto do abrigo, o Xoás era intransixente co emprego da lingua. É dicir, falábaa decote así o seu interlocutor non quixese (ou non soubpse) baixar do carro da lingua do Imperio, alcume que Ile dabamos á española. Pero Xoás, home serio a quen alporizaban os "folclorismos" e os "carallāns" (en política), tamén gustaba das brincadeiras. A súa falcatruada favorita era pillar, por detrás, os collóns dos amigos e apretalos ata que o "collido" (e nunca mellor dito) asubiaba. Recórdoo tamén na súa casa, nalgún barrio periférico de Santiago. dándolle frangullas de pan aos canarios que tiña e que ían comerIlas no bico.

Con Suso Sanxoás, a quen coñecín nunha pequena manifestación que rematou cunha queima de xornais no Toral, tiven moito trato en anos sucesivos, pois foi distribuidor de discos de EDIGSA. Non é que neste labor se esforzase moito, pero teño que agradecerlle que, entre disco e disco, arroupase co seu 2CV unha miña fuxida a Lugo cando os sucesos estudiantís do 70. Entón eu andara en manifestacións con Xosé Humberto Baena, *Piter*, asasinado en Hoyo de Manzanares polos derradeiros coletazos do franquismo, como me ten lembrado Xosé M.ª Bello. Ao *Piter*, a quen a penas consigo fixar na memoria. dediqueille un poema en *Caleidoscopio* e. desde aquí e de todo corazón, vai a miña máis conmovida homenaxe.

O Xoás desaparece do meu mapa, ata que de súpeto —primavera do 89— xorde diante da Sé de Coimbra a súa figura familiar e benquerida. O encontro e a conversa remataron nunha rifa da súa parte por non acudir eu, anualmente, ao Día da Patria Galega en Santiago. E un debe asumir que as rifas, ás veces, tenas ben merecidas.

Pero, retrocedendo ao outono do 67, non quero esque-

cer a conferencia que Camilo José Cela veu dar a Compostela. O Cela, xa entón, tiña a mesma fama de burlista, carallete e provocador que hoxe a xente asocia co seu nome. Así que á hora de comezar o acto —que versaba sobre a obra literaria do pintor Gutiérrez Solana— a Aula Magna de Filosofía e Letras estaba chea de público que, en xeral, agardaba algo excéntrico do conferenciante, quen, o día anterior recibira aos xornalistas en cirolas no Hostal ( icarallo coas excentricidades da época!). Pero claro, a conferencia, presentada por Moreno Báez cun final: *Camilo, suerte y al toro,* transcorreu por canles da máis absoluta normalidade. Tanto que, ao remate, parte do estudiantado deixou a sala coa decepción e a tristura que adoita causar a normalidade. Mesmo unha beleza coruñesa, Malena Lasheras, máis coñecida como *Twiggy* polo seu parecido coa modelo inglesa asociada á moda da mini-saia, non puido conter un: "esperaba outra cousa".

E digo que o público abandonou a sala ao "remate" do acto e non "durante", o que si ocorreu noutra conferencia do Xeneral Iniesta (un dos duros do réxime) en Vigo, onde un sector do público, entre os que estaba Alberto Reverter, enérxico e valente comunista (do PC) e compañeiro meu en Comúns, deixou ao mílite case que só entre as "xerarguías". O Reverter xogaría un papel importante no "majo" que se aveciñaba e mesmo no inicio do curso seguinte, como Togo veremos.

Ruiz-Jiménez, xa de volta dos anos falanxistas nos que vestira o uniforme do "Movemento" como ministro de Educación, tamén dictou a súa conferencia neste Santiago de outono. O público, reducido. O lugar, o Colexio Maior San Agustín no que aterrara invitado por non sei quen e baixo da ollada suspicaz do Brandariz. Don Joaquín, co seu característico acento ceceño, falou vaguedades democráticas ao tempo que facía algún comentario pavero sobre un elemento sospeitoso da policía que alí estaba. Ao remate o Skipper foi ao seu cuarto e voltou coa *Gramática elemental del gallego común,* de Carballo Calero, galano que Ruiz--Jiménez aceptou cun obsequioso sorriso.

Do ex-ministro franquista reciclado en demócrata (como tanto falanxista da primeira hora, Ridruejo. Montero, Tovar,

Torrente) cómpre salientar que era o propulsor de *Cuadernos para el diálogo,* revista que liamos con agrado, á par de *Índice* e, mágoa fora, *Triunfo.* O que pasa é que *Cuadernos* tiña un aire transcendental (e *Indice* populista) mentres *Triunfo,* sobre todo gracias a Vázquez Montalbán e os seus heterónimos, e a pesar de Miret Magdalena, era máis " deste mundo". O San Agustín estaba subscrito a varias revistas relixiosas: *El Ciervo,* progresista, *Iglesia-Mundo,* reaccionaria, e unha auténtica loucura "carca" chamada *Qué Pasa,* da que recordo un inefable titular —cando o clero progresista compostelán uniu as súas prédicas á revolta estudantil—: "La marea roja con pintas negras llega a Compostela". *Qué Pasa* era unha das facianas paveras do fascismo español que aquí tivo para retratalo a Berlanga, no canto de Fellini. A xulgar polas películas, en cambio, o que careceu de rostro esperpéntico foi o nazismo. O cine —agás Charlot co seu *O gran dictador*— non debuxou do nacional-socialismo máis que brutalidades. Aquí e en Italia o drama alternou coa cárallada. ¿Cuestión de mentalidades? Pode ser.

## A MÚSICA, PRIMEIRO

Polo San Agustín. como xa dixen, deambulaba Antonio Seoane, hoxe ben coñecido en calidade de membro de Milladoiro. O Antonio (Antón na súa "reencarnación") estudiaba con proveito Medicina e, tempo atrás, en Ferrol, o seu lugar de orixe, tivera a amabilidade de musicar algúns textos meus en español. Un par deles traducidos ao galego —coa axuda de Pedro Luaces— formaron parte do meu primeiro repertorio. Outro foi levado ao disco *¿Sabes tú, pequeña mía?* polo propio Antón e un portorriqueño, forte e varudo, chamado Gregorio. nun estudio londinense. O tal disco .é hoxe unha rareza pola súa cativa tirada e, sobre todo, porque nel está Antón (ou Antonio) na súa prehistoria musical.

Pois ben, acompañado deste vello amigo da nenez ferrolá fixen a miña primeira presentación nun festival do Paso de Ecuador de Medicina. Aquilo foi unha carallada, coa elección de "Mister Feo" incluida (o feo saínte era Pepe Caamaño), que non paga a pena lembrar máis que como rodaxe para min, e supoño que para Antón Seoane. A partir de al cadaquén tirou polo seu lado: o Antón na música, dos Beatles maiormente, dos que sabía todo o repertorio e na Medicina: eu enfiei, definitivamente, a canción de autor en galego. e primeiro de Filosofía e Letras, entre o tedio e a esperanza.

Tedio animado —sempre— pola música. ¿Que sería dos que a amamos sen ela? Ese ano fora, sobre todo, o de Joan Manuel Serrat. Non polo estrondo que causara o escándalo eurovisivo senón por mor do seu primeiro long-play.

*Joan Manuel Serrar,* que chegou a Santiago con certo retraso *e* que axiña comezou a quentar os motores dos que queríamos unha canción de autor "fresca". Porque Raimon estaba ben, si, pero o seu berro era "seco" (que non reseso) e. xa que logo, limitado. Mágoa que a intolerancia progresista de entón (que tamén existía) impedira recoñecer abertamente o que todos pensabamos: que Serrat, traidor ou non ( falo, naturalmente, do seu bilingüismo como intérprete e letrista) era caralludo. Logo, cando apareceu Llach, cantautor monolingüe de calidade, vimos o ceo aberto. Pero, hai que dicilo, seguiamos mercando os discos de Serrat en español, ás claras ou disimulando. Hoxe en día o Joan Manuel non vale un patacón. Hai tempo que non *é* quen de escribir nada novo. "Los fantasmas del Roxy", por citar un exemplo, é un plaxio da súa propia "La Carmeta": pero no aire queda todo aquilo: "La tieta", "Cangó de bressol", "El drapaire" de cando todos nós tiñamos, precisamente, *vingt anys.*

A Serrat coñecino en Barcelona. Os dous gravabamos na mesma casa de discos: EDIGSA. Del reteño a imaxe dun rapaz cordialísimo e nada fachendoso, moi acorde coa que hoxe dá. Daquela, xa pasado o *affaire eurovisivo,* contáranme os *edigsos* como o Festival estaba comprado, nalgúns sitios con diñeiro, noutros gracias á imaxe antifranquista de Serrat, e que a permuta con Massiel, afillada de Fraga Iribarne no evento, fixera que España perdese certos votos, como o de Iugoslavia, por exemplo.

Por certo que en EDIGSA non aturaban aos amigos " españois" de Serrat: Lasso de la Vega (o seu *manager),* Juan e Junior (con quen compuxera a canción "Per Sant Joan"). Todos eles recibían o calificativo de maricóns, que era, se cadra, o que máis os amolaba de Terenci Moix, segundo Ile escoitei a Claudi Martí, gasoso xerente de EDIGSA. Non que escribise en español, senón que fose ¡ maricón! Que así andabamos. E así nos ía.

Outro bombazo deses anos —que se dicía entón— foi o disco de Paco Ibáñez. *Los unos por los otros,* que incluía poemas de Alberti, Blas de Otero, Miguel Hernández, " Andaluces de Jaén", Gabriel Celaya, "La poesía es un arma cargada de futuro" (unha besta negra ferriniana).

Pero isto coincidiu co final do ano escolar. Con anterioridade descubriramos a este cantante gracias a Luís Mariño.

O Luís aportara á primeirat noite do peche na Facultade de Filosofía e Letras. admais da súa figura enxoita envolta nunha trenca azul, una milagroso *pick-up* que foi alimentado con, entre outras cousas, o *long-play* de Paco Ibáñez, no que canta a Lorca e a Góngora. Milagroso o *pick-up* e milagrosa a casa de Luís Mariño (retratada en *Xoguetes pra un tempo prohibido* por Carlos Casares) onde teño escoitado tanta música bcoa, bebido tanta copa e confesado tanta coita amorosa. Aqiuela casa, Caldeirería arriba, estaba chea de jazz e de músico francesa. E de libros, sempre as últimas novidades nos a ndeis dun dos mellores (¿tal vez o menor?) lectores de Galicia. Asocio, sobre todo, a casa de Luís con Brassens, Brel, Ferré, Ferrat, Anne Sylvestre (que coñecín alí), Bárbara, Moustaki, ¡Edith Pian ¿ Como podería esquecer á Pia f e o seu "Himno ao amor" que escoitei repetidas veces tunha noite na que en cas Mariño a xenebra sabía a tnágoa? Tanta xente ven á memoria se convoco esa casa: Alonso del Real e un banquete a base de lamprea; Perfecto Conde, que viña de escarallar un coche e o Luís ripiando o incidente: derroche, coche, troche, moche; Maribel Outeiriño, Amancio Prada, exquisito ata na arte do xadrez xogo, no que, de todas todas, remataba por gaaar; Xavier Carro, quen viña de publicar un libro de relatas en Galaxia, *As caleixas do zigurat:* Xaime Vilasó, Fermín Bouza, unha rapazota mesta e rubia que pasaba por alí, Culebras, e unha longuísima estadea de sombras ao acougco da música, da amizade, da xenebra, dos libros de Luís Mariño. E, naturalmente, tamén estaba Ánxela Beiras, daquela a muller de Luís, venezolana de orixe, os ollos verdes máis lindos que viron Santiago. E o sobriño de Luís, Xavier, a voltas con Tintín e Milú. (Milú non andaba por alí senón un dálmata, pero iso debeu ser cando Luís marchara para Ourense a traballar en *La Región.)*

Estaba a falar de música. Neses tempos era, maiormente, británica: The Beatles, The Rolling Stones, The Animals (fantástico Eric Burdon), nunha primeira ringleira. Logo, grupos como The Hollies, Herman's Hermits,

Dave Clark Five, The Tremeloes, a encher o asfixiante aire nacional. Aínda que certos grupos españois como Los Brincos (os da primeira época, antes da marcha de Juan e Junior), Los Relámpagos, Los Canarios, Lone Star, Los Pasos ou Los Pekenikes (os primeiros, claro) servisen para encher ocos con dignidade e animar os guateques. (En Galicia non había grupos "modernos", agás Los Tamara, ou Los Sprinter's de Ferrol, cun par de discos gravados, ou Los Sombras, que eran coruñeses.)

Entre os baladistas escoitabamos, desde logo, a Elvis e principiaba unha escota de cantantes melódicos británicos, Tom Jones, Engelbert Humperdinck, etc., que aquí arremedaban unha morea de vulgaridades encabezada por Raphael, Michel, Bruno Lomas (xa sen "os seus rockeros") e outros conxéneres que non enumerarei.

Todo isto en canto á música que tiña unha aceptación xeral, porque logo estaba a —digamos— minoritaria, que teoricamente debía ser do agrado dos universitarios malea que teño as miñas dúbidas, se consideramos que o *folk-long*, a canción protesta, a sudamericana ou o folk-*rock* esixen reflexión, unha certa tranquilidade anímica e, sobre todo, non se prestan ao "ligue". Premisas estas tres incompatibles coa masa (universitaria ou non). Bob Dylan, Donovan, Peter, Paul and Mary. Barry Mc Guire, Horacio Guarany, Los Fronterizos, Yupanqui, Raimon, Pí de la Serra, Jefferson Airplane ou Pentangle ían e viñan polos *pick-ups* das casas dos "progres", e mesmo algúns deles, v.g., Raimon, Quico Pí e Atahualpa Yupanqui, chegaron a cantar naquel Santiago nas vésperas do cambio.

Atahualpa apareceu, tan digno como vello, anos máis tarde polo Auditorio da Caixa de Aforros. Desde logo, non quixo cantar a mítica "El abuelo". *Está durmiendo*, explicou ante a insistencia dun sector do público. A verdade é que Atahualpa non estaba xa para trotes, aínda que "El abuelo" seguise martirizándonos nas guitarras e nas voces dos aspirantes a cantautores. Poñiamos un xesto moi sentido cando chegaba aquilo de:

*Hay cosas más importantes*
*que exista o no exista Dios*
*y es que "naide" escupa sangre*
*pá que otros vivan mejor.*

O pobo soberano, en Galicia —como en Andalucía—, consumía Manolo Escobar en plan masivo a través das emisoras de radio. Rarísimo era o paisano que neses anos non soubese cantar "Mi carro¨ ou "Madrecita María del Carmen", o que non deixa de ser curioso se consideramos a distancia que afastaba (agora falo de estética) ao habitante de Erviñou (Bembibre) do cantante de El Ejido ( Almería). E digo de Erviñou porque de ah procedía Pepiño de Rei, fiel admirador de Escobar e ocupante (canda nós) das. nada propicias aos peperetes, mesas do Bar Ferrol. De Escobar. cos anos, tomei cumprida vinganza nun artigo que escribín en *Leer,* verbo das súas letras e do seu impacto sociolóxico, o que. loxicamente, non serviu de nada, agás para a miña satisfacción persoal.

Tamén neses anos o público (galego ou non) gustou sobremaneira das cancións de Andrés Do Barro e Juan Pardo. Teño que aclarar que. contra o que se dixera entón. Do Barro non entrou na canción galega a remolque de Voces Ceibes. Do Barro ou Lapique Dobarro, para ser máis exactos. ferrolán e habitante das mesmas casas da Mariña nas que eu vivín alá polos últimos cincuenta, viña artellando as súas cancións canda nós, en Madrid, onde residía. Como tamén é certo que o seu primeiro recital —en Pontedeume— fora prohibido por "subversivo¨, e que o seu inicio discográfico, en RCA creo, foi un auténtico fracaso. Distinto sería que negase que no seu lanzamento definitivo —"O tren"— non houbese factores extraartísticos. O que non deixa de ser un *boomerang* na miña man: pois, da outra banda. dicían o mesmiño de nós.

Non quixera, con todo, facer leña da árbore caída, de quen, como Andrés Lapique Dobarro, despois de ter o éxito e o diñeiro a mancheas. veu morrer no máis esquecido dos esquecementos. Mágoa. Desde pequeniño fodéronme os "xoguetes rotos". E Bardo un grato recordo de Andrés. rapaz da Porta Nova ferrolá.

O de Juan Pardo —nado en Palma de Mallorca aínda que, así mesmo, criado en Ferrol— xa é outro conto. O Pardo, tras do éxito de "O tren". "Corpiño xeitoso", "Teño saudade", cancións das que era productor, viu o ceo "rexional" aberto. E entrou con armas e bagaxes na "canción galega". Primeiro, con textos propios ou do pintoresco vilalbés, Antonio D. Olano, e logo, xa postos, musicando os poemas máis enérxicos de Ramón Cabanillas. O que, admitindo a versatilidade musical do Pardo, non deixa de ser asombroso. Sobre todo ao escoitar a voz "vibrante" que Juan Pardo pretendía canxar nas proclamas agraristas do de Cambados. Unha pura brincadeira, un disparate, resultado digno de figurar, como diciamos entón, no "Celtiberia Show" carandelliano. ¿Recordades'? "Isto é de Celtiberia Show. Hai que mandarllo a Carandell para que o saque no Celtiberia."

Como cantar en galego estaba de moda, axiña subiría tamén Julio Iglesias ao carro da "canción galega", que, por certo, cada vez tiña menos do segundo. Julio arremeteu co seu "Canto a Galicia" que aínda hoxe seque cantando nas súas multitudinarias actuacións. Subliño o de multitudinarias, porque este homiño nin compón, nin canta, nin sequera dá unha imaxe definida. ¿Que ocorre para que Iglesias venda discos a millóns, arrastre auditorios e poña en pé a chineses e xaponeses con, precisamente. "Un canto a Galicia"? Un día destes terei que ir a un dos seus concertos para ver á xentiña coreando o gorguexo de:

> Eu canto a Galicia.
> terra do meu paeeee,
> eu canto a Galicia,
> miña terra maeeee,

e saber que demos está pasando que racha cos meus esquemas de que cousa é un fenómeno popular (ou de masas).

Outra que descubriu o filón canoro galego foi María Ostiz. Esta muller, antes de entrar na órbita do Opus Dei ( o que, segundo sabia definición de Alfonso Guerra, combina o cilicio co Remy Martín) chamábase Lorena e la

pola vida de "existencialista". Por al está a cólección da vella revista *Discóbolo* que non me deixará mentir. Pois ben, Lorella —xa María Ostiz— entrou a saco no folclore galego e fixo, con esa voz de mezzosoprano asacarinada que ten, unha versión fraudulenta de "A rianxeira" na que mesmo metía ao seu home, o futbolista Zoco *(con zoquiños de madera),* e combinaba, con aleivosía, o español e mais o galego. A canción circulou polos hit-parades, falsificou —aínda máis— a imaxe de Galicia e, o que foi peor, fixou definitivamente, para mal e entre amplos sectores, unha das mostras máis populares do noso folclore.

Pola mesma época aterrou tamén na *galician song* unha cantante galesa chamada Andy Silver. Andy, ao menos. versioneou o "Teño saudade" dobarriano. O texto deste sintomático título era de Xavier Alcalá, ferrolán tamén, aínda que nado en terras manchegas.

O Alcalá axiña desaparecería do mapa musical para entregarse a un ricaz labor como novelista. Eu, en canto lector, débolle o pracer que me causaron libros seus, tal *A nosa cinza,* precioso para entender o vieiro iniciático de toda unha xeración, a nosa, tomando como referencia aqueles anos escuros ferroláns, ou *A ínsua* e *Fábula.* Disfrutei bastante menos con *Tertulia,* aburrida —sobre todo na historia central— para todo o que agardaba dela. Ao Alcalá a penas o recordo nos tempos do Instituto. Era máis vello e xa se sabe que, na mocidade, a diferencia de idade é decisiva. Logo veu para Madrid e nas vacacións só tivemos un encontró, na Cafetería La Suiza, de Ferrol, sospeito que con mutua antipatía. Estabamos en barcos diferentes, o que, daquela, era moito dicir. Subido eu a lombos dunha esquerda dogmática e o meu interlocutor —verán do 68— letrista de Andrés Do Barro.

Quedaban, en fin, á parte de Do Barro, Pardo, Iglesias, María Ostiz, inimigos declarados de Voces Ceibes (tanto que os dous primeiros chimpaban declaracións agresivas contra nós que, dentro do posible, respostabamos con idéntica violencia), cantantes independentes: Ana Kiro, Bernardo Xosé ou Xil Ríos.

Subliño a súa independencia porque ían ao seu aire. eran monolingües (polo menos nun principio) e, sobre

todo. tiñan un éxito tan relativo que, de ceno, amolaban máis ben pouco, que todo hai que dicilo. De entre eles salientaba a difusión que xa tiña Ana Kiro no mundo emigrante. Aínda hoxe *é* digno de ser anotado o número de casetes delta cantante (agora comeza a facerlle competencia Aurita Moscos°, *¿el* terá algo que ver co Xerardo?) á venda nos expositores dos bares das estradas. Bernardo Xosé e Xil Ríos facían baladas entre *cursis,* cheas de tópicos e choqueironas. Dotado de máis voz o segundo, pero con maior ductilidade compositora o primeiro.

E logo estaba a "terceira vía", representada por Xoán Rubia. Souben de Xoán, estudiante no Instituto Ferrolán, mugardés, nun festival do Nadal no centro escolar que nos aloxaba. O Xoán, voz fermosa e ben modulada, abraiara ao auditorio con "Cae la nieve", de Adamo, e "Oh. mi Señor¨ (versión española da canción italiana coñecida aquí a través de Mike —hoxe Miguel— Ríos). O auditorio saíu facendo cruces do talento musical daquel condiscípulo, tan alleo el coma nós ao papel que habería de xogar na, anda nin sequera en xestación, "nova canción gatea-. Ou *cantiga,* como algún erudito pretendeu bautizala. De feito. EDIGSA chegou a facer uns carteis do arxentino Pérez Sánchez con tal nome. O devandito festival debeu ser no ano 65 ou 66 todo o máis.

Xa en Santiago. no curso seguinte á aparición de Voces Ceibes (o 68-69), batín cun Xoán Rubia equipado cunha boa bagaxe de cancións en galego. Se non recordo mal, os seus primeiros patrocinadores foron a boa xente do Padre Sarmiento, que o levaron diante de Benedicto. Este, moi no seu papel de aduaneiro maior da canción galega, someteu ao mugardés a unha especie de exame o que. dalgunha maneira, afastou a Xoán Rubia do son con sabor a dogma. Isto non quita que —sen formar parte de Voces Ceibes— o Xoán cantase con algún de nós, Xerardo, Guillermo. eu mesmo, en bastantes ocasións. E que. de feito, levara no repertorio cancións tan fortes como é a dos "Obreiros de Cee¨, primeiramente cantada coa música de "Cuando salí de Cuba", de Luís Aguilé (que cousas, ¿non?), e máis tarde reciclada polo Rubia.

Unha vez en tratos con EDIGSA, os cataláns viron

(erroneamente) en Xoán un filón económico que compensase a mala inversión (dicían) da súa entrada na canción galega. E desta maneira andaron a xogar coa terceira vía —nin claramente política, nin tampouco pachangueira- que o Rubia prometía. Nada importante, malia a fermosa voz do mugardés e a súa imaxe de bonhomía. Mesmo chegaron a facer con el un disco de espirituais, aproveitando unhas adaptacións que fixeramos o Moscoso e mais eu, para apuntalar o lado mais "comprometido" do de Mugardos.

Fóra de EDIGSA, e totalmente afastado de nós, o Rubia acadou unha certa popularidade chegando a cantar en salas de festas. Desa época debe ser a súa canción " Meu pobre neno progre" (non garantizo a exactitude do título pero os tiros ían por aí), mostra do resentimento do cantante vocalmente máis dotado que aqueles tempos deran. Da súa etapa discográfica en ZAFIRO-NOVOLA conservo un long-play chamado *Lembranzas:* textos de Ferreiro, Curros, García Lorca, o GAC portugués, Fermín Bouza Brey (pois de don Fermín é "O can ten frío", galano a Xoán dos tempos do Padre Sarmiento) e o propio Rubia. Caos e ambigüidade. tan imcomprensible para nós daquela, marcando a .ruta da terceira vía que Xoán Rubia emprendera, en parte pola súa vontade, en parte polos nosos desacertos e dogmatismos.

(E vou e poño no *pick-up* —que agora é xiradiscos- *Lembranzas* e sigo pensando que si. que a voz de Xoán Rubia é tan fermosa e ben timbrada coma cando, no Instituto Ferrolán. "caía a neve" e as cousas en provincias eran, ás veces, sorprendentes.)



Xuvia (Neda).



Ferrol, anos 60.



Xosé M. Dobarro e Vicente Araguas. Ferrol, 1967.



Instituto Nacional E. M. "Concepción Arenal". Ferrol.



Xoaquín Lens, Vicente Araguas e Javier Fuentes, representando *Escena para catro personaxes* de Ionesco. Ferrol, 1967.



Vicente Araguas camiño de Portu gal. 1967.



Xaime Gómez Vilasó. 1968.



Camping de Samil. 1967.

# HAI VINTE ANOS QUE TIÑAMOS VINTE ANOS

# PRIMAVERA DO 68

A década dos 60 vai quedar co apelativo de "prodixiosa-. E eu estou de acordo coa denominación. aínda que, mágoa fora. só fose porque entón tiña entre dez e vinte anos. o que. de certo, pon o corazón a xogo con milagres e prodixios. Pero é que. ademais. pasaron ben de cousas, tantas. que faría falta unha chea de volumes, deses que chaman "crónicas da humanidade-, para analizala. En España. se cadra. faltou unha colisa para completar a diversión. A caída do fascismo: pacífica ou violentamente, que iso daquela tanto tiña. De al que neses anos a ETA e Machado fosen compatibles.

De todas as maneiras, os 60 ademais de "prodixiosos- resultaron "libertarios-. Foron os anos *anti* (psiquiatría. cultura), da revolución musical *e* a indumentaria. os da vulgarización dos anovulatorios, liberando á muller (e ao home do terrible condón, que Deus o confunda, parafraseando o chiste de Fernando Quesada), do *aggiornamento* católico e do auxe das relixións e filosofías orientais, dos *hippies,* e roáis, bastante máis, ata facer unha longuísima ringleira acompasada polos Beatles, *Revolution.* The Rolling Stones. *Let's spend the night together* ou Bob Dylan. *The times they're changin*.*

Cerrándose a década os novos aires callaron en todos os sitios: Berlín, Berkeley. París, Praga. con especial incidencia no ano 68. e coincidindo, precisamente. coa primavera. Con anterioridade os chineses puxeran en marcha a revolución cultural que hoxe, ao ben visto –aquí picarnos *como chinos–* nin foi revolución nin cultural nin nada.

Soamente un acto brután, e. xa que logo, fascista de imposición de ijdeoloxías?, sen ricino nin *manganelli* pero con asasinatos, depuracións e presidios. En Alemania, en USA ( no contexto da terrible guerra do Vietnam), en Francia, en Checoslovaquia a xente pedía un cambio mental, un troco de estructuras. En París, Berkeley, Berlín, o combate morreu coa beleza con que o fan as desfeitas imprecisas. En Praga, pola contra, os tanques soviéticos esmagaron a primavera sen deixar un só búcaro con flores. (Naqueles días, Alberto Martín de Hijas, un dos tipos con máis "chispa" de Santiago, negáballe a man aos membros do PC cun irónico: "non que me invades-. O que era historicamente inxusto, pois Santiago Carrillo rexeitara a invasión soviética de Praga, o que, á súa vez, activaría a escisión listeriana.)

Curiosamente o "Majo compostelán" activou o seu reloxo en, polo menos, tres meses. Case que despois das vacacións de Nadal —que deberon quentar os ánimos— comezaron as escaramuzas. A espoleta foi o señor Ocón, decano de Ciencias —home forte, *chulo* (por dicilo en termos castizos) esquiador en tempo de lecer— quen, polo visto, negaba a entrega duns cartos que pertencían ao sindicato de estudiantes. Eran malos tempos para a libre sindicación, desde logo, pero aínda así os elementos "subversivos", no que non andaban errados o señor Ocón e conxéneres, aproveitahan todo buraco legal posible para entobarse nel. Desta maneira os delegados de curso, facultade etc., eran case todos da *cáscara amarga,* expresión pintoresca e xa desaparecida. E os que non o eran podían pasar por "compañeiros de viaxe". Outra expresión superferolítica que deu título a un libro de Gil de Biedma, poeta que liamos con fruición, daquela e hoxe. Atrás quedara o cisne de SEU e as APE, intento do verticalismo de crear un instrumento leal ao Réxime, que tiña á cabeza a Ortega Escós, morto aínda novo e mozo dunha rapaza. Cristina, que pasou algún verán en Xuvia.

Pois ben, Ocón, tan garrido, non só non entregou o diñeiro senón que pechou a oficina onde tiñan lugar as xuntanzas dos delegados da Facultade de Ciencias. Isto debeu ser polo final de xaneiro. Un día de domingo. cho-

vendo a Deus dar. haixamos ao campus a obstaculizar a inauguración dunha estatua arrepiante. en plan pseudo-Gargallo, polas autoridades universitarias. A cousa quedou nunhas carreiras diante dos "grises" e no canto do *Gaudeamus Igitur,* himno obsoleto e inocuo. ademais de reaccionario, coas súas aclamacións á Academia e aos profesores que, naquel domingo gris e de chuvia. co señor Ocón ao fondo. eran especie a denigrar e. mesmo, a destruir. Pero, marabilla, rematando a ceremonia, antes das carreiras, alguén repartiu un texto ciclostilado que, máis ou menos comezamos todos a cantarolar. Era o "Venceremos nós", versión galega do mítico "We shall overcome-, que algúns coriecíaitios pola voz de Joan Baez e que agora aparecía vertido, moi hen vertido ao galego. por Xosé Luís Franco Grande. Xuraría que foi o día da estatua o primeiro en que se cantou en Santiago o despois tantas veces repetido himno se ben como tal, tocante á música, non teña excesiva forza. quizais un certo aire de belísima derrota que foi, certamente, como había de rematar a batalla que a penas estaba no seu comezo.

Metidos en febreiro e na famosa roda ou espiral de acción-represión-acción (ou o que é o mesmo. manifestacións-detencións-manifestacións, e recordo unha especialmente destemida que arrincou da Comisaría de policía —onde había detidos— tendo detrás o cuartel da Garda Civil e na que tivo participación destacada Xulio Calviño). os aires de protesta levaron aos estudiantes a facer unha sentada —ou *sit-in* segundo a terminoloxía berkeleiananо primeiro andar de Filosofía e Letras, diante do negociado da devandita facultade. ¿Por que alí'? Primeiro, porque Ciencias estaba pechada: e, segundo, porque, como se agardaba, non tardou en facer acto de presencia o propio Ocón. Os berros e os cantos que ata ese momento soaban deixaron paso a un teimudo: "Ocón, ladrón. Ocón. ladrón" que, lonxe de botar atrás ao impertérrito decano. fixeron que o esquiador ocasional e doutor en Química, entrase no recinto burocrático despois de chimpar algún lapote aos sentados discentes. Postos estes en pé. arreciaron os berros ( Ocón xa acobillado detrás da porta do negociado) e saíron en manifestación cara ao Hotel Compostela, a par do

cal había un estratéxico semáforo e paso de cebra no que, tras sentada previa, era factible interromper o tráfico da estrada Coruña-Pontevedra.

A partir de aquí. principios de febreiro. Ocón desapareceu do mapa e, unha vez rematado o curso, tomou o mesmo rumbo dos estudiantes expedientados: cara a outros centros universitarios. Alguén dixo que Ocón marchara a La Laguna. Eu non podo aseguralo. Si que, no interim, unha filia súa, Loira e longueirona coma o pai, malevolamente alcumada A *Ocona*, recibiu insultos e mofas no rueiro. o que non deixaba de ser tan inxusto como triste.

Pero a roda. digo, seguía dando voltas. Agora a folga era xeral. E non cesaría en tres meses, agás en Farmacia onde nunca empezou. O simpático de todo foi que, ao seu remate, Farmacia (con outros métodos, desde logo) comezou a súa particular loita por razóns corporativas. A penas recordo un par de estudiantes de Farmacia contestatarios. Pedro, un rapaz santanderino, militante e poeta, que había morrer axiña en accidente de tráfico, e ¿como non?. Mari Cruz, de Abadín. moza todo vontade, que circulaba por peches e asembleas con despiste máis que regular, convertendo a súa participación en algo tan estimulante como imprevisible.¿Entre parénteses direi que o máis bonito das tres xornadas que pasamos na Facultade de Filosofía e Letras. en febreiro do 68 foi, precisamente, a fauna pintoresca que alí encontrou acougo (non os tres ou catrocentos estudiantes politizados, aínda que tamén). A liberdade que alí se respiraba era para todos. E a xente. por máis que non reflexionase nisto, intuía que alí se estaba argallando un festín libertario.

Querían participar nel. Alí estaban os elementos "apolíticos" á beira dos politizados, *e* compartían cantos, berros, panfletos e consignas coma quen espera o novo día. Ocón xa quedara lonxe. Xa case non facían falta pretextos. Soamente a imperiosa, a urxente necesidade de franquear portas e derrubar murallas, de amplificar aquela illa —aberta a todos, cerrada a ninguén— que alzaramos no primeiro andar da vella Facultade de Filosofía e Letras, debaixo dos retratos de tantísimo prócer (entre eles Alfredo Brañas, e Rodríguez de Viguri) que por aquela casona, en tempos, deambularon.

A cousa comezara cunha asemblea na Facultade de Filosofía e Letras ao remate da cal, no canto de saír en manifestación, decidiramos agardar alí a que viñesen tempos mellores. Corrida a voz chegaron reforzos a engadir aos primeiros ocupantes. ata formar un colectivo dunhas cincocentas persoas. O curioso é que os "grises¨ que patrullaban no exterior non fixeron, de momento. nin intento de entrar, limitándose, a partir de certa hora, a impedir o paso de máis xente. Polo visto o gobernador civil, señor Avendaño –que tiña un filio no San Agustín. estudiante de Medicina e coleccionista de fetos en formol–, non era o clásico energúmeno e mantiña unha sibilina táctica de *laisser faire* que, pasada a primavera, habería de custarlle o posto.

O rector, señor Jorge Echeverri, tampouco estaba polo labor. Así, entre un e mais o outro. foron deixando a casa ( a casona nese caso) sen varrer. do que nós, naturalmente. tomamos vantaxe. Os "grises¨ quedaron fóra –recordo ao inefable Culebras departindo con eles a través das reixase nós no interior, cheos de pacifismo e de boa vontade.

Dentro a penas ocorría nada (non era unha ocupación moi activa) agás que a xente, sentada no chau ou deitada. ( alabamos, cantabamos ou escoitabamos a música, que viña do *pick-up* de Luís Mariño, maiormente Paco Ibáñez interpretando a García Lorca e a Luís de Góngora. Por certo que o *pick-up* non era precisamente pequen°, o que demostra que. á parte de que daquela non había casetes, ocuparamos a casona como algo propio.

A noite foi pasando, xa digo. sen maiores incidentes. agás a excitación evidente entre os que sabían que. dun momento a outro. a policía podía escarallar o pasodobre aínda que ah nada bailase senón os pensamentos, propios ou compartidos. Algunha parella. se cadra, aproveitaba a emoción "histórica" para apenar, aínda máis o entresoño. Tampouco moito. Agudo era unha celebración ben puritana.

A iso das oito da mañá entrou Eduardo Varela (que pasara a noite conspirando pola cidade) coa prensa e uns titulares ben rechamantes, sobranceiramente os de *El Ideal Gallego,* verbo da ocupación da Facultade. Os "grises", no exterior. seguían impertérritos, tanto que ao longo do día a

múdez. Xerardo Moscoso, Begoña, Juan Caunedo, Romani, Moreno Castillo, Geluco Guerreiro, Mauro Fernández, Obdulia, Luís Mariño, René, Ana Eiroa, Rafa Bárez, Culebras. Reverter, Eduardo Varela, *Pepe Lolo, Morris,* Pepiño Casal, Cristóbal. Pepe Mora. Martín de Hijas, Vicente Álvarez Areces, Elvira Macho-Quevedo, María Xosé Galdo, Fausto Dopico, *Titina,* Teresa Rego, *Chino* Facal, Xulio Calviño. Inocencio Pereira, Márquez. Suso Betanzos, Fernando Acuña. *Dracula.* Luís Martul. Xosé Manuel *Alegrías* Varela, Domenech, Vicente Irisarri, María Xosé *A China,* Cortizas, Marisa Melón, Luz Pousada, Garcés, Mato, Elisa Aboy, Branca e Pepe Caamaño, Miguel Mariño, Pedro de la Fra4ua, Sanxoás. Bernardo Máiz, Luz Rubiños, Ana Burgos, Chedes, Balbino Viña, Emilio Gregorio. Pili Viana, Alén, Mariluz Couceiro, Pedro Luaces e tantos outros que alí estiveron aquelas noites botándolle un pulso ao fascismo cando con Ginsberg criamos que. definitivamente, *The weight of the world / is love!*

A partir dente día os "grises'· volveron ser como adoitahan, instrumento represivo dun sistema dictatorial (daquela liamos a Duverger. que distinguía entre réximes fascistas e paternalistas, correspondéndolle ao franquismo o segundo apelativo: para min que se trataba dos mesmos cans con distintas cadeas). Acabáranse, pois. as contemplacións, e a pasividade diante do peche da Facultade de Filosofía e Letras ficou en mera anéctoda.

E agora unhas palabriñas verbo da Policía Armada, herdeira directa da Guardia de Asalto republicana. Os seus membros levaban un uniforme obsoleto composto de pantalón, chaqueta e ¡abrigo! A cabeza tapábana cunha especie de pucha de chofer e, nos pes, zapatos. Falo, desde logo, dos "grises¯ que circulaban por Santiago e que eran alleos aos "antidisturbios¯ —dotados doutra vestimenta— que comezaban daquela a aparecer noutras universidades e que fixeron acto de presencia en Ferrol o aciago 10 de marzo de 1972.

Estes homiños tiñan tan lavado o cerebro (tan "comido o coco¯, na expresión certeira de hoxe) que en Madrid empregaran unha curiosa estrataxema con eles. Posto que cargaban como con anteolleiras e coa fixación de "estu-

casona foi enchendo o bandullo con novísimas incorporacións. Agora entraba en xogo o estudiantado máis alleo á cuestión da que falei con anterioridade. Mil persoas, tal vez, botamos a noite segunda e, se cadra, con bastantes máis nervios. Maiormente porque a chamada forza pública fixo varios conatos de entrada, o que chegou a provocar situacións de pánico entre os que coidaban que aquilo, ademais dun acto político, tiña certo sabor a *happening* de San Francisco.

Esta segunda noite había guitarras e máis desexos de amor e camaradería que na primeira onde, á fin, mandaba certo ordenancismo político. A segunda noite foi a da *pachanga* ideolóxica (no interior) e a da *yenka* da confusión (¿,recordades?) *izquierda, izquierda, derecha, derecha, adelante, atrás, un. dos. tres* para os "grises- do exterior. sometidos a ordes e contraorden que non facían máis que alporizalos, como xa se vería. O día acabou por vir e a xente "simpática" por escoller o camiño do fondo que non os habería de levar á Facultade de Filosofía a pasar a terceira e definitiva noite, na que ficariamos douscentos ou douscentos cincuenta ocupantes.

No interim as reivindicacións (devolución dos fondos sindicais, non aos expedientes que xa mostraban as orellas, liberación dos detidos) seguían sen resposta. O peche continuaba. coa seguridade dos seus protagonistas, activos e pasivos, de que a froita estaba a piques de caer. Ahondaba con que o señor Avendaño abanease a árbore, cousa que fixo ao mencer da noite terceira. Iso si, a forza pública entrou na Facultade e tivo a santísima paciencia (ordes de arriba, evidentemente) de collernos no colo aos máis rebeldes, baixarnos polas escaleiras. e pousarnos. con delicadeza versallesca, no chan da porta da casona. Liscamos, pois, agardando tempos mellores e deixando atrás os campos de amorodo para sempre. Porque, a partir de aquí, o resto da revolta foi unha pura labazada. logo que a forza pública recuperou a vergonza (á forza aforcan, disque) perdida por causa dos seus superiores.

¡Ergo a mida copa de papel por Pancho. Tuco Cerviño, Xaime Gómez Vilasó, Pedro Mariño. Fermín Bouza, Mari Cruz, Enrique Anciones. Pili Tesouro, Quiques, Pepe Ber-

gado lecer eu frecuentaba o andar superior do Café Cantábrico en compañía de Pilar Viana, Ana Burgos, Ana Eiroa, Skipper, Santiago Eizaguirre, Alén e algún outro que non recordo. Ali escribín unha obra de teatro, *Pleamar, ¿e despois que?,* moi na moda absurda ou "pánica" que tanto amaba.

*Pleamar,* obra maniquea na que os bos falaban galego e os malos español, estivo a piques de estrearse no Colexio Peleteiro, dirixida polo Vilasó e con *Morris* como primeiro actor, o curso seguinte. O estado de excepción daría ao traste con isto (como con tantas outras cousas).

Ao remate dunha das asembleas "medicinais" ás que me teño referido, un grupo numeroso (tal vez duascentas persoas) decidimos Picar no recinto ata que se resolvese non sei que petición, que non lembro agora e supoño que non debía ser demasiado desorbitada. Levariamos alí cousa de quince minutos cando, na porta central, aparece un capitán da Policía Armada provisto dun megáfono e rodeado de "números". O capitán, do que recordo un rostro ben enérxico e rubio, adornado cun bigote cativo dos que chaman "de alférez provisional-, indicou polo megáfono que, se ao terceiro toque de corneta non desaloxabamos, a . *fuerza* procedería a cargar. Resposta suicida: o "Venceremos nós" a todo pulmón por parte dos concentrados. Entón, e despois dun único cornetazo. aqueles mangallóns cargaron. Houben de caer no chan dado o tremor que Ile entrou a unha rapaza sentada á miña beira (Mari Luz Couceiro, muller de gran humanidade en todo o senso da palabra). Talmente semellaba o Maelstrom que eu acababa de ler nun conto de Edgar Allan Poe. Simultaneamente un grupiño —no que estaba Fermín Bouza— intentou liscar por unha porta lateral, batendo co comisario señor Armada. que a pechara. Nese momento, á miña esquerda. había un tipo, alto. fraco e con barba. defendéndose cun paraugas da "defensa" (termo eufemístico, claro) dun "gris". Nunca esquecerei a aquel fulano, que semellaba moi dentro na arte da esgrima. Logo aquilo foi a de Troia, ou un campo de Agramante. Cadeiras chimpadas polo chan, fuxitivos [a] tropelándose uns aos outros, lentes e zapatos espallados. Despois viría a segunda parte consistente en baixar a esca-

gado lecer eu frecuentaba o andar superior do Café Cantábrico en compañía de Pilar Viana, Ana Burgos, Ana Eiroa, Skipper, Santiago Eizaguirre, Alén e algún outro que non recordo. Mí escribín unha obra de teatro, *Pleamar, ¿e despois que?*, moi na moda absurda ou "pánica" que tanto amaba.

*Pleamar,* obra maniquea na que os bos falaban galego e os malos español, estivo a piques de estrearse no Colexio Peleteiro, dirixida polo Vilasó e con *Morris* como primeiro actor, o curso seguinte. O estado de excepción daría ao traste con isto (como con tantas outras cousas).

Ao remate dunha das asembleas "medicinais" ás que me teño referido, un grupo numeroso (tal vez duascentas persoas) decidimos ficar no recinto ata que se resolvese non sei que petición, que non lembro agora e supoño que non debía ser demasiado desorbitada. Levariamos alí cousa de quince minutos cando, na porta central, aparece un capitán da Policía Armada provisto dun megáfono e rodeado de "números". O capitán, do que recordo un rostro ben enérxico e rubio, adornado cun bigote cativo dos que chaman "de alférez provisional". indicou polo megáfono que, se ao terceiro toque de corneta non desaloxabamos, a *fuerza* procedería a cargar. Resposta suicida: o "Venceremos nós" a todo pulmón por parte dos concentrados. Entón, e despois dun único cornetazo, aqueles mangallóns cargaron. Houben de caer no chan dado o tremor que lle entrou a unha rapaza sentada á miña beira (Mari Luz Couceiro, muller de gran humanidade en todo o senso da palabra). Talmente semellaba o Maelstrom que eu acababa de ler nun costo de Edgar Allan Poe. Simultaneamente un grupiño —no que estaba Fermín Bouza— intentou liscar por unha porta lateral, batendo co comisario señor Armada. que a pechara. Nese momento, á miña esquerda, había un tipo, alto, fraco e con barba, defendéndose cun paraugas da "defensa" (termo eufemístico, claro) dun "gris". Nunca esquecerei a aquel fulano, que semellaba moi destro na arte da esgrima. Logo agudo foi a de Troia, ou un campo de Agramante. Cadeiras chimpadas polo chan, fuxitivos a tropelándose uns aos outros, lentes e zapatos espallados. Despois viría a segunda parte consistente en baixar a esca-

leira central, vixiada por "grises", e chegar á porta, tamén protexida polos subordinados de Camilo (por mal nome Camulo) Alonso Vega, ferrolán, e daquela ministro de Gobernación.

Pola escaleira caeu a rolos Branca Caamaño, que la diante miña e levaba unhas medias de malla, a forza de golpes. Sería interesante subliñar que, se algúns daqueles " maromos" respectaban ás mulleres, outros mallaban nelas aínda con maior furia. Do que Freud, sen dúbida, tiraría algunha sabia deducción. En canto aos homes, todos levarnos de todos, agás dun par de policías, non sei se demócratas ou temerosos de Deus, que deixaron en paz os nosos lombos. Recordo como quedou especialmente mallado un tal Nacho, estudiante de Ciencias e sinaladamente valente, pois padecía do corazón. De Nacho, despois, correron a voz de que estaba morrendo, o que non foi certo xa que reapareceu na seguinte asemblea.

O último que me vén á miña mente de día tan aciago é un "gris-, xa na porta de entrada, repartindo mocazos a eito, pois o condenado facía molinetes coa *defensa regulamentaria*. Xa no exterior lembro a Fermín Bouza e Xaime Gómez Vilasó detidos, esposados e conducidos á Comisaría nun daqueles jeeps que chamabamos *fresqueras* en clara referencia (propia ou herdada) de cando, ao non haber frigorífico, os alimentos eran gardados en caixóns forrados con teas de aramio, que colgaban das paredes de fóra das vivendas. Despois, un grupiño fomos á casa de Angel Jorge Echeverri, Rector Magnífico, para protestar da barbarie policial, máxime tendo lugar esta nun recinto académico. Naturalmente, o señor rector —era a hora do xantar a todo isto— ou non estaba ou non quixo recibir a tan espontánea e escarallada comisión.

Por aqueles días (falo do mes de marzo) veu a Santiago o Director Xeral de Universidades a falar do conflicto. El tampouco quixo dialogar cos representantes do estudiantado, polo que estes, a noite da súa partida, foron despedilo á Estación do Ferrocarril. Digo foron porque eu quedei á metade do camiño, no Hórreo, entre un grupo interceptado pola policía. Desta volta a estratexia policial traballou á perfección cortando aos manifestantes en dous sectores e

atacando duramente aos de cabeza (que chegaran xa á Estación e que á súa vez, utilizaron por primeira vez as pedras, os paos e as barricadas). Arriba, no Hórreo. escoitábanse os croiazos rebotando nos coches, os golpes de bucina e mesmo algún disparo. O señor Director de Universidades, mágoa fora, non picara no anzol. El colleu o tren de volta a Madrid en Padrón.

O gobernador, coincidindo co natural desgaste do estudiantado e a proximidade das vacacións pascuais, sancionou con multas a algúns dos estudiantes máis significados, entre eles: Pancho Fontenla, Tuco Cerviño, Pedro Mariño, Xaime Gómez Vilasó, Fermín Bouza, Bárez, Luís Mariño e Pepe Caamaño. Como ningún destes pagou a multa alá foron todos para a cadea da Coruña, da que saíron o Venres Santo. A volta das vacacións aconsellaba a súa posta en liberdade: e tamén o simbolismo da data. O nacional--catolicismo, aínda que en aberta desfeita, tiña estes detalles. Xa todos en Santiago, comezou unha nova rolda asemblearia. Agora as asembleas contaron coa incorporación dun elemento ben pintoresco: Don Ángel Fenor de la Maza, antigo avogado en exercicio en Ferrol.

Don Ángel, que tiña un Pillo, brillantísimo estudiante de Dereito, pretendía calmar os ánimos asemblearios con argumentos oratorios da vella escola. Daba xenio escoitar a Fenor, tan traxeado e serodio entre a caterva barbuda, de pelos grandes. panas e trencas, coas súas divagacións, paternalistas, demagóxicas, un chisco "marcianas" e, case que sempre, apupadas. Pero Don Ángel proseguía impertérrito, a pesar da escandaleira que provocaban as súas intervencións. Demagoxicamente brillante estivera un tal Ricardo ( nunca souben o seu apelido, só que estudiaba Dereito e era amigo de Branca Caamaño) quen, apoiado na súa boa presencia. botara un *espiche* á maneira do John Fitzgerald Kennedy do *new deal*. Algo así: "Din que tal e tal. ¡Que veñan e verán! Din que bla, bla, bla. ¡Que veñan e verán! Din que isto, o outro e o de máis alá. ¡Que veñan e verán!". Pero o certo é que. malia tan colorística intervención e aínda que se correra a voz de que chegaran autobuses de Madrid con reforzos estudantís e mesmo de que alguén ?airara que o propio *Billy el Niño* xa estaba na

Comisaría para dotar de máis morbo ás detencións, a loita comezaba a perder folgos. Xa ben metidos en abril e diante da perspectiva de perder o curso, a masa universitaria poñía en tea de xuízo todos os ideais. Estabamos fricando sós a xente da primeira e a terceira noite na Facultade de Filosofía e Letras. Os demais marcharan no globo que, entón, estaba ancorado no teito da vella casona, fronte de Radio Galicia e a par da estatua do vello cacique Montero Ríos. Estabamos ficando tan sós que, á hora do reconto na votación final (nunha aula de Filosofía e Letras) o si da volta á clase resultou claro. Bastantes máis incertas eran as posibilidades de que non houbese represalias, expedientes, expulsións da Milicia Universitaria, degradacións, etc. Porque o problema esencial era, ¿que negociar e con quen? O gobernador civil saíra encopetado de A Coruña. O rector magnífico, señor Jorge Echeverri, ao remate do curso tivo que ceder o posto a un home do Opus Dei, García Garrido, catedrático de Dereito Romano e dotado de maior carga ideolóxica (reaccionaria) có seu antecesor. Á vista do panorama, só quedaba pregar as bandeiras e recollerse nas aulas, agardando a ver que novas podía traer o vento.

Que agora, morrendo abril, plantaría, como loureiro, como rosa dos ventos, como papoula —e digo isto coas debidas reservas polo pésimo uso que a poesía social fixo de flor tan fermosa—, por rúas e recantos, polos tellados, inferniños e cataventos de Compostela, un novo son. Un novo son, unha voz nova, a da canción solidaria, tan vella coma o mundo, pero que alí, na Compostela da "desfeita", á espera de tempos mellores, loaría como o galano recén e último que todos iamos facer a todos. Entraba, pois, o 26 de abril, e con el o que sería a "nova canción galega". Despois chamouse Voces Ceibes.

## AS VOCES CEIBES

A "nova canción galega", coma os reloxos, a televisión ou os coches, non a inventou ninguén con nome e apelidos. Quero dicir que xurdiu simultaneamente e a varias voces. Dunha banda estaba Benedicto, que dera un recital nunha aula (a número 2, creo) de Filosofía e Letras, tal vez en febreiro do 68. Da outra, Xavier González del Valle ( un dos primeiros musicadores de Celso Emilio Ferreiro, moi sinaladamente de "María Soliña"). No Colexio Maior San Agustín paraba Xerardo Moscoso, quen tiña dúas ou tres cancións en galego. Guillermo Rojo puxera no papel pautado varios textos propios. Ao tempo, como xa se vería, iniciaba o camiño en Barcelona Miro Casabella. Asemade Aurichu Pereira musicou —e moi ben, por ceno— poemas de Salvador García-Bodaño. Nun momento dado, estiveron a piques de aparecer en disco coa voz de Anxo Tarrío, quen, ademais doutras aptitudes, tiña a de ser un bo cantante e mellor guitarrista. Como tal figurara na formación do trío santiagués Los Bardos. Por Madrid circulaba outro Xavier González que, durante un tempo, fixo dúo cunha rapaza de voz fermosa, María, nos últimos anos dedicada á gravación de *jingles* publicitarios. Sen esquecer, desde logo, a Andrés Do Barro, daquela tamén en Madrid e, así mesmo, cantante monolingüe. Nin a un par de ferroláns, Emilio e Fernando, que ficarían axiña á beira do camiño. Quero dicir con isto que só faltaba por dar o pistoletazo de saída. Xente había, aínda que moitos ficasemos no papel honroso de "precursores".

Eu, xa dixen, aproveitando a ausencia de Isaac Ángel,

la poñendo en orde as miñas ideas musicais. De cando en vez coa proveitosa axuda de Antón Seoane. Desta maneira, nunha das sentadas do inicio da folga tirei de guitarra, apoiei o pé nunha papeleira e botei un par de cancións miñas e, xa posto, (sempre pensei que o exceso de seriedade é malo para o fígado e pon engurras na faciana), unha versión esperpéntica de "Puppets on the string", que en galego resultaba "Espantallos na piola".

Por alí tamén estaban Inocencio Pereira e Xulio Calviño, con quen recitara poemas de Miguel Hernández. Un deles, seguro, "Los cobardes". Ao Xulio deixei de velo axiña (hai pouco sorprendeume gratamente o correo cun envío de libros seus, acedas e divertidas narracións, sabia' teoría novelística e poética, desde Málaga, onde vive e escribe actualmente) pero gardo del —ademais do seu aspecto becqueriano que diría Moreno Báez— o recordo da derradeira pintada en comandita: "Franco cabrón" nunha das escaleiras interiores da Facultade de Filosofía e Letras, coa folga xeral morta e enterrada.

Consecuencia desta improvisada actuación, cun repertorio feito por min e por Sandie Shaw, recibín certa visita no Colexio Maior, a principios de abril, que me deu que pensar. O caso é que na miña ausencia apareceu un individuo que, pola descrición: maior, entradas na cabeleira, traxe e gravata, podía ser un membro da Brigada Político--Social (BPS). Como eu non estaba, o tipo deixou unha tarxeta —máis raro aínda, un estudiante con tarxetas-citándome no Café Royal. Desestimando toda prudencia alá marchei á hora prevista, atopándome co cordial e ceremonioso Xavier González del Valle, serodio estudiante de Químicas, que nunca remataría e que se presentaba como cantautor. Falaba dun posible recital en Medicina. Quería contar comigo.

Fixamos unha cita posterior no Colexio Maior San Agustín e alí, na sala de música, tivo lugar o meu encontro primeiro con Benedicto, que viña con Xavier e Guillermo Rojo, acompañado este dun rapaz ao que esquecín e seica era tamén cantante. Pola miña banda aportei a Xerardo Moscoso —compañeiro logo de tantos avatares, intrigas e conversas— quen volvera das vacacións pascuais e coruñe-

sas con algunhas cancións, músicas Búas, textos de Xoán Les e Xoán Freire. Desa xuntanza sairían os plans para o mítico recital do 26 de abril na Facultade de Medicina que, contra todo prognóstico, recibiría o *nihil obstat*. A noticia de que algo la pasar na Facultade correu coma a pólvora, polo que os carteis —manuais, e nos que poñía que cantarían, Xavier, Benedicto e outros— soamente tiveron un valor simbólico. Coma o solto aparecido en *El Correo Gallego*, único xornal galego que fixo publicidade do acto. Antes e despois, xa que días máis tarde Couselo adicou unha páxina enteira a todos e cada un dos cinco participantes. Xa non conservo o recorte, pero teño idea de que na foto aparecía eu cantando con "americana" e na lapela unha insignia pacifista, xa sabedes: a da pata de pomba, que me dera anos atrás Paco Rodríguez no Colexio Maior San Juan Evangelista, en Madrid. Daquela o Paco era delegado de Filosofía e Letras da Complutense e creo que estaba afiliado á FUDE. Desde logo xa era o tipo destemido que hoxe coñecemos.

Dicía que a noticia correra coma a pólvora: é dicir, polo sistema orella-boca. E de tal maneira que para a nosa sorpresa, a da policía e mesmo a das autoridades académicas, o paraninfo de Medicina estaba cheo a rebentar. Non menos, tal vez, de dúas mil persoas rodeando a tarima dos cantantes, subidas nos alto-falantes e nos peitorís das fiestras, de pé nos corredores, nas portas e ocupando a dobre escaleira central do edificio. Todos a unha, absolutamente gañados de antemán pola canción solidaria e, xa que logo, galega que alí fixo explosión.

Ben sei que bastante daquela xente non era galeguista de expresión. Que a UPG e o PSG a penas estaban implantados. Non obstante aquel acto, noutra lingua (en español, por exemplo) non tenía ocorrido. Polo menos con aquela chea de xente e co aire reivindicativo que desde os primeiros compases tivo. Falou primeiro un representante do estudiantado, do que sinto non reter o nome na memoria, nervioso coma unha vara verde, e que presentou o acto sen contextualizalo. Cousa natural, pois poucos adiviñaban o que la acontecer. Nin público nin cantantes. Aquilo foi un experimento non premeditado que mudou, nun intre, a gasosa en champaña.

Atacou Benedicto "Eu son a voz do pobo", de Lois Diéguez, no medio dunha ovación cerrada que daba a pauta do que sería o recital. Logo "Un home", do propio Benedicto García Villar, a súa primeira composición dos tempos de estudiante de enxeñería en Madrid, antes de volver a Santiago a facer Económicas, "Loitemos", tamén de Lois Diéguez e, sobre todo, "Carta a Fuco Buxán", de Celso Emilio Ferreiro. Cando Benedicto atacaba o

Fuco Buxán, ¿non sintes que na Iberia
feden a podre os homes e as paisaxes?

o galénico recinto viña abaixo a forza de aplausos. Gracias a Celso e á súa palabra irada, naturalmente. Pero tamén porque a guitarra e a voz de Benedicto eran belixerantes. E belixerante era o son popular chantado, nese momento, entre a xentiña do 68 na Facultade de Medicina. E con eles, sentados nalgún curruncho da sala, Fuco Buxán e Celso Emilio Ferreiro aínda que esa noite os pillara en Caracas ou en calquera outra terra de ningures.

O repertorio de Xavier xiraba, case todo, en torno a Celso. Para os dous foron as ovacións máis afervoadas da noite. "Monólogo do vello traballador", "María Sobria", " Romance incompleto" e, sobranceiramente, "Longa noite de pedra", solemnemente interrompida na súa interpretación polas campas do veciño Convento de San Francisco, esconxuradas para bater con ladaíña triste, cando Xavier salmodiaba:

I eu morrendo
nesta longa noite de pedra.

Para min, este foi o momento máis catártico do recital, concerto, festival ou como se lle queira chamar, cando ao chou estalou a conxunción sonora: voz, aplauso, guitarra, poema e campa. Todo un símbolo. Guillermo Rojo, estudiante destacado dos últimos cursos de Filoloxía Románica, especialidade na que habería de realizar un camiño espléndido, tiña en troques un repertorio propio. Desta maneira (dentro do relativo desta afirmación, se ternos en

conta que o público estaba a favor) pasou máis inadvertido. Cancións como "Quen tivera vinte anos-, "Tirade ao chan os fusiles", "A vos irmáns" ou "Señor, eu fun poeta-. tiñan connotacións pacifistas e místicas que non acababan de canxar no acto. Aínda así, a xente tamén volcou os aplausos neste cantante coruñés de paso fugaz e fructífero pola "nova canción galega". ("O mestre-, aínda que nunca recollida en disco, foi unha peza capital deses anos.)

Xerardo Moscoso, ademais de estudiante dos últimos anos de Medicina era un consumado actor, como logo se vería. Comezara o recital como pedindo perdón, con cara de "pasaba por aquí" para, pouco a pouco, ir Bañando ao público que ao remate estaba totalmente de parte del. Para aquel recital soamente tiña dúas cancións preparadas: " Deuda comprida" e "Requiem N.° II" (o número I que nunca cheguei a escoitar estaba, polo visto, dedicado a Ernesto *Che* Guevara). A segunda canción era unha sentida homenaxe a Luther King, líder negro da igualdade de dereitos, asasinado ese mesmo ano en Memphis. Pois ben, quer porque alí todos eramos negros, quer porque a voz ( ou o talante) do Moscoso tiñan carisma, a súa canción chegou á xente coa mesma forza cós poemas de Celso. Para o galego-mexicano (o Xerardo nacera en Torreón-Cohauila e, por mimetismo, tiña certos rasgos aztecas) foi unha das ovacións máis sonoras da velada. E logo estaba eu con cancións propias, "Comunión-, "A cea" (á que apliquei unha introducción tan anticlerical como confusa, pero alí valía todo) e "Eles non sabían cantar", texto meu e música (unha auténtica xoia que precisamente por culpa do texto prohibido pola censura non chegou a ser gravada) de Antón Seoane.

Estaba eu nervioso, emocionado e orgulloso. Sentíame agora vingado da malleira que nos fora propinada no mesmo lugar por aqueles que na noite agardaban, caladiños e despregados no exterior, a nosa salda, con música e pola porta grande.

Pasadas as datas do 1 de Maio e a detención de Pepino Casal —estudiante de "Preu"— pola delación do dono do Bar Azul (o que lle custou ao delator unha chea de consumicións sen pagar e os mobles chimpados polo chan por

obra dun grupo numeroso de esquerdistas) fun convocado a unha xuntanza no "bodegón" do Hotel Compostela. Tratábase de crear un colectivo de canción galega, á maneira dos vascos, *Ez dok amairu* e os cataláns, *Els setze judges.*

Os asistentes eramos Benedicto, Xavier (co prestixio que Ile confería a súa relación epistolar con Raimon), Xerardo Moscoso, Margariña Valderrama, Alfredo Conde e mais eu. Guillermo Rojo decidira facer o camiño pola súa conta e. se ben entrou en Voces Ceibes máis adiante, de momento andaba en tratos con EDIGSA a través de GALAXIA (vía Xosé Luís Franco Grande e Xohana Torres, creo) e a título individual. Desta maneira o seu primeiro —e único— disco figurou haixo do selo EDIGSA-GALAXIA, mentres que os nosos saíron so da denominación XISTRAL, aportada por Manuel María.

Pois ben, na famosa xuntanza do Hotel Compostela, da que sairía Voces Ceibes como emblema, coñecín a Margariña e Alfredo Conde. Alfredo tiña no prelo o seu libro de poemas *Mencer de lúas,* que resultaría tan fresco e irregular como só pode ser un volume que agrupa poemas escritos entre os dezasete e os vintecatro anos, que daquela tiña o autor. De todas as maneiras había mostras tan redondas como "Os coypos". que inmediatamente adoptei para o meu repertorio. Alfredo, recen desembarcado, la por todas, coa forza e a coraxe que ten quen, como el, pasara demasiado tempo entre o mar e o ceo. De momento traballaba nun banco e subía a aquela chalana coa retranca e, ao tempo, a ilusión dun vello mariño. Da súa presencia naqueles días primeiros é a razón do engadido "e o poeta Alfredo Conde". que xa sempre acompañaría a enumeración dos "fundadores". Logo Alfredo deixaría de ser simplemente poeta para converterse nunha chea de cousas. A máis importante, amigo dos amigos (e, xa que logo, zafrado por máis de un) e. un dos máis importantes narradores peninsulares. Por al están. *Breixo, Memoria de Non* ou *Xa vai o griffon no vento* que non me deixarán mentir.

Reunidos. pois, os seis naquel bodegón decadente (malia que no retrete lucía a pintada de "viva Galicia Ceibe de farrapos e cadeas") e sentadas as bases: canción monolingüe, social, belixerante, etc., faltaba o nome que tiña de

agruparnos. Recordo que eu propuxera o de "As ovellas negras" e que fora rexeitado por radical e improcedente á hora de tramitar os preceptivos permisos de actuación. *Os biosbardos.* que era o barallado por Alfredo, resultaba un , chisco lírico e, por tanto, inoperante. Ao fin Xavier González del Valle apuntou o definitivo: "Voces Ceibes". Era eufónico, directo, agresivo (dentro dun límite) e simbólico. Nalgún sitio teño lido, concretamente nunha entrevista con Xerardo Moscos°, que a idea do nome fora de Margariña, pero eu estou seguro de que o artífice, sen ningún voto en contra, foi o Xavier. E presumo de ter memoria de elefante rancoroso.

Daquela, Benedicto —que se estaba revelando como un argalleiro de primeira categoría— contactara con José Antonio González Casanova, catalán e catedrático de Dereito Político, que parecía disposto a escribir un artigo sobre nós na revista *Destino.* Alá fomos os catro —Benedicto, Xavier, Xerardo e mais eu— cear a cas Casanova. No que entendo, o vencellamento entre o catedrático e Galicia foi tan pasaxeiro como práctico ou *pro domo sua.* Chegou, veu, investigou, fixo tres ou catro relacións e *si te he visto no me acuerdo.*

O Casanova, efectivamente, escribiu o artigo, chegou a facer a contraportada do meu primeiro disco, que non reproduzo por excesivamente gasalleira para min, recibiu algunha visita nosa, unha delas acompañados por Amadeu Bernadet, do Grup de Folc e, sen máis requilorios, dixo *adeu,* no curso 68-69 a Compostela e a Voces Ceibes, un limón que seica xa non tiña máis zume que deitar.

O caso González Casanova non foi o único. Varios foron os achegados (con invitación previa ou sen ela) a Voces Ceibes coa intención de zugar do teto da vaca. Falo de poetas, activistas políticos, algún que outro empresario discográfico ou simplemente, xentiña que pasaba por alí. Reacción común (poeta ao que non Ile cantabamos os textos, activista que non recibía os favores pretendidos, empresarios que querían inutilmente "chupar del bote", xentiña pesada que non entendía a súa pesadez): as uvas están verdes. O mesmiño que a raposa da fábula. Claro que, ao tempo, sen pedir outra cousa que compañía, solidariedade,

•.

festa, música. xo o camiño tamén á nosa beira todo un 1

fi

xentío variado que soubo estar con nós ás duras e ás '. maduras, nos recitais, nos discos. nas barafundas despois dos actos, e tamén no tempo máis negro das multas e as prohibicións. Falo dos amigos, dos músicos acompañantes, das *groupies* que así mesmo puxeron o seu acento garimoso e solidario, dos organizadores de actuacións, da boa xente, en fin, que aquí e acolá aparecía no momento preciso. Para eles, sobre todo, escribo agora estes recordos sen documentación ningunha á man, estas lembranzas, xa que logo, partidarias e subxectivas, como disque é a memoria se non vai acompañada de material escrito ou falado que Ile sirva de muletas. Pero eu considerei sempre que para que ortopedias se, de momento. al fóra o sol segue brillando coma entón e, se chove, mañá irá bo día.

Por aqueles días chegara Manuel María a Santiago. Eu 1 non sei que vento viña con el a Compostela pero si que o autor de *Terra Cha* (sabía e sei de memoria o mellor poema deste, na miña opinión, o seu mellor libro, o que comeza: "A Terra Cha somente é...¯. tanto que unha vez cruzando co meu pai a "legua dereita", camiño de Mondoñedo, dei en recitar este poema deixando a Antonio Araguas abraiado pola súa exactitude descritiva) tomara café con nós no Derby, agasalláranos con exemplares da súa obra e rematamos na Alameda, con foto incluida, na que aparecemos dentro dun "televisor" os catro primeiros integrantes de Voces Ceibes e o poeta de Outeiro de Rei, quen daquela lucía un fermoso e negro bigote. Malia este grato primeiro encontro, que se repetiría cando Manuel María presentou no Cine Capitol, de Santiago, un importante recital do grupo, como logo se verá, as nosas relacións axiña deixarían de ser boas. Anos máis tarde o prolífico autor falaría publicamente de vedetismos no noso grupo, de que fora máis o ruido cás noces (verbo da nosa repercusión), que si patatín e patatán. Non obstante quero dicir aquí que o Manuel María viñera a nós coa súa xenerosidade proverbial e que o seu nome está unido por varias

Ceibes e. en fin, pois que o selo XISTRAL. a denominación. saíra do seu maxín. Certo que ningún de nós musicara poemas seus. E por al pode ser que comezasen os problemas. (Os poetas. como dicía hai ben pouco Basilio Losada. adoitan ser xente alporizable.)

De Manuel María. á tonta do seu incrible estro poético. contaban unha anécdota deliciosa que non me resisto a narrar: paseaba Don Ramón Otero Pedrayo polo porto de Vigo co noso poeta cando vai este e tira do peto do abrigo un orixinal que se dispón a ler. Don Ramón louva tal e tal poema e, en xeral. todo o manuscrito. Manuel María tira do outro peto un segundo orixinal que, coa mesma. recita. Otero, home paciente repite os eloxios. O poeta procede a ler un terceiro exemplar e despois un cuarto, xurdidos da americana. O Señor de Trasalba. cada vez máis pálido, pero sempre correcto, aplaude. se ben con menos forza. as sucesivas lecturas. Cando do pantalón do poeta da Terra Cha emerxe o quinto orixinal chouta un Don Ramón desesperado que, coa forza que dá a angustia. berra: "Pero home de Deus. ¿que quere?, ¿que me bote á auga?"

Poucos días despois da visita de Manuel María chegou a Santiago o xerente de EDIGSA (máis tarde de CBS. España) Claudi Martí i Plá. Con el viña Manolo Conde. un avogado vitalista e falangueiro que non paraba de dicir inconveniencias, mesmo verbo de Raimon (de quen se chamaba amigo íntimo) e da súa muller Annalisa. Con Conde, así mesmo, estaba un crego de opereta. rufo. coloradote, groso, que finxía escandalizarse cando o seu conmilitón cagaba en diola. "¿El quen é esa señora?". preguntaba. Cos tres e mais Saleta. Manuel María. Aurichu Pereira. Salvador García-Bodaño. Margariña Valderrama. Alfredo. Esther, Xulio Maside e as catro Voces Ceibes, argallouse unha cea no Polo Norte, beiras de San Martirio Pinario. A xuntanza, con bastante viño ás costas. rematou sen chegar a ningún acordo discográfico. Sospeito que a Martí —o home máis flácido, untuoso e gasoso que vin na miña vida— sobrábanlle comensais, polo que ao dia seguinte veu a segunda parte das negociacións no Hostal dos Reis Católicos. reducidos os participantes á metade: Voces Ceibes e. naturalmente, Claudi Martí i Plá.

(.

Agora a voz cantante era a de Benedicto: quen, ademais de dispararse, e fixo ben, con peticións imposibles ( unha furgoneta, por exemplo, para os desprazamentos), logrou que o contrato para gravar abranguese aos catro ou a ninguén. E aclaro que os intereses de EDIGSA estaban por Benedicto e Xerardo Moscoso. Logo as cousas mudarían verbo do primeiro. e non polos seus dotes musicais, hoxe fóra de discusión. Os únicos que recuncamos gravación en EDIGSA fomos o Xerardo Moscoso e mais eu. Aínda que de momento só estaba claro que EDIGSA, cunha actitude paternalista, quería ampliar o seu mercado pola nosa cultura periférica.

EDIGSA, en realidade, o único que non aturaba era o idioma español. Tanto era así que o seu catálogo recollía cancións en catalán, euskera (de Xabier Lete, Lourdes Iriondo, Benito Lertxundi), galego e ¡inglés! Ou sexa que, ao tempo que non admitía cantantes na lingua de Quevedo, non tiña reparos en acoller no seu celo a Eddie Lee Mattison, daquela asiduo visitante da sala Madox en Platja d' Aro. E así ocorría que Joan Manuel Serrat gravaba en español na casa ZAFIRO, mentres que os seus discos en catalán vían a luz en EDIGSA. Cómpre recoñecerlles a estes cataláns (contra o tópico) un espirito pouco "peseteiro" cando se trata de fobias idiomáticas. O que non quita que Raimon e Pí de la Serra, por exemplo, abandonasen EDIGSA a raíz do *affaire* Serrat-Eurovisión para fichar por DISCOPHON. Alguén, entón. falou de envexas. Eu penso que ningún dos Bous, nin o de Xátiva, nin o autor de "L'home del carrer" tiñan nada que envexar. O trasfondo da cuestión tiña que ver coas traídas e levadas " purezas ideolóxicas". Daquela, tamén entre a esquerda, había non sei que desas santas intransixencias que inmortalizara Monseñor Escrivá nun dos libros máis divertidos dos que teño noticia, *Camino,* e que nesas datas acababa de ser traducido ao galego anticipándose con moito a *Tintín, Asterix e* demais tebeos. Hoxe. seica, o Serrat anda a partir un piñón con Quico Pí de la Serra e ambos os dous acusan a Raimon, Llach. María del Mar Bonet e Marina Rossell —que xa non é exactamente desta época— de gozar dos favores oficiais. Agora o debate é bastante menos ideo-

loxizado. No fondo (e posiblemente tamén na forma) o asunto ten que ver coa supervivencia.

Pero, volvendo ao Hostal dos Reis Católicos, mes de xuño do 68, a cita con EDIGSA quedou fixada para a volta do verán en Barcelona.

## EN BARCELONA

Polas hemerotecas estará *El Correo Gallego* (unha vez máis) anunciando a saída de Voces Ceibes para gravar discos en Barcelona. Foi no outono do 68. e os primeiros en marchar —como estaba previsto— Benedicto e Xerardo Moscoso, logo, Xavier e, finalmente, eu.

Como xa quedou dito. Guillermo, quen andaba a facer a guerra pola súa conta, xa pasara polos míticos (e obsoletos) estudios de L'Orfeó Gracién, deixando como testemuño o consabido *extended-play* (discos de catro cancións, aclaro, de a vinte pesos a unidade, dez o *single* e duascentas cincuenta pesetas o *long-play*. os por entón escasísimos longa duración). Na portada aparece un Guillermo entre triste e reflexivo. cos brazos tan cruzados coma a súa postura, pillado entre dous turnes. Realmente sentín (na época da canción) non intimar máis a fondo con este coruñés intelixente. sensible e mergullado nun mar de dúbidas: a carreira case rematada, as "malas compañías", que non o iamos beneficiar nada no futuro profesional. o horizonte limitadísimo dos cantautores, etc. De pasada direi que en varias ocasións tiven a sensación de ser —segundo entre quen— unha mala compañía. Sinaladamente para aqueles que xa cadricularan o seu futuro: carreira-milicia universitaria-oposición-voda (con parella de posibles) a presencia dunha amizade que facía canción protesta (je en galego!), con todo o que iso connotaba, non deixaba de ser turbadora (e emprego a lítote porque nunca perdín unha certa suavidade, a "macieza". que diría Fernán Vello).

Claro que tamén estaban os que presumían de ser ten-

tados polas malas compañías. Así, un tal Gumersindo, de Ferro', condiscípulo meu no ensino primario, falando cuns meus parentes asegurou ser víctima das miñas proposicións ¡para entrar no PC! Aclararei que, en Santiago, evitaba a este individuo por absolutamente pesado e linguaraz. ¡ Manda nabo con Gumersindo e todos aqueles que aproveitan os momentos de confusión para gañar o ceo!

Así que Benedicto e Xerardo marcharon a Barcelona, e o segundo, con quen eu tiña máis trato, falaba xa de volta sen parar, póndome os dentes aínda máis afiados cos engados da chamada Cidade Condal.

Así que, cando chegou a hora de coller o portante. eu era o máis feliz dos mortais. Case nada: un individuo de dezaoito anos a piques de gravar o seu primeiro disco. Composto este por catro cancións: "Os corpos" (texto de Alfredo Conde), "Agora-, "A cea" e "Poema triste" (letra e música miñas). Hoxe, deixando á parte "Os corpos", salvaría "Poema triste", expresión case que nerudiana (poeta con quen entón eu andaba ás voltas) e un chisco romántica do meu sentimento amoroso:

> Déixame ollarte,
> cando falas calo e
> adeprendo
> os teus sorrisos.

De todas as maneiras —como diría Alfredo bastantes anos despois nun acto literario en Vigo— "Poema triste" facía un desmarque da canción de autor da época, pouco dada a efusións amorosas. Pois ben, en L'Orfeó Gracién, temperado o espírito con varios *grocs*, coñac quente con azucre e limón, abordei a gravación da man do mestre Leo Borrell, autor xunto a Andreu da maior parte das cancións comerciais en catalán. A máis coñecida, tal vez, "S'en va anar gañadora dun Festival do Mediterráneo na interpretación de Raimon e Salomé (a mesmiña de "Vivo cantando").

A canción de Andreu e Borren, letra totalmente tópica, sería anos despois obxecto de burla nun disco de Francesc Pí de la Serra. Seica a participación de Raimon no devan-

dito' festival (ao que co tempo asistiría Miro Casabella) Tora concebida á maneira de cabalo de Troia. Estupendo. Ora, ¿por que, entón, as críticas a Joan Manuel Serrat cando quixo facer o propio no de Eurovisión? O mestre Borren era un home groso e alopécico (lembraba ao señor Ulises do TBO) que dirixía os músicos –a gravación nos obsoletos estudios de L'Orfeó non independizaba a voz dos instrumentos– con acenos arcaicos. Eu quedara satisfeito cos resultados. sobranceiramente coa introducción do corno inglés, instrumento do que fiquei instantaneamente namorado, en "Os corpos" e "Agora". Aquela noite percorrín o barrio de Gracia baixo da chuvia, co corazón contento –a música e os *grocs*– e a seguridade de que si. de que estaba pagando a pena todo agudo.

Esa noite aterrei no medio dun grupo de galegos nun bar de Barcelona. Eran Carmiña, Basilio Losada –tan acolledor e cortés coma hoxe, con esa súa xentileza, allea á ruda postmodernidade. que din–. Mónica Van Crayelinghe, Xan, Miro e Xosé Manuel Casabella, Magdalena, Nuria, Xavier Costa Clavell e Moncho Tavarés. A madrugada desa noite seguía bebendo, agora na compañía de Xavier Costa no seu ático de Rambla del Puerto.

O Xavier Costa era un tipo absolutamente delicioso, baixo, de bigote branco, fazulas vermellas, que semellaba fuxido de *El Libro de buen amor*. Vivía só, nun piso ateigado de libros, e formaba parella cunha catedrática de instituto, Nuria, de maneira e modais exquisitos por obsoletos, e unha voz docísima. En cas Costa recalei moitas veces nas dúas longas estadías barcelonesas que vivía á conta de EDIGSA. Nelas, aprendín, creo, bonhomía dun dos maiores practicantes desta modalidade humana que teña visto.

Alí tamén descubrín que o Xavier era *Federico Cañada Sáinz*, o autor de *El paraíso de los hombres solteros,* libro que eu comprara aos catorce anos (a través dun anuncio nun diario deportivo) coidando que se trataba dunha novela erótica. Non era senón unha carallada, escrita por encargo, verbo dun náufrago (de Betanzos) que desembarcaba nunha illa unicamente poboada por mulleres. Ah, pero a caraliada tiña certa vontade de estilo, coma todos os libros mercenarios (guías sexuais, novelas rosas e demais falca-

truadas) asinadas con seudónimo polo Costa, quen, asemade, publicaba obras co seu nome. Entre elas un volume de poemas en prosa titulado *A ronca gorxa do meu ser,* que incluía o "Tí. Galiza" que aparece musicado no primeiro *extended-play* de Miro Casabella. O Xavier Costa vivía, cousa rarísima nestes pagos agás que sexas Cela, exclusivamente da pluma.

De al o prolífico da súa obra mercenaria. Unha noite, eu, coa impertinencia da mocidade, preguntáralle: "Escoita. Xavier, e cando vaias vello ¿de que vas vivir sen retiros nin pensións?" Foi a primeira vez que vin ao Costa alporizado antes de respostar moi de vagariño: "011a, rapaz, ¿como é posible que teñas dezaoito anos e xa esteas pensando nas clases pasivas?" Sabia contestación que axiña anotei no caderno de tapas de hule negro que un leva na memoria.

No ático de Xavier Costa Clavell coñecín a Ovidi Montllor, bastante tímido e de rostro patibulario que, coma min. andaba a gravar o seu primeiro disco. Coa diferencia de que Ovidi, home de orixe proletaria, á parte de máis vello. estaba marcado pola vida, o que se notaba no seu aire reconcentrado e de volta de modas cousas. Alí escoitei cantar, con sumo interese, a este home de Alcoi que tiña corno cancións bandeira "La fera ferotge", brasseniana no ton, e "Teresa", tanto tempo prohibida pola censura, emocionado canto a unha puta alcoiana que toleara cos bombardeos da Guerra Civil e mostraba o sexo aos rapaces de Alcoi. Unha canción que contaba unha historia (que era, precisamente, do que adoeciamos os cantantes galegos). Non tiñamos textos narrativos. Os nosos, maiormente, subliñaban situacións, esperanzas, queixas, etc., pero parecían incapaces de contar historias. Había bastantes máis carencias, por suposto.

Nestes días cataláns tamén apareceu Miro Casabella, quen habería de ser —xunto con Mónica Van Crayelinghe- un dos meus mellores amigos, de entón e de agora. Miro, o mellor intérprete xunto con Bibiano, da "nova canción galega", non entrara aínda en Voces Ceibes e sentíase un tanto esquecido, el, que desde Barcelona estaba aportando difusión e (obxectivamente) calidade ao incipiente asunto. Miro Casabella chamoume ao Hotel Oriente, decadente e

luxoso albergue para os cantantes de EDIGSA, ubicado nas Ramblas, onde se fallaran os primeiros premios Nadal. Para min, afeito a pensións e colexios maiores, e a bares de caldo e filetes de procedencia descoñecida, aquilo era o desideratum e como tal tirei del as oportunas vantaxes vivindo coma un sibarita, intuíndo que EDIGSA pagaba en hoteis o que non la pagar en *royalties*. O Casabella andaba un pouco escarmentado. Pero, xa que contaba con Xerardo Moscoso e comigo, entrou en Voces Ceibes un par de meses despois (ao tempo que Guillermo) aportando empuxe, honradez e. o máis importante, calidade e capacidade de innovación. A el e a Mónica débolles algúns dos meus mellores días en Barcelona e unha maneira liberal ( por xenerosa) de ver o mundo.

Nesta primeira etapa barcelonesa coñecín, así mesmo, a Margarita Ledo, daquela estudiante de xornalismo, con quen paseei (con ela e a súa curiosidade total polo que se estaba cocendo en Galicia) as Ramblas unha longa e tépeda maña de Outono.

Logo estaba o mundiño editorial de EDIGSA, na Gran Vía, por entón oficialmente José Antonio, que xiraba en torno a Joan Manuel Serrat, o gran aportador de dividendos á compañía. Por alí tamén circulaba Gloria, que cantaba cancións de Jaume Picas e Antoni Rós Marbá, unha delas "El Rei Joan I de Catalunya", escandaloso plaxio do primeiro movemento de "O Moldava", do compositor checo Smetana. A súa irmá, M. Pilar. O arranxista Salvador Gratacós, tan bo músico como figurín endomingado. Marián Albero, cantante protesta valenciano, intérprete e compositor interesante pero a quen lle podían os celos artísticos de Raimon (a quen comparaba con Doña Concha Piquer) e que presumía, sobre todas as cousas da vida, de estar na órbita de Serrat e ser o seu amigo íntimo (agora dise "persoal"). E, naturalmente, Claudi Martí i Plá, honre que daba a man con tanta brandura que semellaba temer perdela no apertón.

O Claudi xa andaba preocupado pola falta de comercialidade da "canción galega" e instaba a que buscasemos canles máis "operativas". De momento, a súa grande inversión, María e Xavier, "Brila raio de aurora", tampouco

vendía o mínimo necesario para os seus cálculos o que tiña ao home ben preocupado. María fixera doblete con Miro no vello Festival do Mediterráneo —chamado agora de Barcelona— coa canción "Soia" deste último. A canción tiña unha boa música, pero era un tanto melodramática ( rosaliana de máis) na letra. Se non estou nun erro, o argumento fora pulido nos seus aspectos máis folletinescos por consello de Basilio Losada. "Soia- pasou ao final do devandito festival demostrando as posibilidades do Miro como compositor, quen logo. aprendendo a manexar gaita e zanfona, investigando, coa axuda de Ramiro Cartelle, no mundo das cantigas medievais e do folclore popular, probaría que, contra os detractores (o último un tal Estévez que, ao falar de nós refírese aos "autochamados- Voces Ceibes: e logo, rapaz ¿quen denomina aos grupos musicals·?. ¿ou o nome dos Beatles. por exemplo. san.' por iniciativa popular dos habitantes de Liverpool? ¿E ti quen es senón un "autochamado" crítico musical?). a "nova canción galega" tamén se estaba movendo.

E falo da evolución musical de Miro como podería falar da de Bibiano (interesante mostra de folk-rock na súa última etapa) ou da de Benedicto, aprendendo intelixentemente a lección portuguesa e a de Alberto Gambino. Triste que todo chegase un pouco tarde, cando a canción de autor daba as derradeiras boqueadas e o toque hedonista facía que a xentiña volvese as orellas ao pop, que din fresco e no fondo é un vulgar retroceso aos anos 60. Velaí o *revival* dos Beach Boys, por non falar do público tan heteroxéneo en idade que adoitan convocar os Rolling Stones ou Paul Mc Cartney.

A Miro Casabella debinlle o actuar en La Coya del Drac, mítico local da rúa Tuset, onde tiña acougo a *gentsia* catalanista. A chamada *gauche divine* paraba no Bocaccio. Pero esta é outra historia, que só coñezo de oídas. Na Coya del Drac cantei co propio Miro, En Mates. un pintor e cantante ibicenco que axiña desaparecería do mapa musical, e Pau Riba, daquela cómplice xunto a Jordi ( o nome do dúo era Pau i Jordi) clun *show* provocador a base de cancións populares terxiversadas (á *pastoreta* non lle ían dar unha *capucheta* senón unha *pildoreta)* que o

público, entusiasmado, coreaba con caixas de mistos a xeito de percusión. En La Coʸa del Drac perdín a inocencia do cantautor puro que cría que a canción protesta era unha dura proba para acadar o ceo dos "progres" (palabra nun principio pexorativa e logo adaptada con fervor polos seus recipiendiarios menos contumaces) e comprendín que aquilo podía ser tan xoguetonamente serio corno aparentaban Pau e mais Jordi.

En La Coʸa del Drac, unha daquelas noites, coñecín a Lluís Serrahima, autor do soberbio texto que cantaba María del Mar Bonet, "Qué volen aquesta gens?", sobre o estudiante que cando la ser detido optara por chimparse desde unha fiestra. (Isto dos cidadáns guindados —ou botados- polas xanelas era cousa recorrente cando o franquismo, recordemos a Enrique Ruano ou a Julián Grimau.)

O Serrahima estaba peneque e, cando comezou a esbardallar contra EDIGSA, o Martí —que era o meu acompañante— colléndome polo brazo forzou a nosa saída do local. As teimas de Martí eran os borrachos e os maricóns. Para el o Terenci Moix, en canto que gai, era un cancro na cultura catalana que cumpría extirpar. Outra das súas bestas negras era Madrid. o que non impediu que. cos anos, aterrase na Villa y Corte para servir os intereses da multinacional CBS. E fixo ben. O que non entendo é a que viña daquela tanto noxo. Porque esa é outra, a furia que aínda provoca Madrid en sectores periféricos. Se galego podes vivir en Sevilla. Barcelona, Bilbao ou Vitigudino. Non pasa nada. Pero al de ti se vives á beira do Manzanares. Faite cun paraugas para os epítetos. ¿El non será porque os acusadores con gusto botarían unha tempadiña onde isto escribo? Quen sabe.

Pero eu agora estaba en Barcelona. E alí, no Prat, collín un avión de hélice que, vía San Sebastián, Bilbao e Oviedo. había de levarme a Labacolla. cargado de emocións, encontros. experiencias e, sobre todo, contrastes. E co firme propósito de recomezar a loita que deixara nas laxes húmidas de Santiago. nas que xa non resoaban os pasos dos serenos que pedían. con voz lúgubre, unha oración pola alma de Don Alonso de Fonseca. Pero case.

## ERÓTICA

Unha maña, á hora dos viños, falaba no patio —ou tal vez no caseto interior— do 42 cun membro do PC. O meu interlocutor era un rapazote feo, cara de boxer, pequeno coma un rato e. xa que Togo. con pouco éxito nas lides amatorias. Sospeito que aquel rapazolo —seguindo a Antonio Machado, daquela tan de moda gracias a Serrat- andaba máis preto de Onan que de Don Juan. Pois ben, vai o rapazote e, ante a miña sorpresa, asegura: "cando triunfe a revolución o equilibrio sexual tamén mudará absolutamente, todo o mundo terá unhas relacións satisfactorias". Eu enmudecín abraiado pensando na miña veciña, muller soamente gustosa dos tíos "bós" e abandones o 42 observado pola ollada severa de Alfredo, o dono.

As elucubracións do meu voluntarioso interlocutor, eran sintomáticas e demostrativas de que, de momento, o sexo non se practicaba por filantropía senón como un acto de apetencia pura e dura. Claro que neses anos comezou a circular a Pílula (por antonomasia), maiormente da marca " Neogynona-, e tamén unhas tabletas de ubicación vaxinal chamadas "Rendell-, de procedencia portuguesa, todo o cal facilitou a comunicación, que dicía unha miña amiga, entre os sexos opostos. Para ela as palabras foder, follar, ou a expresión "facer o amor- non existían. Tratábase de " comunicar". E eu falando con ela non podía por menos que lembrar aquela canción española dos anos 50: "Comunicando".

A efectos comunicativos (ou de "folleteo-, que dirían os máis túzaros) supuxo un gran adianto a eclosión dos pisos

de estudiantes, cousa que aconteceu no curso 69-70, coincidindo coa forte expansión santiaguesa polo arrepiante ensanche, probablemente o máis caótico que eu teña visto adosado a unha cidade monumental. O ano anterior tan só existía unha vivenda estudiantil chamada, sintomaticamente, A Comuna, ubicada na Caldeirería. Alí vivían Inocencio Pereira e Palas Grande. Pero despois do paso do Rubicón que supuxera a primavera santiaguesa, o *modus vivendi (e* non falo, naturalmente, do *pub* do mermo nome que aínda tardaría tempo en facer aparición) trocou bruscamente. Pensións e casas de familia foron deixando paso a pisos de aluguer onde, teoricamente, existía separación de sexos. Pisos compartidos por rapaces e pisos de rapazas. Pero a práctica era ben distinta. E os máis indecisos (as) eran empuxados pola voráxine xeral.

¿Había, entón, en Santiago o *desmadre* sexual que sisudos pensadores denunciaban? Non, padre: máis ben alí a xentiña practicaba o que o pobo soberano coñece corno "cada ovella coa súa parella", agás illados casos de "infidelidade". Por exemplo, cando o varón marchaba á mili e á volta comprobaba o atinado do refrán de *quien fue a Sevilla perdió la silla.* Casos aceptados, por cerio, con moi pouco espirito de progreso porque, á fin de contas. unha cousa é predicar e outra ben distinta dar trigo. Tamén había "infidelidades" voluntarias, tal certa parella que optou por concederse durante equis tempo liberdade de acción no terreo sexual. Consecuencia (como era de prever): a muller "comunicou" canto e como quixo. aínda sendo bastante fea, e o borne, que tampouco era o Apolo de Belvedere, raspas.[40]

Tamén existía o bígamo consentido, así un estudiante de Medicina. ao que recordo cun fermosísimo bigote negro, sempre acompañado das súas dúas noivas, quer collidos do brazo. quer abarcándoas polos ombros. Se "comunicaba" ou non. xa non o sei, pois nunca tiven amizade co bígamo do fermoso bigote.

A propósito de ignorancia en materia sexual recordo a unha rapaza do Colexio Maior Virgen del Portal que coidaba que os nenos se facían con hicos. desmentindo así a Castelao —"os hicos non fan nenos pero tocan a víspe-

ras"—, a quen seguramente descoñecía. E de ignorancia lindando coa burramia entendo como significativo o seguinte caso que chegou a min a través de Xesús Betanzos: un estudiante, bastante ceibe el. farto de non poder "beneficiar" á moza coa que saía (ben porque esta fose indecisa, pacata, tímida ou, sinxelamente, porque non Ile petase fornicar co tal maromo) optou pola esperpéntica estratexia que agora veremos. Convocou á rapaza no piso que compartía con outros estudiantes a unha hora determinada. Rapaza que chama ao timbre, porta que se abre, individuo que aparece no limiar totalmente espido, moza que lista —chorando— a fume de carozo. O pouco intelixente e luxurioso personaxe razoaba despois co Betanzos: "¿Como podía sospeitar semellante cousa? E Togo, ¿nós non nos poñemos tolos cando vemos a unha tía en pelotas? Non o entendo.-

A pesar das precaucións, pílulas, condóns (á venda no Cordobés, entre outros lugares máis axeitados, como farmacias), de vez en cando algunha rapaza quedaba preñada. Entón a cousa remataba en voda. Voda case que sempre pola igrexa, un chisco vergonzante, e desmarcándose —falo de -progres", claro— das cerimonias nupciais *ad unan.* o que, ás veces, resultaba grotesco. Asistín a unha voda na que o crego botou saborosa e politizada homilía. aproveitando que o Miño pasa por Ourense, pois calquera lugar era bo para o *espiche,* cousa universalmente admitida ( no nono mundo, claro). Ah, pero un irmán da noiva, que ademais de home conservador estaba un chisco peneque, arremeteu contra do oficiante, contra o seu xa cuñado e contra dos invitados, que tampouco é que mostrasemos demasiado respecto ao templo, e a cousa, e.n fin. acabou coma o rosario da aurora, entre insultos, imprecacións e algún intento de labazada.

Se non había voda, relixiosa ou civil —sendo esta última especialmente complexa pois en primeiro lugar había que proceder a "renegar" do catolicismo, xa que todo dios teoricamente pertencía a este rito, o que eran palabras maiores— e a rapaza tiraba para adiante co neno, quedaba a posibilidade do aborto. A solución inglesa era difícil e cara. Aínda así houbo un pai que marchou a Londres coa

súa filia para acompañala no trance. A portuguesa era pouco coñecida. Quedaba a "nacional". Esperpénticas celestinas en cutrísimos lugares realizaban os abortos en condicións sanitarias nefastas. Dalgún deles saíu alguén entre a vida e a morte poñendo unha terrible espada de Damocles no que debería ser soa 'tiente festa (falo de facer o amor) e que as circunstancias hipócritas mudaban nun inferno. ( Nun daqueles sucuchos coruñeses onde se facían abortos artesanalmente. non sei se con perexil como en *Saturday night, Sunday morning* de Sellitoe, esperaba un Barda civil o resultado da "intervención" á súa muller.)

Naturalmente, quen non tiña a posibilidade de emparellarse podía optar polo chamado *placer solitario,* que xa non producía tuberculose, nin rebrandecemento da médula, coma antano. O que pasa é que os onanistas seguían téndoo cru á hora de apoiar con referencias textuais ou visuais as lúas fantasías. A censura cinematográfica, de libros, de revistas era absoluta e, ademais, *Playboy*. *Penthouse*. que era do pouquiño que chegaba baixo corda, caracterizábanse pola súa ñoñería. Certo que, vencéndose a misia estadía santiaguesa, no Cine Capitol —se mal non recordo— dérase un caso ben pavero. Resulta que a película *Las Melancólicas.* con Analía C$_t$adé. tivera coma tantas outras españolas unha dobre versión: unha para uso interior e outra para fóra. A Santiago, por un erro. chegou a copia "estranxeira". Total, que para abraio xeral, na pantalla capitolina comeza severa exhibición de cus, tetas e algunha que outra cona difuminada. Corrida a voz, o local acadou abarrotes diarios ata que, ás dúas semanas, alguén deu o *chivatazo.* clausurándose así a "diversión". Volvían. pois, os solitarios ao deserto árido do Pai Onán.

Onanistas tamén, e de categoría, eran os "espíatrucos" que á Alameda asistían coa fin de festexarse vendo xogos eróticos alleos. Esta expresión. "espiatrucos", para denominar aos *voyeurs* é xenuinamente ferrolá (e desde aquí quero brindarlla a Mario Couceiro, intelixente rastrexador da variante dialectal ferrolá, como demostra unha súa conferencia que atesouro no meu arquivo fonográfico). Ten a súa orixe no adxectivo certamente machista "truco", aplicado ás rapazas con quen era posible "dar o lote". ("Cédame

o lote" é expresión aínda máis vella, nada agradable para as mulleres con conciencia do seu sexo, utilizada nos bailes de antano ao chegar o momento do cambio de parella.) Pois ben, por extensión o "espíatrucos" é un suxeito que disfruta vendo a un individuo en acción cun "truco". A Alameda estaba chea deste tipo de fulanos, vellos ou novos. Algún saíu corrido a paos —de seu non eran agresivos— por quen prefería darlle ao seu solaz maior intimidade ( baixo os plátanos. os olmeiros ou os carballos de Santa Susana).

Na propia Alameda, a policía soprendera, vésperas do 25 de Xullo do 68, cando a famosa pancarta da UPG, da qbe existe foto difusamente reproducida, a unha parella botando o seu particular "foguete". Ben, semella que inadvertidamente foron levados a unha mesma cela, polo que a festa do libidinoso dúo proseguiu. agora baixo do teito da Comisaría rexentada polo señor Armada. Esta divertida anécdota escoitáralla a Xaime Gómez Vilasó, por aqueles días aloxado en tan inhóspito albergue.

Discutíase entón, entre a "progresía" santiaguesa, como aumentar o pracer (sexual) co emprego de posturas afastadas da clásica do "misioneiro". De certa utilidade resultara un libro norteamericano (edición arxentina). *Técnicas sexuales modernas,* á venda no chigre de Eduardo na Rúa do Vilar, que falaba de *cunnilingus* e fellatios coma se tal cousa. Agora todo isto pode parecer pavero, pero nestes anos as aprendizaxes eran tan lentas e laboriosas coma fructíferas unha vez sabida a copla. Que á falta de películas mi libros, as audacias eróticas de *O primo Bazilio* de Eca, eran iso, auténticas audacias para a época.

Eduardo. por ceno. era un libreiro de vello, coruñés el, que, en determinados días, abría librería nun céntrico portal de Santiago. Se había confianza podías conseguir del determinados Ruedo Ibérico ou Losada. Por exemplo, a *Antoloxía Rota* de León Felipe, que incluía o poema: *Cuando a Franco/ el sapo iscariote y ladrón,* que aínda hoxe reteño, teimudo, na memoria. Non obstante non quería. ou non podía, trapichear o *Libro Vermello* de Mao Tse Tung (hoxe Mao Zedong). A súa resposta inmutable era: "vai e pídeo na embaixada china de París". Nada souben nunca da

ideoloxía de Eduardo. Había quen lle chamaba "O xudeu", e dicía que era un vulgar mercachifle. Pero eu sei que el, e xente como el, alumeou aquel tránsito escuro e torto da dictadura.

Dentro do mundo do desafogo sexual, máxime nun ámbito universitario e. a maior abundamento. nunha cidade cando menos medieval, tiñan o seu lugar os puteríos. Ubicados todos no barrio do Pombal (daquela non existían as salas de masaxe, que hoxe imaxino espalladas polo Ensanche), os puteríos e mancebías aqueles eran tristísimos, a penas unhas bombillas (nin pensar nas luces vermellas e indirectas que vemos nas películas) de pouquísima potencia para animar o ambiente. Sórdido e fellinesco, serían os adxectivos máis axeitados para definir os bares e as casiñas dunha planta esparexidas ao redor do Cruceiro do Galo.

As churrianas. grosas e vellas, eran un prodixio de fealdade: e carecían, ademais. da certa gracia que tiñan as súas colegas do Esteiro ferrolán ou do Papagaio coruñés. En fin, un desastre do que se salvaba, en parte, a casa da Blanquita, onde había algo de boureo e a posibilidade de tomar copas xa vencida a madrugada.

As copas serodias, mudando de tercio, eran factibles nun bar situado á salda da estrada da Coruña. O dono absolutamente borracho, e o escándalo que armaban os habituais (vénme a mente un coro xigantesco cantando e bailando, "Cantinerita, niña bonita") permitía, entre outras cousas, listar sen abonar a consumición. Neste bar, logo pechado pola autoridade competente, estivera eu unha noite co Ferrín. quen miraba con ollos de experto para un grupo de moinantes (tan pacíficos coma alerta) que alí tomaban unhas copas.

Tipos especialmente preocupados polos avatares amorosos eran os estudiantes latinoamericanos que a Compostela viñeran (nalgúns casos en canto que panameños ou portorriqueños rexeitados por universidades USA) a estudiar. Como teimosos e avezados "conquistadores" recordo ao boliviano Jaime Paz (nada que ver co actual presidente de Bolivia, o ex-cuñado de Aurichu Pereira, a quen coñecín no piso desta e Salvador García-Bodaño) e ao cubano

Raúl. Ambos eran tipos sumamente agradables e dotados, como din os arxentinos, de moito *verso,* polo que o seu breve paso por Santiago foi unha *calaverada,* por dicilo en termos románticos.

¿E non había gais no Santiago sesentaeoitista? Si, señor, pero con tantas dificultades de "expresión" e "reunión", o seu era un rito para iniciados dos que os demais estabamos excluidos. Se a sexualidade *comme ii faut* tiña tantos atrancos ¿que non había de ter a chamada *nefanda?* Dito doutra maneira, coma aquel paisano diante do pastor protestante: "Se eu non creo na miña relixión, que é a verdadeira, ¿como carallo quere que crea na súa?".

## PECHADO POR EXCEPCIÓN

Aproveitando as vacacións de verán, as novas autoridades académicas descabezaron o movemento universitario. A metade dos líderes foron expedientados e a outra metade ingresados á forza na milicia (menos universitaria ca nunca). Por certo que a despedida "subversiva" do curso anterior consistiu nunha monumental e nocturna pintada na Facultade de Filosofía e Letras ("Filosofía e Jesús" dicía algún pavero á conta dos numerosos cregos e monxas que polas súas aulas deambulaban).

A pintada —unha barbaridade, unha gamberrada, dicían os "modosos" que xa aspiraban a algunha "cadeira", palabra esta que tanto amolaba a don Miguel de Unamuno-dada a especial textura das paredes resultou, para desesperación do decano, señor Otero Túñez, moi difícil de borrar. E alí estivo de acompañante, indiscreta e berrona, nos exames finais. Pero a inauguración do curso 68-69 foi ben triste, habida conta das ausencias obrigadas que consigo trouxo.

Nestas estabamos —eu, a todo isto, recibira unha carta do Padre Brandariz convidándome a deixar (xunto a trinta máis) o xesuítico acougo, polo que agora ficaba no Bar Ferrol-Pensión Iglesias. lugar entrañable e pánico ao que volverei a modiño— nestas estabamos, digo, cando de boca a orella pasou a nova dunha convocatoria en Filosofía e Letras para estudiar o asunto dos expedientes e demais cuestións de orde represiva. A xuntanza —multipartidistativo lugar, naturalmente, fóra de horas de clase e, entre muros, recordo nela a Alberto Reverter, do PC, pura coraxe.

a Skipper, Mato. Alén. Dudú Varela e unha incorporación: a de Cuco Fentanes, tipo tan longo coma voluntarioso e absolutamente boa xente, lalinense de orixe e filio dun republicano "queimado" por Solís Ruíz no seu tempo de gobernador civil de Pontevedra. Pois ben, a penas comezara a reunión cando alguén —que non podo fixar na memoria— entrou a fume de carozo dicindo que a policía rodeaba o edificio. Aquilo foi a espoleta para un confuso " sálvese quen poida". Un grupiño, encabezado polo Fentanes. conseguimos saltar por unha fiestra da Facultade de Dereito que, por aquelas datas estaba no piso inferior ao ocupado por Filosofía. O resto non sei como fixeron para fuxir, pero aquilo foi o visto e non visto. O peor parado sería o Alberto Reverter, detido tal vez esa noite, quizais a seguinte, interrogado e torturado.

Unha das sevicias practicadas pola policía franquista aos detidos (amén doutras xa coñecidas e relatadas noutros lugares) consistía en ubicar, entre os dedos índice e corazón, un bolígrafo Byc, dos de a peso a unidade. O bolígrafo, ao ser virado polo medio dos dedos apertados. causaba un dano tremendo. Cito esta tortura, certamente caseña e aparentemente inocua, como unha cativa mostra para os que seguen coidando que aquel réxime era unha cousa paternalista, de tirón de orellas aos detidos todo o máis. Pois ben, a esmendrellada convocatoria á que me referín. e que levou a Reverter á Comisaría e á súa definitiva expulsión da Universidade de Santiago. foi o intento baldío de reconstrucción do movemento estudiantil. Polo menos naquel curso.

Quedaba a canción, como todos os subterfuxios máis ou menos legais (culturais chamábanse os artificios) para. como quería Léo Ferré —un dos meus ídolos, a quen había dedicar a, talvez, miña mellor composición—. "non pasar o tempo¯. Ou, como cantaba Jean Ferrat, "para pasar o tempo" (do fascismo). Quedaba a canción nun trimestre. que foi de Outubro a Nadal. especialmente intenso. Incluíndo nel, desde logo, a marcha máis que iniciática a Barcelona.

De entrada —entre un sennúmero de prohibicións-percorremos varios dos colexios maiores de Santiago, sem-

pre en actuacións semipermitidas e, ás veces, a horas tan ruíns como as doce da maña. Logo viñera a incorporación de Xoán Rubia ás nosas actividades. E por fin o segundo —e último— gran recital de Voces Ceibes en Galicia. De novo en Santiago, anunciado profusamente con dous tipos de carteis, un corrente e outro, soberbio, obra de Reimundo Patiño —que desgraciadamente non conservo— e dotado dunha marabillosa forza expresionista. Quen isto escribe aparece nel como Vicente Álvarez. Burda artimaña para burlar as admonicións de meu pai sobre a cuestión canora, que pasou por adaptar o meu segundo apelido como o de "guerra¨. Por certo que, desta maneira, a miña denominación como cantante coincidía coa do líder do PC, Vicente Álvarez Areces, borne escindido das fileiras comunistas nalgunha das liortas que este partido prodigara na democracia, e hoxe alcalde de Xixón. Co Vicente teño bromeado entón —pola coincidencia onomástica— e despois, cando tivo que arbitrar nunha polémica interna de Voces Ceibes (co tempo todos "peceaban", agás eu, máis vertido a posicións ácrato-esquerdosas, "folclóricas" para os "ben pensantes").

No recital do Capitol —presentado por Manuel María, cun discurso emocionado e barroco— intervimos Benedicto, Xavier, Xerardo, Guillermo, Miro (estes dous últimos xa integrados no grupo) e mais eu. O máis bonito do acto foi o lanzamento de octavillas ou panfletos desde as localidades superiores cada vez que os textos das cancións tocaban as palabras prohibidas: democracia, liberdade, etc. Agora a lección xa estaba ben aprendida e non eran os textos de Celso os únicos merecentes da ovación popular. Tamén neste terreo o de Celanova creou escota: letristas belixerantes *comme il faut.*

O Xerardo recolleu os aplausos maioritarios coa súa canción dedicada a Luther King, unha demostración do carisma do líder negro. Hoxe, á hora de escribir estas liñas, acaba de aparecer un libro dun conmilitón do predicador asasinado en Memphis no que, polo visto, preséntao como un home promiscuo que pasou a noite anterior ao crime na compañía de dúas mulleres. Hai quen se alporiza polo "desenfoque" da figura do heroe. Eu, coma entón.

entrego o meu aplauso ao coraxudo líder dos dereitos civís que en todo caso (e como quería Blas de Otero. outro ídolo daquela hora) non era, nin máis nin menos, que un "anxo feramente humano".

Entre o público da sesión matinal no Capitol estaba Miguel González Garcés —un dos primeiros escritores que se ocuparon, para bel-t. de Voces Ceibes—. home honesto e bo poeta que analizaba desde as páxinas de *La Voz de Galicia* a poesía de opoñentes seus ideolóxicos coa máis exquisita imparcialidade. González Garcés exemplificara o achegamento á "canción galega" desde posicións neutras, o que demostra. cando menos, a xenerosidade deste erudito coruñés. Polo demais. no Cine Capitol estabamos todos " os de sempre" e, mágoa fora, tamén os membros da BPS que, logo tiven ocasión de lelo, presentarían un informe estrafalario segundo o cal había un acordo previo entre os cantantes e os espalladores de panfletos *(sembradores*. segundo a terminoloxía policial).

No patio de butacas tamén se encontraba Claudi Martí. Fixera a viaxe con Miro desde Barcelona. E José Antonio González Casanova. Alfredo Conde. Salvador García-Bodaño... En fin, amigos e coñecidos de todas as partes de Galicia. Irían aparecendo nos diversos recitais por vilas e cidades, demostrando así as posibilidades "orgánicas-. cando menos de solidariedade, que tiña a canción.

Capítulo á parte merecen os beneméritos organizadores de recitais que. acá e acolá, deixaron o seu tempo e atoparon máis dun problema (o seu nome ficaba nas comisarías e nas delegacións de Información e Turismo, onde debían dar o preceptivo permiso). Por eles tiro a miña pucha simbólica. A noite anterior ao día do recital do Capitol, por unha desas raras físgoas que escapan ao ollo kafkiano da autoridade, aterraramos nun cine de Arzúa nunha actuación nada premeditada. Como alí non había permisos nin farrapos de gaita. cadaquén cantou o que Ile petou. Consecuencia: o de Arzúa. gracias aos organizadores que esqueceran solicitar a autorización, foi o recital máis "libre" de Voces Ceibes, exceptuando aqueles que tiveron lugar. baixo torda, en pisos. colexios maiores, parroquias ou *boites* (atal un marabilloso e superferolítico en Palmeira, xunto aos

inefables Panamenian Boys, un grupo de estudiantes procedentes do país do xeneral Noriega. que cantaban cousas tan saborosas como: *Cubanito soy señores / cubanito muy formal).* Soamente que aquel xurdira espontaneamente nun cine do corazón de Galicia.

Días antes un equipo de *Mundo Joven* (revista madrileña sobre todo musical, pero tamén cultural e. mesuro, política) que viñera acompañando a Pedro Olea. director da rodaxe de *Juan y Junior en un mundo diferente*. fixera unha longa reportaxe con Voces Ceibes: fotos, entrevistas, etc. A redactora era unha rapaza santanderina. Juby Bustamante, que Togo acabaría por facer crónicas políticas. Entre os xornalistas de *Mundo Joven,* réplica progresista de *Salut les copains,* estaban íñigo, Mercedes Arancibia e Jesús Picatoste, e algúns "progres" alternabamos a súa lectura coa de *Triunfo*. Os máis "severos" (ou parvos, segundo como se mire) fungaban ou poñían un ollar carrancudo diante de semellante frivolidade. Véxome agora en "El asesino" co equipo de *Mundo Joven* e pousando para Martínez Parra, xunto do. mazacote de Asorey que se ergue á beira do Convento de San Francisco. Tamén tomando copas con Juan Pardo. home sinxelo e nada hostil con nós, pois aínda non cismara en cantaren galego, e con Junior —auténtica figuriña de *pitiminí*— no bar O galo d'ouro. Aquela película. por certo. para o que cabería esperar de Pedro Olea, fora un fiasco, cunha incrible historia de extraterrestres *ad maiorem gloriara* daquel dúo de moda que cantaba "Nada", "Nos falta fe" ou "A dos niñas", esta última moi indicada para bailar "agarrados" nas escuridades das *boites.*

Na *boite* do Hostal foran rodadas algunhas escenas con estudiantes facendo de extras. Entre eles a xa citada neste memorial. Pilar Viana. Na procura de figurantes para a película de Olea tomou parte activa un tipo de Ferrol, mestre e estudiante de Filosofía e Letras, alcumado *Culo tonto*. Era tan parvo que acudía ás manifestacións a ver como os participantes levaban paos. o que, segundo el, era tremendamente divertido. O malo foi a vez en que, de acordo co seu extraño hábito. pousou nas escaleiras de entrada ao Hotel Compostela para axexar a carga policial. A xente, no barullo da fuxida, deu con el no chan e *Culo*

*Tonto* resultou cun olio negro e sen reloxo. El teimaba en que llo roubaran. Eu supoño que non, que máis ben o perdeu. Como dicía un día a miña amiga Loló Pérez Linos: " Comunistas si, pero cus máis limpos cós nosos non os ten ninguén en España". As entrevistas e a reportaxe de *Mundo Joven* serviron para ampliar un pouco máis o noso nome, agora a través de Madrid. que entón era o centro ao redor do que viraba o mundo periférico. Hoxe cada vez menos, cousa perfecta para os que escollemos vivir nesta cidade á que me sinto moi vencellado, cultural e animicamente.

O Nadal do 68 trouxo consigo varias actuacións. Todo era, novo e, polo tanto, atractivo: subir a un escenario, as conversas de antes das actuacións. os "viños" de despois. o trato cos amigos recen incorporados, etc. A mala nova foi que a policía trabou con forza no punto máis fraco: Xerardo Moscoso, pola súa condición de mexicano, que non polo seu aspecto físico, pois este vello amigo e cantautor sempre estivo de "bo ano". Pois ben. "os esbirros da dictadura", segundo rezaban os panfletos, pretendían obrigar ao Moscoso a deixar a canción coa ameaza de suspender o seu permiso de residencia. Así as cousas. Xerardo non apareceu nos recitais de Nadal en Ourense, Lugo. e Latín.

O de Serenou —palabra xa para sempre marcada na miña memoria despois do libro de Manuel Guede— foi pola mañá, e nun cine. Dos outros participantes recordo, con seguridade, a Benedicto coa súa canción estrela (prohibida a "Carta a Fuco Buxán") "No Viet-Nam". Curiosamente teño máis clara a xuntanza de despois do recital na cafetería Miño, e, Togo, unha longa velada na casa dun médico do PC, home veterano na loita e dotado de grande humor. ¿Chamábase Peña Rei? Nesa casa, como tantas outras veces e noutros lugares. mostra da capacidade de convocatoria que a canción tiña, aterraramos cantantes, acompañantes e "forzas" democráticas da localidade. Entón era o momento de estreitar lazos, de procurar os vencellos necesarios, de unir as mans simbolicamente contra o inimigo común. De entre os locais, e xa que adoitaba haber guitarras. non faltaba o que facía *pinitos* cantando cancións de protesta. propias ou alleas: unha chacarera de Yupanqui ou un poema, mellor dito "o poema". que era

"La poesía es un arma cargada de futuro" de Celaya, musicada por Paco Ibáñez. O caso era a participación, a "comunicación", se cadra nun senso algo menos íntimo, máis colectivo có que quería aquela miña amiga de Santiago.

(Saíron para Lugo unha mañá de inverno: o Rubia, o Guillermo, o Morito e o Vicente. Levaban un Simca de aluguer, ¿sería un Simca 1.000. coma o da canción de Los Inhumanos?, eu non sei, pero nas curvas o Simca aquel voaba coma un tolo, coma tolos nun Simca de aluguer, camiño de Lugo. Na Costa do Sal, que non ten barcos nin mariñeiros, meu querido Xavier Costa, la ao volante o Vicente Araguas. Diante marchaba un camión e o capirrino este teimaba por pasalo. Teimaba por pasalo coma un mangallón, un túzaro, un vándalo. De súpeto, ouh marabilla, o auto saíu guindado atal unha bolboreta que brincase a dar viravoltas no asfalto gris e mollado. Logo, nas silveiras, era todo un barullo de Xoán Rubia e Guillermo. presos entre as guitarras e o asento traseiro, e o Morito e o Vicente, xa de pé, a axexar a desfeita. Veu unha furgoneta, colleu aos catro, e chegaron a Lugo a tempo de cantar no Círculo das Artes. O Simca —¿el era un Simca 1. 000?— quedou mangado nunha silveira, nunha curva neboenta da Costa do Sal.)

O recital do Círculo das Artes tivera como protagonista involuntario a Xerardo Moscoso, cunha perna en Galicia *e* outra en Torreón (Cohauila). Todos, especialmente Guillermo, lembraramos a *Mosco.* E o público, emocionado. aplaudiu a súa presente ausencia. Despois, nun bar onde os siareiros de "sona" asinaban nas paredes, coñecemos a Manolo Lombao, locutor de radio e testán partícipe na difusión da "nova canción galega". El, xunto con Nonito Pereira na Coruña, amplificaron con forza e xenerosidade o novo son. Máis adiante, en Vigo, entraría no xogo Xerardo Rodríguez. E non esquezo en Ferrol. nos primeiros momentos, a Coque Bruquetas, prematuramente falecido.

Co Tino Cabanas foramos á súa emisora. Radio Lugo, para ollar, abrasados, a lista de cancións "non radiables", segundo o Ministerio de Información y Turismo. Ali estaban practicamente todos os nosos temas á beira de outros, coma o tango "Yira" o "Nos falta fe" de Juan y Junior. Ao

Tino vino por última vez —que espero non sexa a derradeira— nun acto da asociación compostelá O Galo. Non sei por que razón había un coloquio sobre *Retorno a Tagen Ata* de Méndez Ferrín e chovían as intervencións pintorescas e disparatadas. O propio Cabanas interpretaba o título como un anagrama segundo o cal habería que ler *Negada e atada* (Galicia, claro). De súpeto un espectador. que chegara tarde ao local, ergueu a súa voz para expresar a súa disconformidade con tanto dislate. Era o propio Méndez a quen todos supoñiamos agachado nalgures. Pero agora estou falando do ano 71. recén saído á rúa libro tan críptico como suxerente e enigmático.

De Lugo a Lalín, abandonado o primitivo vehículo, marchamos o Morito, máis coñecido no século como Xosé María Dobarro, dilixente profesor da Universidade de Galicia, Xoán Rubia e mais eu nun Seat 600 alugado. O coche procedía dun negocio que rexentaban os irmáns Laxe Freire. O pequeno, home vitalista e de moito mérito pola súa orixe labrega, chegou a licenciarse nun par de carreiras e publicou hai anos unha novela mellorable: *De amor e morte.* O bonito da literatura é. entre outras cousas. que de cando en vez aparecen nas librerías os amigos que tiñas esquecidos. Co Laxe, en Santiago, teño corridas unhas cantas esmorgas. A máis sonada, a da noite de San Xoán de xa non sei que ano, cando os dous, no canellón de Bautizados, demos no perigoso deporte de chimpar foguetes de cana, non cara ao ceo senón paralelos ao chan.

De Lugo a Lalín viaxamos por aquelas estradas tristes e cheas de baches, coidando agora non sufrir unha segunda *panne* e descubrindo a Galicia interior, dura e deixada á súa sorte. Ao remate, Lalín, que coma sempre era unha festa, desta volta dirixida por Cuco Fentanes.

Non sei que raios terá Lalín que, as tres ou catro veces que alí estiven, saín a catro patas. Soamente coñezo outra vila galega de maior capacidade etílica: Cedeira. (Falaba eu en cena ocasión co encargado dunha cooperativa vinícola de Valdepeñas. O home, ao saber a miña orixe galega, deu en referir os camións e camións que enviaba cara o meu país, pequeno, verde e húmido, pero poñendo especial acento admirativo en *ese pueblo, ¿cómo se llama?, ah, Cedeira,*

*carajo, como beben esos paisanos suyos y cuánto vino les tenemos mandado.* Eu, que coñezo e compartín solidario a inxesta alcólica cedeirense, sorrín para adentro mentres poñía o meu mellor rostro de póker e, xa que logo, de circunstancias.)

En Latín o recital foi no Cine Campos e entre os espectadores estaba o pintor Sucasas, simpático por momentos e axiña dominado por unha súpeta carraxe; Enrique Alter, todo bonhomía e trato agradable, e Varela Buxán, tan marabillosamente doutra época que nos chamaba irmáns, mentres saloucaba emocionado. A cea posterior ao recital merecería o adxectivo de catártica, consecuencia das numerosísimas libacións, os brindes cargados de elocuencia ata o límite que o alcol permite, e os amores momentáneos ( entre os comensais estaba unha lindísima guatemalteca) esa noite xurdidos, tan momentáneos como temporal fora a *petenera* que acompañou aos rascados ás casas e pensións onde pasar a noite fría e nadaleña de Lalín.

Pasou o Nadal e veu un Xaneiro especialmente funesto, pois o goberno, sentíndose acosado pola presión popular do que *la gota que colma el vaso* fora o intento de defenestramento do rector da Universidade de Barcelona por parte dalgúns exaltados que, primeiro, guindaron pola fiestra mobles e ¡o crucifixo! ¿el non serían provocadores policiais?, o goberno, digo. acordou decretar o estado de excepción. Non é que houbese moita liberdade que suprimir " excepcionalmente" pero, delta maneira, a noite era xa completa. Para terminar de matar a luz a BPS mangou desde un quinto piso, polo buraco da escaleira, a un estudiante de Dereito, o madrileño Enrique Ruano. O Enrique, naturalmente, morreu e o *ABC* tivo as pelotas de fuchicar nos diarios íntimos do rapaz, dicindo que estaba a tratamento psiquiátrico e historias semellantes. O que coincidiu, anos despois, co tratamento innoble que o devandito diario deu tamén ao asasinato de Salvador Allende, a través do enviado especial a Chile. Luis Calvo. Cómpre lembrar isto porque daquela outros xornais como *La Voz de Galicia, Madrid ou Informaciones* mantiñan unha postura digna frente á dictadura, rexeitando, cando menos, inserir as mensaxes obrigadas. Non está de máis lembrar a cóm-

plice postura do *ABC* non por un afán inquisitorial senón por mor do vello adaxio que di: "amiguiños, si, mais a vaca polo que vale".

Co estado de excepción, que en Santiago obrigara a mudar de vivenda a xentes como Eduardo Varela, Xaime Vilasó, Cuco Fentanes, Enrique Anciones, Sanxoás (todos eles tiveron que ausentarse da cidade e poñer distancia cos acontecementos) a actividade canora sufriu un brusquísimo parón. Hai unha canción de Quico Pí de la Serra ( texto de Ramón Xiquet) titulada "Bon temps per a fer cal-191)ns", escrita o 25 de xaneiro do 69 (día en que comezou o estado de excepción) que expresa o que todos —cantantes ou non— sentiamos naquel momento: rabia. Só que o Quico puxo o acento humorístico:

> *Bon temps per a fer cancons que*
> *ens parlin de les passións de les*
> *passións que desvetlla un Iluent*
> *cul de botella.*
> *1 per qué no* m'avorriu
> *callaré, sens dir ni piu,*
> *coma minim fins l'estiu.*

Pero a cousa clara, polo menos ata o verán, la ser ben difícil dicir *piu*. Claro que quedaban as emisoras de radio. E en especial unha de Coruña, Radio Juventud, que curiosamente pertencía ao "Movemento".

Alí había dúas rapazas, amigas de Xerardo Moscoso, que mantiveron aceso o noso facho. Estas rapazas radiaron os nosos discos con afán "estaxanovista" e. ademais, convidáronnos a tomar parte nun programa en directo que tiña lugar os sábados. Así que alá fomos, durante todo o mes de febreiro e marzo, o Xerardo Moscow, Guillermo e mais eu, alternando con cantantes folclóricos (de "canción española", vaia), humoristas, alguén que se iniciaba no xénero galego, Xurxo Mares por exemplo, e outros artistas incluidos no "Sindicato de actividades diversas" (non é coña que así se chamaba a agrupación gremial franquista para artistas e asimilados). Recordo con especial rexouba a miña actuación xunto a un grupo de Cádiz chamado Los

Ye-Yes Gaditanos. conxunto de murgas de entroido, formado por unha chea de mangallóns co pelo cortado ao cero.

Dos artistas esperpénticos que me teñen acompañado a medalla de ouro é para Luís, un rapaz de Santiago que un día foi visitarme á miña casa de Ferrol. Eu non estaba nese momento, así que o Luís quedou agardando por min no vestíbulo. Chamo á porta, franquéama o descoñecido e, de súpeto, apaña este unha cadeira e colócaa en equilibrio nunha pata sobre do seu queixo. Reposto da sorpresa escoito abraiado como Luís *O santiagués* (que así era o seu nome artístico) presenta a súa proposta de entrar en Voces Ceibes. Quero dicir de abrir as nosas actuacións cos seus equilibrios. A verdade é que rexeitei a oferta, cousa que hoxe aínda lamento. O Luís remataría no Conxo anterior á reforma hospitalaria.

Outro tipo pintoresco que apareceu daquela no meu camiño foi o bastante máis popular: Carlos *O Xestal*. Co gallo dunha actuación no Cine O Mariño de O Grove, viaxei desde Santiago nun taxi co *Xestal*, que viña desde A Coruña acompañado dun maromo da súa confianza. *O Xestal,* vestía, coma de costume, o traxe nacional galego do que colgaba unha medalla que ]le outorgara o propio Fraga Iribarne, ministro de Información e Turismo. A verdade era que eu non aturaba ao *Xestal* (probablemente unha boa persoa) pois, ao meu entender, representaba a caste de galego rexida polo máis estúpido autonoxo. Pintaba nos seus contos os estereotipos máis mostrencos. Total, que a longa viaxe de Santiago a O Grove foi unha continua burla, pola miña parte, do *Xestal* e o seu maromo. Tanto que, á volta, tiven de facer o camiño só, pois ambos os dous, rematada a actuación do pavero histrión, listaron a fume de carozo do Cine O Mariño deixando que o vento e a noite aturasen as miñas burlas.

Claro que isto ocorría xa no ano 72, con Xerardo Moscoso traballando na Clínica Santa Rita de Pontevedra (que é a referencia que me serve para contextualizar o incidente). Pero deixando á parte o estado de excepción, tocante ás prohibicións chovía sobre mollado: Vilagarcía, Catoira, Pontevedra son puntos xeográficos que aparecen nas miñas

carpetas de froita xamais catada. Entón, como dixen, todo era un inmenso espacio en branco, agás unha actuación na Asociación Cultural de Vigo, co Ferrín recen ingresado na cadea. E teño tan claro que lle dediquei unha canción ao Méndez como tamén que o local do recital non estaba en absoluto cheo. Conservo unha foto tomada desde o público na que aparecen ocos abondos nas cadeiras de tesoira. Agora penso no contraste entre ese recital de Vigo —na metade do camiño do estado de excepción— e os restantes, dentro e fóra de Galicia.

Unha grata sorpresa na rutina académica santiaguesa fora a chegada a Compostela de Amadeu Bernadet, membro, kunto a Eduard Stivill e Montse Domenech do grupo folk catalán Falsterbo 3. 0 Amadeu viña coa única compañía da súa guitarra (en realidade tocaba o contrabaixo de madeira que os cataláns, para diferencialo do eléctrico, denominan *berra),* co fin de entrar en contacto coa "nova canción galega" e ver de argallar recitais en Galicia. Amadeu representaba (pois non era un estudiante senón un artesán) un concepto da arte bastante distinto ao nos°, se queredes demasiado "de paso" pola canción que, normalmente, habería de deixarnos (ou nós a ela) unha vez rematadas as carreiras que a Santiago nos levaran. Amadeu pretendía vivir da música (e coma el tantos compañeiros cataláns) e, de momento, exercía o seu traballo de artesán como complemento. Co Amadeu —hoxe desaparecido do mapa artístico, coma tantos outros— tiven unha fonda amizade ampliada polos vencellos que este barcelonés fixera con Galicia a través da súa relación amorosa cunha *groupie,* que pululaba polos arredores do Bar Ferrol e que tiña nome dunha fermosísima canción de Enric Barbat: " Anna".

Ese verán Falsterbo 3 fixo unha xira pola nosa terra que foi unha auténtica ruína económica acompañados polo músico cego chileno Gabriel Salinas e a súa compañeira Vicky. Viñan nunha furgoneta e a xira serviu —iso si— para estreitar aínda máis os contactos entre Galicia e Cataluña. Porque público, o que se di público, a penas tiveron. En Ferrol, na Sociedade Bertón de Caranza, eramos catro gatos asistentes, incluidos Rafael e Raúl Pillado.

Xesús Díaz, Xaquín Marín, Skipper e Pepote Serrano (vestidos os dous da mesma maneira —pantalón branco e comando verde—, tan cuspidiños, cos seus lentes *lennon* e melena loira, que tal semellaban ir ao mesmo colexio). Coñas fóra, o Pepote, morto nun estúpido accidente nunha pensión madrileña no ano 74, era un tipo "legal" e xeneroso. Tan legal e romántico coma a súa compañeira violinista e mesmo o sol asfixiante dunha estufa de butano que enviou o seu corpo ao Instituto Anatómico Forense.

Falsterbo 3, ademais de Amadeu, eran Montse Domenech e Eduard Stivill. Montse tiña unha fermosa voz de mezzosoprano que semellaba imposible en corpo tan xentil e delgado. O Eduard gastaba perilla e era moderadamente groso, o que confería á súa humanidade un aire confortable. O trío cantaba en catalán, galego ("Polo mar abaixo vai") e castelán ("Monólogo del viejo trabajador", con recitado na nosa lingua no disco a cargo de Miro Casabella, con toda a clandestinidade —Falsterbo 3 gravaban para Als 4 vents— que o contrato con EDIGSA esixía). Gabriel Salinas era tan forte coma melodioso á hora de cantar pezas como "Barlovento" o "Jangadero". Na mala hora do golpe de estado de Pinochet corrérase a voz de que morrerá asasinado. Nunca máis souben del e, aínda así, espero que a pésima nova non pasase de ser un rumor ( ou un *boato* como din lusos e lusistas). O estado de excepción morreu tan bruscamente como veu. gracias ao Festival de Eurovisión que ese ano la ser en Madrid (pois o anterior fora o do *affaire* Serrat e, xa que logo, o do triunfo de Massiel). Carrero Blanco e os seus conmilitóns, presionados polos demais países participantes, optaban por tranquear a fachada do réxime diante do magno acontecemento. Daquela, a hoxe obsoleta competición canora aínda interesaba ¡Houbo catro gañadores! Unha: a superferolítica Salomé, co inefable "Vivo cantando".

A causa (nunca recoñecida oficialmente) para anticipar a retirada da "excepción", que non da "regra", fora o Festival de Eurovivión. Pero nós, coa consabida e optimista visión da historia, seguimos pensando que o réxime caía. Ou sexa, que a razón era a madurez da froita, e que abondaba con abanear a árbore para precipitar o seu descenso

(aos infernos) que nunca ocorreu, e tivemos que pasar a vergonza de velo morrer na súa cama rodeado de todas as necesarias —e innecesarias— atencións médicas. Pero o certo é que, pois cantantes, o final do estado de excepción veu ser un alivio xa que, se ben rematado o curso, aínda houbo tempo de cantar en dous ou tres sitios. Un deles a xa citada Sociedade Bertón de Ferrol, rodeados de agarimo e xente esperanzada.

No que a min respecta, cantar en Ferrol era coma pechar un círculo vicioso. Volver ás orixes dunha cidade dura en moitos aspectos. Co tempo, cantar en Ferrol, nas sociedades obreiras, habería de ser unha cuestión reco-. rrente e ben gratificante, sobre todo en Santa Mariña do Monte, feudo do PC, onde a oposición ao réxime adoptaría matices insolentes e, mesmo, descarados. Como insolentes e descarados eran os recursos da dictadura imperante. O home chegaba á lúa, estaba a piques de facelo, e, mentres, aquí abaixo, seguiamos á lúa de Valencia.

A rutina do curso que veño de lembrar rompíaa en parte o meu ir e vir a Pontevedra as fins de semana a estudiar Arte con Alfredo Conde. O Alfredo, tocado xa daquela polo halo de home rigoroso e traballador, estaba matriculado como alumno "libre" de Filosofía e Letras. Pero a súa " liberdade" morría á hora de se enfrontar coa asignatura de Arte, entón impartida polo ínclito don Ramón Otero Túñez. E digo que morría porque. sen asistir ás clases e sen ver as diapositivas, había pouco que facer. Aquí entraba eu, cal *lazarillo* que guía o alumno "libre" polos recantos do *Surnma Artis* que o Alfredo posuía. Bastantes sábados pillei a estrada de Pontevedra para botarlle unha man ao ex-mariño, traballador de banca, profesor nunha academia privada e, naturalmente, escritor, que todo á vez Alfredo o era. O problema estaba en que eu viña farto de aturar durante a semana a don Ramón e as súas afrautadas explicacións, e polo tanto máis disposto a escoitar música, beber, escoitar e falar (non pollería precisar a orde de prioridades). Alfredo, en cambio, non tiña nin un segundo de tempo que perder. E al comezaba a "liorta". O "cego" empurrando ao *lazarillo*, e este perdéndose á caza dos biosbardos.

Non sei que proveito tiraría Alfredo das nocturnas e sabatinas sesións de *Summa Artis*. Eu, desde logo, tiven que repetir a materia ata que, á forza de traballo (e baixo da batuta, intelixente e sensible de Serafín Moralejo, profesor diametralmente oposto ao método *hierático. lívido* e *solemne* de Otero Túñez), superei esta ao curso seguinte. De todas as maneiras, de Pontevedra conservo a lembranza quente da hospitalidade de Margariña e de Alfredo. E de Alfredo Conde, entre arrepiante Venus de Willendorf e arrepiante Venus de Willendorf, o valor da súa palabra, honesta e cálida, un punto para o aplauso *e* outro punto disposta ao tirón de orellas.

Con todo, o máis gratificante que me ten ocorrido foi cantar en Xuvia, xunto a Rubia, o verán do home na lúa. Case nada: cantar (ou bailar o tango. ou facer randas, ou pintar a mona) onde tiñas, e seguirás tendo cada vez con máis forza mentres o tempo, cabrón, siga fuxindo, posta a ollada. Por certo. que antes do acto o señor Cañoto da BPS tivo comigo o seguinte diálogo:

Cañoto: *Bueno, Araguas, a ver qué tal te portas, ¿eh?*

Eu: *¿Qué quiere que le diga? Cantaré las canciones permitidas y, además, ¿por qué habría de portarme mal? No le comprendo. Aquí, yo con Xoán Rubia y...*

Cañoto: 'Mira, *chaval, tú y los otros de Voces Ceibes sois unos rojillos. Rubia es otra cosa, así que no te hagas el tonto. Como te desmandes me las pagas.*

O Cañoto —que tiña fama de "hostiario", segundo palabra acuñada por Alonso del Real— era un home cadrado. tirando a groso e co cabelo enguedellado e loiro dándolle un certo aspecto de anxiño de retablo aldeán. En Ferrol botou algúns anos deixando fama de duro. Coa democracia escoitei que marchara da Policía para entrar nalgunha empresa de seguridade.

Sempre que o recordo vénme á mente unha anécdota que contaba a miña nai dunha monxa de Lugo, tan fina ela que lles dicía ás súas alumnas: *niñas, no digais carozo que es una aldeanada, decid cañoto que es lo correcto*. Pero tocante a finuras ninguén como aquela rapaza de Xuvia que casara cun tipo da "montaña", como se dicía na beiramar da xente de Curtis ou Sobrado. A muller, falando coas

amigas, rexeitaba o presunto aldeanismo do seu consorte co seguinte argumento: *No es nada túzaro, no señor. Mirar, la otra noche cuando... ya sabéis va y me dice todo cumplido: revírate. Manija. que te preciso.*

Do recital de Xuvia e, sen que sirva de precedente. deixarei que sexa a prensa, por boca dos corresponsais de *La Voz de Galicia* e *El Ideal Gallego* quen fale. Escribía o primeiro: "Este cantante, este ferrolano Araguas, ao alimón co gran Xoán Rubia, produciu unha excelente impresión aos novos e aos menos novos asistentes a esta velada que será difícil esquencer, sobre todo para os moitos ye-yés asistentes de ambos sexos". E o segundo: "Na segunda parte alternaron, man a man, con oito cancións cada un os notabilísimos cantantes, ídolos da xuventude, Xoán Rubia *e* Vicente Araguas. que coa súa soa presencia no palco escénico levantaron clamorosas ovacións, particularmente da mocidade estudiantil que de maneira masiva concorreu ao Circo Mercantil de Xuvia a noite do sábado". Pintorescas descricións que olen a naftalina e amarelean no meu arquivo pero que, dalgunha maneira, describen o que foi aquilo, presencia de *ye-yés de ambos sexos* incluida.

## AQUÍ E ACOLÁ

Ao comezar o curso 69-70, rematados os estudios comúns de Filosofía e Letras (mostra dunha época máis integral e menos especializada) tiven que optar. precisamente. por unha especialidade. Como daquela non había moito que escoller decidinme pola de Inglés. ¿Por que? Tal vez polo " exótico-, que sempre me tirou bastante, pero sobre todo porque quería entender dunha vez por todas o que dicían as cancións de Dylan ou Lennon&McCartney e. tamén, preparando unha fuxida cara adiante que me tiña que levar. cando menos, á Europa do Norte, para o que precisaba un certo dominio da lingua de John Donne.

Outro señor que precisaba comprender de primeira man e co que traballei teimudamente ata pillarlle as voltas a *Go and catch a .falling star,* John Donne. O malo foi que a especialidade anglicana en Santiago era tan recente que o profesorado resultaba bastante ruin e acientífico. Teño que exceptuar a Manuel Míguez Ben, profesor meu de Anglo-Saxón e Literatura Norteamericana, tipo intelixente e preparado que me reconciliara cunha universidade pobre nun tempo triste. O Míguez sabía de literatura, de cine, de canción, e adobaba as súas clases con pingas de chanel número 5. unha retranca saborosísima, e coas súas dotes de histrión do ensino. Seguramente as explicacións de Manolo Míguez foron as mellor aproveitadas por min *e* hoxe recordo de memoria as súas citas aplicadas a Hawthorne. Poe ou Steinbeck. E, sobre todo, a súa maxistral disección do *The sound and the ltuT* de William Faulkner. Míguez era faulknerista cando aquí nin diola falaba del, agás Benet.

daquela tan coñazo coma hoxe. Pero Míguez metía con intelixencia o escalpelo nos turbulentos personaxes do Sur de América do Norte. Hoxe, na distancia, aínda recordo o teimudo cheiro a *honeysuckle* (madreselva) de *The sound and the fuly* extensivo á aula cativa onde impartía maxistral ensillo o Manolo Míguez. E tamén lembro o chanel número 5 deste profesor santiagués, que confraternizaba cos alumnos ata o punto de concorrer con eles ás discotecas ou levalos de xira campestre a unha finca que tiña á beira do río Ulla. O Míguez disfrutaba con Elton John e David Bowie e foi, xa digo, un luxo dun tempo universitario ben ruin.

Dos meus condiscípulos, poucos e voluntariosos, lembro con agrado a Luís Martul Tobío. quen la e viña a Inglaterra, sempre *miles high* respecto dos demais: Andrés Vilán, ese amigo con quen compartín mágoas e ledicias e copas a cito: María Xosé Blanco, do Carballiño. Mela Fernández Uzal —quen, descubro agora. moceaba co Constantino Bértolo—. Luz Valiño, Xosé Manuel Vez, Patiño, a guapísima Marina Trebolle, María Luísa Encinar, a entrañable *Lui*, Antonio Toro, Ocaña, María Rodríguez e algún outro que non recordo ou non quero recordar, pois os mecanismos da memoria, xa se sabe, son ás veces un tanto tortos. (Si, había unha rapaza calva, nada fea de cara, que agachaba a súa alopecia cunha peluca, unha monxa, anodina e gris, outra rapaza, semellante a un papagaio, e outra máis, coñecida como "a libre". vaia vostede a saber por que.)

Total, un colectivo humano semellante a moitos outros pero máis divertido. porque eramos poucos e seguramente non moi amigos, xa que non existe orla que certifique que unha vez fomos grupo universitario. Debo dicir, sen embargo, que cos citados en primeiro lugar pasei esmorgas e momentos de camaradaría moi gustosos e que hoxe, a dezasete anos vista, gardo para eles a mellor das miñas lembranzas. Aínda que á maioría dos mesmos nunca máis os vin nin tiven noticias deles. O que. posiblemente. adoce aínda máis o recordo. Así compartín os tres anos que durou a especialidade, nunha aula cativa nun entrechán veciño a Radio Galicia da que acababa de fuxir Pepe

Domingo Castaño, despois de ocupar un posto polo que competira tamén o Morris e no que xa estaba a sempiterna María Teresa Navaza.

Aterramos naquela aula temporal porque todo en Filoloxía Inglesa era provisional e fuxitivo. Alí o que non se preparaba pola súa conta ou era parvo ou mamalón. De aí o aire novo que aportaba o Míguez, licenciado na primeira promoción (a noca foi a terceira), quen a penas recibira confirmación do seu cargo —no verán— xa estaba escribíndonos persoalmente co seu plan de lecturas. Os restantes profesores eran tan frouxiños (falo das materias obrigatorias) que mellor poñerei sobre eles a máis pesada lousa do silencio.

Aquel curso, por razóns que me escapan, foi pródigo en actuacións fóra de Galicia e en ordes de busca e captura, como se verá. Primeiro que nada un recital en París, ao que non puiden asistir por carecer de pasaporte. Alí estiveron Xerardo *e* Miro, cantando con Paco Ibáñez e Luís Cília. O Xerardo volveu encantado cunha foto na que estaba a carón de García Márquez.

O recital parisiense fora amplificado por Ramón Luís Chao, que hoxe seica está pouco pola "cantautoría·". nesta continua cerimonia de muda de traxes que vivimos. Entón, e por aí están os *Triunfos* nas hemerotecas, era un convencido das excelencias da canción de autor. Logo, en xaneiro, primeiro recital salmantino. na Universidade Pontificia, á que chegamos ao lombo dun Simca 1.000 conducido por Pedro Ruibal, un rapaz quixotesco e con gafas de cu de vaso. O máis bonito da primeira estadía salmantina foi a relación con Isabel Taboada e Aníbal Núñez.

Isabel era unha rapaza ourensá que en Salamanca estudiaba Filosofía e Letras. O seu rostro xitano e ovalado contrastaba co pálido do seu mozo. Aníbal Núñez. un nativo da *dorada charrería* que xa entón anunciaba o poeta decisivo que axiña habería de ser. Aníbal morreu na primavera do 87 (¿,Sida?. ¿adicción á heroína?, de todo escoitei e aínda non o podo crer) deixando detrás libros como *Fábulas domésticas* ou *Cuarzo* e, sobre todo, ese patético e profético testemuño que é *Alzado de la ruina.* De Aníbal, que hoxe andaría polos 45 fermosos e altivos anos agacha-

dos nos seus ollos verdes e barba Loira, conservo dúas cartas. Unha delas fai alusión a unha polémica que el mesmo sostivera en *Triunfo* a favor de Fermín Bouza (Luís) e contra Vázquez Montalbán (Luís Dávila). Nalgunha parte debe haber unha foto na que aparece, pensativo e helo coma un deus antigo, este poeta "antipichafría" (como adoitaba dicir) que o tempo ten de confirmar no seu posto senlleiro na relambida poesía española contemporánea.

Despois desta primeira experiencia en Salamanca. e cun interludio xixonés inexistente, por prohibido. recuncamos na mesma cidade. Desta volta, co entroido polo medio, tratábase dunha semana de canción popular con cataláns, vascos e flamencos (de Andalucía) como coparticipantes. Nós abriramos as sesións cun recital na Facultade de Medicina. Despois da actuación houbo unha esmorga nos baixos dun bar próximo. Alí deben haber invocacións a Baco e a Eros porque á volta a Galicia choveron as críticas puritanas sobre os participantes na tal celebración.

Un dos participantes enguedellara o corazón cunha rapaza charra chamada Marifé Ruipérez, estudiante de Dereito. Polo visto, e despois de varios días de amor entre o participante e Marifé. esta viu chegado o momento de dicirlle adeus. O participante seica teimaba en seguir coa salmantina, entre argumentos e aloumiños, e tal vez algún salouco. pero a Marifé, testuda marxista. cortou tallante: *Sé dialéctico, hombre, razona* co que o participante. co rabo entre as pernas, retomou o camiño de volta a Galicia por Candas e Padornelos.

Falaba da esmorga no bar poscoitum. digo posrecital, e alí estaban Isabel, Aníbal, Xosé María Mercado Codón —un tipo de veras pánico, que fora expedientado en Santiago—. Ana Eiroa, Xaime Vilasó, Pepe Lolo González Herranz, Guillermo Rojo (un tanto descentrado. creo). Cándido Conde, Nando Cabaleiro. Ánxela, e bastante máis xente que convertían aquilo nunha sucursal do camarote dos Irmáns Marx en *Unha noite na ópera.* Había xente galega a esgalla, o que demostra que Voces Ceibes tiñan un efecto aglutinante: o melloriño da esquerda universitaria viaxaba con nós (ou nós con eles, que tanto ten) e nisto xogaría un papel importante Isidro Caballería Palau. artellador de

viaxes nato. ao que perdin de vista e que seguirá argaliando cousas na terra, no mar ou no aire. Se non estou nun erro aquela viaxe a Salamanca fora o debut con Voces Ceibes de Xaime Barreiro. *Chu.spe,* quen sentíndose preterido (ou tal vez engallado a conta do disco que nunca chegou a gravar) deixou o grupo sen reproches nin berros. Nos tempos que corren, o Chuspe é senador do PSOE, lexislatura tras lexislatura, e mesmo participou no confuso *affaire* da volta de Vaamonde a Galicia. despois do seu exilio.

Logo da actuación de Voces Ceibes pasaron polo escenario salmantino María del Mar Bonet e Marián Albero. Uns vascos tan descoñecidos como antipáticos e irados *e,* por parte dos flamencos. Enrique Morente.

María del Mar Bonet estaba entón espléndida de voz e beleza. Pero. ao tempo. presentaba un certo envaramento que eu non sabía se atribuir á timidez ou, tal vez, ao porte de quen se sabe admirada. De todas as maneiras no recital dos "cataláns- houbo pouca xente e algunha tan demente como quen, despois, do acto. acusou á Bonet pouco menos que de fascista por cantar unha canción de recoller aceitunas. Segundo aquel *quidani* o traballo é reaccionario. polo que a canción (e seguramente a Bonet tamén) estaban de máis. O facía de corifeo de María del Mar. Marián, valenciano afincado en Barcelona. tiña unha fervente teima contra Raimon e Pí de la Serra, e algo máis que simpatía por Joan Manuel Serrat. o que confirmaba a racial teoría, tan de moda en Galicia. de se estás comigo estás en contra dos meus inimigos, e á inversa. Polo demais. o Marián era bo rapaz e posuía excelentes dotes de cantante, que acabou por mandar ao carallo ao non atopar unha liña —e un repertorio— definidos. Caso curioso este que logo vin repetido en máis dun cantante ou escritor: un comezo meteórico para ir. co tempo, quedando en nada. desinchándose coma o globo de cores que escapa das mans dun picariño. E logo, o rapaz a chorar.

Os vascos do día seguinte, ademais de malos de solemnidade, adoptaron unha actitude parva, negándose a traducir as cancións ao español. (A súa displicencia diante do xa escasísimo público fixo que este optase pola fuxida.) Ah

Picamos sós. coma no poema de Manoel Antonio. os catro ou cinco que aturabamos todo. e algún membro da colonia vasca en Salamanca. En xeral os cantantes vascos adoitahan moverse pola súa tonta nos circuitos da canción protesta peninsular —sen saír case que nunca de Euskadi—. Isto non quita para que algún deles. Lourdes Iriondo, Xabier Lete. Benito Lertxundi, gravaran con EDIGSA e foran artistas tan sobranceiros como comprometidos. Logo aparecería Imano! Larzabal que participou con nós —e os cataláns. extremeños. casteláns *e* andaluces— no disco *Cerca de mañana*. Pero Imanol era outra caste de individuo, corno se acaba de manifestar no seu retente *affaire*, ben distinto a aqueles cantantes vascos, tan anónimos coma parvos, da semana de canción de autor en Salamanca.

E como peche glorioso. a actuación de Enrique Morente, a quen debo, entre outras cousas. a afección que desde aquela sinto polo *cante jondo*. Entón pensabamos, educados na corseteira escola do progresismo, que a canción do Sur era unha trapallada española e metiamos no mermo saco a Concha Piquen Manolo Escobar, Luis Lucena e ¡ai! o flamenco. Logo se vería, gracias a Vázquez Montalbán e discípulos, que a "canción española" de verdade era unha virgallada. E o flamenco o máximo. Particularmente subín ao seu lombo o día en que escoitei a Morente a golpe de tangos. seguiriyas, fandangos e soleares, acompañado. por certo, por un guitarrista holandés do que sinto ter esquecido o nome, un home rubio e pesado que tocaba o instrumento con elegancia e lixeireza góticas. Fun amigo de Enrique Morente —protexido de Paco Almazán— unha longa tempada. Logo, por culpa do acaso, perdernos contacto. Hoxe só sinto ledicia cando vexo que este artista granadino segue un camino de intelixente evolución e innovación dentro dun xénero tan valioso e enraizado como é o flamenco.

Volveramos de Salamanca a Santiago polo económico procedemento do auto-stop (da *boleia* portuguesa). un día cheo de neve e friaxe que a pouco impiden que pasasemos a Canda. A liosa indixencia era tan grande que. en °tírense, durmiramos na estación do tren. E teño que lembrar agradecido ao bo samaritano dono. ou encargado, do bar Vol-

ter que nos agasallou con viño e mexillóns aos catro conxelados viaxeiros que por alí pasamos. Vén todo isto a corito para dicir que non era ouro todo o que relucía e que o "mester de xograría" podía ser tan duro, e divertido, coma nos tempos do Arcipreste de Hita. Cantante. ou ao menos, compositor *avant la lettre*.

Volvemos a Santiago cando a actitude provocadora do rector García Garrido puxo a Universidade de novo en movemento. Aqueles días un grupo político novo, o PCI ( Partido Comunista Internacional). mantiña unha actividade frenética: e, desde logo, estaba detrás das manifestacións e algueiradas da primavera do 70 compostelán.

Teño ben clara na mente un grupo que saíra da Praza do Toral *e* enfiara pola Rúa Nova. Xunto a min un rapaz moi novo, que axiña deixaría Santiago para rematar morrendo en Hoyo de Manzanares, a un paso do lugar onde escribo estos recordos, diante dun pelotón de fusilamento. Este rapaz, contaríamo despois Xosé María Bello. quen tamén estaba na manifestación, era Xosé Humberto Baena, ou Piter Baena. finalmente militante da FRAP e víctima do azar histórico que levou a Franco á tumba cando xa saíra de contas. O caso é que algún policía observou a miña presencia nesta, ou noutra, manifestación e, estando un sábado eu no Bar Ferrol, recibín un aviso de Xerardo Moscoso, que soubera por un cuñado maxistrado, de que liscase. Fíxeno agachándome na Pensión Deza, nun piso da baixada ao Sar habitado por un estudiante vasco: Mikel. e na casa de Fausto Dopico, a onde me levara Santiago Eizaguirre que alí vivía de aluguer.

Na fuxida tamén me botara unha man Suso Sanxoás, levándome con el a Lugo e Ourense co disfraz de vender discos de EDIGSA e Als 4 Vents dos que era representante. Nin que dicir ten que desde entón estas persoas teñen un sitio preferente no patio de butacas da miña alma que, se ben é un pouco arbitraria, considera sobre todo que o agradecemento é de xente ben nacida.

O PCI, ao que fixen referencia, xurdira como consecuencia dunha escisión no PCE e optara por unha liña máis belixerante —en termos de violencia— có partido daquela rexentado por Santiago Carrilo. O PCI, para cen-

trármonos, rematou chamándose o PTE e desaparecendo escuramente no proceso que se dá en chamar da "transición democrática española-. Home significativo do PCI santiagués era Eduardo Varela. que morreu hai ben pouco. tipo intelixente e dotado dun grande senso do humor debaixo do seu aspecto de revolucionario decimonónico.

Por certo, que antes da aparición do PCI en Compostela existían unha especie de comités nos que tomei parte activa. Un deles procedía na miña habitación da Pensión Iglesias a preparar unha pancarta. Estabamos Ana Eiroa. Xaime Gómez Vilasó, Elvira Macho-Quevedo e algún outro que me escapa da memoria. De súpeto petan na porta —fóra `Chovía a cachón e, ademais, a pancarta de marras roubaba toda a noca atención—. Case sen deixar opción a que abrisemos penetra na habitación Ariza. (Ariza. como despois soubemos, era un ex emigrante en Venezuela que volveu medio tolo daqueles pagos. Unha das Búas iniciativas, xa na torra. foi escribir a varias revistas solicitando dos lectores unha mínima aportación económica para cubrir o seu precario *modus vivendi* que. de momento. tíñao aparcado na Pensión Iglesias. Pero nós non sabiamos nada disto. Só que Ariza era un tipo descoñecido. pintoresco e preguntón de máis.) Desconcerto. Disimulos e intentos de agachar a pancarta —que ficaba riba da cama— sentándonos nela. Ariza. un ollo posto na pancarta e outro en nós. perorou un pedazo sobre os anceios democráticos da mocidade. que *el* xa vira en Venezuela. e abandonou o cuarto conspiratorio deixando aos seus ocupantes perplexos e confundidos.

Naquela habitación, cunha *vietnamita,* tiraramos unha especie de panfletiños convocando unha manifestación. Eu teimara en confeccionar un. tan voluntarioso como inxenuo. que dicía: "Se crés na libertade manifiéstate no Toral ás 8". Aínda recordo as gargalladas que ceibara o Vilasó ao velo. O Vilasó. evidentemente, era moito máis crítico e dialéctico ca quen isto escribe, crente entón (e agora) na liherdade a secas.

Pero teño que falar un pouco polo miúdo da Pensión Iglesias. na que hotei tres anos da miña case que corentona vida, e do Bar Ferro] pois ambos lugares ocupan o

seu sitio neste *puzzle* aínda cheo de ocos que pretenden falar da intrahistoria da Compostela do 68.

A pensión e o bar, que aínda existen na Fonte de San Antonio, ben preto do Arco de Mazarelos, estaban rexentados pola familia Iglesias. os membros da cal procedían de Erviñou, aldea do Val do Dubra. Estes Iglesias fixeran os cartos da emigración en Alemania. Francia e Venezuela. investíndoos logo nun pequero *holding* hosteleiro en Santiago que, de momento. cobre ademais dos establecementos xa citados os bares Ribadavia, O Tonel, uns xogos recreativos que hai no Franco e un hostal *e* cafetería situado xusto en fronte da fonte de San Antonio. chafaris de auga pura que me aliviara máis dunha resaca matutina.

Os Iglesias (Pepe, Xoán e Xeneroso). xa se ve, en canto de mercar pisos para alugar. optaron por mitigar a lame, a sede e o cono do estudiantado. traendo como empregados a toda unha tribu dubrense. xente enxehre e posuidora dun galego tan rico como só se pode falar nun sitio afastado dos estragos "civilizadores" cal é (ou era) o Val do Dubra, onde —un día enteiro en Erviñou, entre a chuvia e a friaxe de febreiro— Santiago Eizaguirre e mais eu vimos o que é a soidade aldea. nada verde, pura lama.

Tiña o Bar Ferrol uns menús discriminatorios: *pa estudiante, pa fiho, pa paso,* herraba o camareiro segundo o cliente fose universitario. obreiro ou comensal de circunstancia, e así la subindo a calidade do xantar. Suso Betanzos, xa postos, inventaría o *pa paso de subsecretario,* compendio e suma dos outros menos e auténtico tirar a casa pola venta no bar dos Irmáns Iglesias. Por alí circulou moita xente. do melloriño das primaveras compostelás. e aínda alcanzou co tempo a Bautista Álvarez ou a Ramiro Fonte, ese poeta integral que desgraciadamente entón non tiñamos. As circunstancias non permitían máis que poesía *parí time* e, para iso. condicionada polas anteolleiras morais que dispoñía o antipático puritanismo moral *ú la page,* tal vez o aspecto máis nefasto daquel espirito revolucionario que pretendía mudar o mundo, e que. se ben non o mudou, si propiciaría o cambio de talante que. agora que falamos de poesía, emparella a estética coa ética. Nós tiñamos, hen ou mal entendida. demasiada ética. sobraban panas e

tabardos. barbas e guedellas. ¿sobraban?. ¿cumpría pasar polo xastre e o perruqueiro?, ¿había, de verdade, que facerlle as unllas a aquela poesía?, ¿tiñamos pouca estética e demasiada ética? Por aqueles anos José María Valverde dimitía da súa cátedra barcelonesa de Estética en solidariedade —que palabra fermosa. hoxe botada ao máis oscuro faiado— con José Luís López Aranguren. expulsado da súa de Ética da Complutense. *No hay Estética sin Ética,* sentenciaría o "humano" poeta de xeración do 50.

Ética tiñan. xa non sei se estética, os siareiros do Bar Ferrol e da Pensión Iglesias. Mesmo Pepe Iglesias demostraría uns *huevos* fondamente éticos a noite que caeu o PCI na fonda que rexentaba. O corito é que este partido optara por unha certa violencia na que xogaban o seu papel os cócteles molotov. Estes, por certo. non debían o seu nome como eu pensaba a que o señor Molotov fora o seu inventor. Non, o señor Molotov. díxose agora que morreu o sempiterno ministro de exteriores soviético, sufrira o lanzamento da explosiva botella co gallo dunha súa visita a Paris cando a "guerra fría". O cóctel molotov, tan empregado no franquismo por grupos como o PCI, a LCR ou a FRAP. viña sendo unha botella de gasolina inflamada ao contacto cunha pastilla de clorato potásico.

E o PCI santiagués optara pola explosiva combinación. Na Pensión Iglesias. gardaba este e outros materiais subversivos Ignacio Parga Díaz, un rapaz de Ferrol tímido e intelixente, a quen chamabamos IPD por unha carta súa así asinada que aparecera en *Triunfo* na que falaba do rock fascista de Ten Years After. Xuízo que. por ceno, tiña moito de "pasada". como xa se dicía entón. Ignacio déralle a gardar algunha das botellas a Xoán López. un estudiante de Maxisterio, de Viveiro, que despois formaría parte da UPG e que foi detido logo do asasinato de Moncho Reboiras.

Xoán López era un home absolutamente sensible que apuntaba para pintor e fixera, para delicia dos habituais do Bar (ou Bare) Ferrol, unha "táboa" na que aparecía a ventaíña que comunicaba a cocida co restaurante. Despois da caída do PCI o Xoán pasou á cadea. fuxindo con posterioridade a Francia. como os máis dos moitos implicados

neste *affaire*. incluida unha muller (Pilar Barbazán) que traballaba na casa dos Caamario, persoa coraxuda e valente, á que detiveron en calidade de "buzón".

Tamén botaron o guante na mesma arroiada a un rapaz de Dereito, tipo loiro, extrovertido e un tanto *pardillo,* pois nada máis entrar na Comisaría solicitara o *habeas corpus,* para abraio dos funcionarios encargados de interrogalo. En Santiago caeran, entre outros e ademais dos xa citados. David Mosquera, Elvira Macho-Quevedo. Quiñoá. Guitián. A miña habitación foi rexistrada por un policía chamado Garrido. Este batera con Vilasó e comigo no portal da pensión, inmediatamente despois de proceder ás primeiras detencións tiesta, e con cara "feroche" de policía de opereta increpou ao Xaime cun: *Vilasó, marcha a casa,* mentres subía tirando de min ao meu cuarto. Alí remexeu todo, mesmo esculcou cunha linterna o disco de Léo Ferré que estaba no *pick-up,* e acabou dicindo como McArthur: *¡ Volveremos!* Non sei el pero eu, por se acaso, non o sigo agardando.

Outro dos detidos foi o hoxe ben coñecido Adolfo Domínguez. daquela habitante con Bernardo Máiz dunha bufarda nalgún lugar extramuros. O Domínguez. pantalón de pana, tabardo verde, non presaxiaba para nada o afamado modisto que co tempo había de ser. Si era un honre comprometido co seu momento histórico, do que dá fe a súa detención ao tempo da do PCI. na Compostela do mes de abril de 1970.

A noite en que comezaron as detencións dos membros deste partido (e aquí entra Pepe Iglesias, expoñente por varias razóns do galego de terra dentro), despois das primeiras situacións de desconcerto vividas na pensión e máis no bar estivemos deliberando un ho pedazo —diante dunhas copas de Magno. que todo hai que dicilo— o Iglesias, Vicente López. irmán de Xoán, traxicamente morto anos máis tarde en accidente de automóhil —o mesmo Vicente que aparece no libro de Méndez Ferrín *O lin dun canto*— e mais eu. Ao cabo decidimos baixar á Comisaría levando unhas mantas e. tal vez, algo de comer. Ao Pepe Iglesias. certamente. non se lle perdía nada no asunto. Tan só a posibilidade de levar algún disgusto que engadir ao

xa causado pola irrupción da policía no seu negocio. Total. que alá fomos os tres, franqueamos a porta. escoitamos berros indicativos de que principiaran os interrogatorios e vai un "gris" e diríxese a nós: *¿Quiénes son ustedes?* Resposta: *mire, venimos de la Pensión Iglesias a interesarnos por unos detenidos que han traído esta tarde*. O "gris" desenfunda a defensa regulamentaria e exclama: *¿Así que de la Pensión Iglesias? Salgan por ahí inmediatamente*. Nin que dicir ten que liscamos acelerados Vicente. Pepe Iglesias e o autor deltas memorias mentres atrás quedaba o policía armado brandindo a porra coma un anxo xusticieiro e o aire herraba dorido cun "interrogado-.

É. de cedo. unha historia cativa pero con ela quero deixar constancia do civismo dun nativo do Val do Dubra e a quen ninguén Ile mandara tocar alí a gaita. Da Comisaría, os detidos pasaron á cadea municipal de Santiago, "A Falcona". onde sorprendentemente ningún atranco impediu que eu con Pepino de Rei e Oscar, outros dous habituais do bar. levasemos algún viático aos prisioneiros: tabaco. chocolate e libros, seguro *Duelo en el Paraíso* para Ignacio Parga. Os militantes, aqueles que puidemos ver. reflectían no rostro a máis absoluta perplexidade. Logo a cadea da Coruña, a liberdade condicional e a fuxida a Toulouse marcaron o final dunha odisea idealista e destemida.

A caída do PCI, como a paulatina desaparición dos grupos maoístas, deixou de novo ao PC senlleiro para subliñar a vangarda democrática en Compostela. Deles fora o traballo máis serio e continuo a prol das liberdades e, ao meu redor, nas aulas, na canción e no mundo progresista que deixara atrás en Ferrol todos acababan por agrupárense baixo da súa bandeira. O intento do PCI, por precipitado. ficara nun simple tanteo que desgraciadamente non fixo senón "queimar" a xente moi valiosa, tan precisa entón para acosar a unha dictadura que, á fin. morreu na cama auxiliada polos máis sofisticados equipos médicos.

Pero non soamente en Galicia, en toda España xurdían grupos de extrema esquerda que ardían como avelaíñas atraídas pola chama revolucionaria. Así, en Zaragoza aparecera un "Colectivo de la Hoz y el Martillo" que mesmo

chegou a prender lame a alguén, ¿un catedrático?, ¿un policía?, accidentalmente e como contribución á causa. Co tempo —eu daquela vivía en Glasgow e seguín o asunto polas concisas reseñas da prensa británica— o FRAP (ano 73) mataría a navalladas a un membro da BPS. Pero o habitual —agás as poutadas de ETA, tan celebradas, recordemos— era a resistencia pasiva ou, no mellor dos casos, a croiazos. Por iso que presencias como as do PCI (logo reciclado. xa dixen. no PTE) sobresaltaron Os cimentos parademocráticos e puxeron á policía a andar a fume de carozo.

¿E os grupos de extrema dereita? A primeira nova que deles tivemos foi case ao remate das mobilizacións do 68. Falábase dunha organización chamada "Defensa Universitaria¯ que tiña como cabeza visible a un tal Paco. home maior xa para os parámetros universitarios. Este Paco, tipo de aspecto forte e rostro serio, estudiaba Medicina *e* viña de Madrid. Ao seu redor pululaban catro ou cinco elementos que nunca pasaran das pintadas e algunha que outra ameaza. O seu *gra"* máis "feroche" foi o que puxeron na fachada·-da casa do entrañable Rei Alvite, reporteiro bulidor e veterano de *El Correo Gallego:* "Ojo. plumífero".

Un dos acólitos diste Paco era Marcos, ex compañeiro meu no colexio de monxas ferrolán da nosa nenez. Marcos. seguramente, tería dado un bo compañeiro de copas de non mediar a barreira ideolóxica. De todas as maneiras a súa teima era o clero progresista: a última vez que souben del foi co gallo da súa detención pola policía santanderina. O Marcos, disque. ameazara cunha pistola a un crego. supoño que teólogo da liberación ou cousa semeliante. O verán do 70 un par de rapaces de Xuvia levaran unhas labazadas na praia de Cabanas (Pontedeume). Eran Tonio Varela e Conoco quen, xa de noite. cantaban polo areal o "Venceremos nós" e o "Non nos han mover" (por certo que *A voz do pobo,* voceiro do PCG. informara que o agredido fora Xoán Rubia. ben alleo en Mugardos a todo o incidente). Á maña seguirte, un grupiño de vingadores parda de Xuvia: os irmáns Laxe. Skipper, Tonio Varela. Conoco e eu mesmo. Chegamos á praia de Caballas, procuramos a Marcos —a quen todos os indicios apuntaban

como o agresor nocturno—, non demos con el. inquirirnos acá e acola e volvernos ao lugar de partida. Esquecido o asunto e xa no medio dos exames de setembro, baixaba eu polo Hórreo de Santiago cando un Seiscentos para diante miña e del descenden, carallo. o Paco e mailo Marcos. Este quería saber o porqué da rosa presencia en Pontedeume. Acurralado. eu la cun amigo que optou por unha discreta fuxida. expliquei ás claras o motivo da rosa visita. Entón os meus dous interlocutores. escollendo a via pacífica —eu xa presentía a chegada dun momento a outro dos moquetóns— zanxaron a cuestión dedicándome unha chea de consellos confusos e "moralizantes. Polo demais (o mesmtno que na "progresia-) sempre foi difícil distinguir entre os auténticos "guerrilleiros de Cristo Rey- e os seus compañeiros de viaxe ou. simplemente. de copas.

Porque estou seguro de que Primo ou Ricardo, a quen o dedo popular acusaba de "fachas-, non pertencían a ningún grupo de conxura "negra". O Ricardo —tipo *guaperds.*, que din hoxe— sostivera unha relación sentimental cunha militante do PC. As murmuracións viperinas deberon chegar ao ceo dos boIxeviques. porque o mundo progresista tiña unhas normas morais. para certas cousas, do catecismo do Padre Ripalda cando menos, *e* unha delas viña dicir que cada ovella coa súa parella. polo que as relacións heterosexuais (e supoño que as *homo* tamén de estaren permitidas) tiñan que ser entre memhros do mesmo partido. E non soamente estas. Certo individuo iluminado e paranoico decidiu non me dar o *placer* para habitar o piso de estudiantes por el rexentado. Seica lera un artigo meu publicado en *La Voz de Galicia* no que falaba da xeración *beat, e* inseria unha cita de Allen Ginsberg, do poema " América", que di entre outras cousas: *When will you*

*worihy* of *your minio') Trotskyites.*[9] (iCando serás digna do teu millón de trotskistas?). Pois ben aquel túzaro orneou: " O Vicente é trotskista *e*. xa que logo, un perigo para un piso ocupado por nacionalistas-. O perigo auténtico era aquel conainas, pero non por quixote, que non o era senón, por pertencer á neurótica caste que aplica á Patria o polvo que nunca botou, a unlla xamais limpada. o cotorreo insano da súa cabeciña chea de ferruxe de non fun-

cionar. Son os que responden: "eu son patriota", cando lles preguntas pola súa gracia. E palidecen por causa do estreñimento crónico que a falta de pensamento propio Iles produce. Cabezas nin sequera cadradas. que cadrar implica razoamento.

Non. eu non era trotskista. Pero tampouco nacionalista dos que preconizaba aquel suxeito. porque para min Patria ou Nación son igual a Liberdade, o que pasa por unha imprescindible hixiene mental. Práctica esta que non poñía en función o paranoico, iluminado e conainas patriótico do choio trotskista-ginshergiano.

Teño que recuperar o fío da memoria, deixado da man coma un papaventos que marchara cun golpe de nordés ( neste caso producido polas físgoas que xorden. aquí e ala, no meu relato) para volver á canción. que. de momento. ticou suspendida á volta de Salamanca.

Por aqueles días Xavier González del Valle deixara, simultaneamente. a carreira (Químicas) e Voces Ceibes, optando por unha fuxida cara adiante que habería de levalo primeiro a Oviedo e logo a Barcelona. Lugar este. que eu saiba. o seu actual destino. Xavier, a xeito de despedida, escribira unha memorable carta na revista *Chan* na que deixaha clara a súa posición persoal e a do grupo, en tanto que pim-pam-pum receptor. e último, de labazadas procedentes dos catro ventos. Á súa vez, por aqueles días. formaba parte de nós, como xa quedou dito. Xaime Manuel Barreiro. *Chuspe* rapaz bulidor e cargado das mellores intencións. O garante da súa entrada en Voces Ceihes deheu ser o Xerardo Moscoso. O Chuspe. en Cm. viñera con nós a varios recitais *e* estivo a piques de gravar un disco con EDIGSA. Pero a gravación foi demorando polo que o Chuspe, farto de escusas. e seguramente. sentíndose desprazado. optou por liscar dun colectivo que naqueles precisos momentos, e como quere o tópico. non se sabía se subía ou baixaba pola consabida escaleira.

Logo estaba o asunto Benedicto. quen, lonxe de ser visto corno o tipo. simpático ou non, que teimaba por ser cantante (e que. por certo, era quen mellor afinaba do grupo. ademais doutras características positivas) e que probablemente só sacaba en limpo perder o tempo e tal vez o

diñeiro, era considerado unha especie de "tiesta negra", de hábitos caciquís, cativo compromiso político *e* nulo carisma persoal. A súa marcha ao servicio militar foi, para os demais. algo así como un alivio. Agora. na distancia, considero que na maneira de xulgar a Benedicto houbo moito de tendenciosidade, polo menos da miña banda: os demais saberán da súa e, desde logo, que cada pao terme da súa vela. porque, de entrada. ninguén era quen de facer xuizos morais e o tempo demostrou a un Benedicto mesmo politicamente arriscado e á procura dunha evolución artística que chegaría a dar mostras de calidade. Eran ganas de marear ou de buscarlle os tres pés ao gato. que neste momento tiña catro (Xerardo. Miro. Chuspe e mais eu. pois o Xavier tirara a toalla, Guillermo íao facer de contado e Benedicto marchara á mili).

Entón fomos cantar a Valladolid. baixo os auspicios de Fernando Valiño, estudiante de Filosofía e Letras e Xornalismo e delegado da Facultade de Letras pucelana e sempre destemido loitador de causas perdidas. Hoxe seque exercendo en *El Norte de Castilla* de xornalista de a pé desenmascarando "trampas negras". que xa o levaron a ver arder o seu coche, afortunadamente sen el no interior, por colocar no seu sitio aos "ultras" da cidade de Castela á que din Fachadolid.

Entón o Fernando, con menos quilos e canas ca hoxe. traía e levaba cantantes comprometidos á súa cidade adoptiva —el é de Maniños (Fene)— igualiño que cando escribo este libro. só que agora opta —pois os cantantes protesta están en vías de extinción— polos grupos de rock vasco ( Kortatu. Barricada. La Polla Records) ou. sinxelamente. por xente próxima a nós como Os Resentidos ou Siniestro Total. O Fernando. en tempos, cando o PTE disfrutaba dunha efémera gloria, estivera detrás de La Fanega, agrupación folk rompedora que —mágoa— non chegou a pasar dun par de discos. E digo detrás porque a Fernando Francés Valiño soamente Ile faltaba cantar. O que. supoño, debe ser a súa máis íntima frustración.

Pois ben. a Valladolid fomos catro Voces Ceibes: Chuspe, Xerardo, Guillermo e mais eu; e volvemos tres, xa que o Guillermo. que tiña ben calada a súa decisión. xa escollera

abandonar a canción. O recital fora tan quente como naqueles anos adoitaban ser. Entre o público citado o poeta leonés Llamas (do que Xerardo musicara "Un soio de saxofón") e Adolfo Núñez. *Fito,* un dos líderes estudiantís expedientados en Santiago no curso do 68. Tamen estaba o pai de Fito. un catedrático de Medicina, liberal. E Pepote Serrano, e José Antonio Francés, *O Sarxento,* e, naturalmente. Fernando Valiño, que hotou antes de comezar o acto un *espiche* do máis pantletario, o que sumado a outras actividades provocaría axiña o seu propio expediente.

Volviamos en coche con Guillermo. calado coma un peto, salvo para cantar cancións do recentemente aparecido primeiro álbum de La Trinca, actividade que por certo poñia nervioso ao Xerardo. Pero nada facía presaxiar que esta fose a derradeira viaxe que fariamos xuntos. Días despois. o Guillermo dixo abur sen maiores explicacións. A súa carreira posterior na Universidade (da que hoxe é catedrático) fixo pensar a máis de un que ser cantante protesta non era compatible coa promoción profesional. Non o sei. O certo é que Guillermo deixou a canción tan saladamente como entrara nela. E eu quedei coa dúhida. que aínda teto hoxe, do camiño que tornaría o Guillermo de seguir cantando.,Porque dotes non Ile faltaban e. ademais. era dos pouquísimos letristas "orixinais" con que contaba mos.

## *BARCELONA REVISITED*

Pouco antes da Semana Santa do curso ó que acabo de me referir volvín a Barcelona, vía Madrid. despois dun frustrado recital no Colexio Maior Marqués de la Ensenada. Esta residencia universitaria era das consideradas *pijas* (e non deixaba de selo, como comprobei en actuación posterior: por certo que daquela *pijo* tiña connotacións negativas mentres que hoxe hai todo un segmento social que se precia da súa *pijería:* entón o único *pijo* que me merecía creto era o Pijoaparte da novela de Juan Marsé *Ultimas tardes con Teresa)* polo que, no canto de durmir en pensións ou pisos de estudiantes como adoitabamos fomos aloxados nun hotel competente: o Príncipe Pío.

Ah, unha vez prohibido o recital. viñeron vernos membros da colonia galega. Entre eles Lois Diéguez e Bautista Álvarez. Visto que Madrid non era para nós. emprendín con Miro e Mónica, e unha rapaza de Lugo que morrería axiña decapitada pola roda dun taxi, viaxe a Barcelona para botar unha segunda estadía, tan rica coma a primeira. Soamente que esta vez EDIGSA dispuxera o meu aloxamento nun lugar cutrísimo. afastado daquel luxo primeiro do Hotel Oriente, chamado Pensió Maresme so pretexto de que o devandito hotel estaba en obras.

O certo é que no Maresme durei pouco, pois a patrona e mais eu non conxeniabamos, *e* menos aínda como consecuencia dunhas pastillas que me dera Amadeu Bernadet ( teoricamente eran *tripis,* no práctica resultaron vomitivas, pois deixei na alfombra pegadas nada ortodoxas). Claudi Martí. xerente de EDIGSA. tivo que rañar no peto e

reubicarme no Hotel Oriente, onde, xa postos. botei unha quincena —a que durou a gravación do meu segundo e derradeiro disco cos *edigsos*— a corpo de rei. Iso incluía invitacións a comer, cear, e tomar aperitivos a xentes como Mónica, Miro, Paco Ibáñez, Toti Soler, Jordi Sabatés, Gabriel Jaraba e. en fin. canta xentiña trataba desa volta en Barcelona. Escusado é dicir que cando o Martí recibiu a conta —eu xa estaba en Galicia— botou toda clase de xuramentos á conta do autor de "O camaleón" e "A Léo Ferré. compañeiro¨, pezas que compoñían o *single* polo que nunca recibín unha peseta. Así que vaia o comido —e o bebido— polo non cobrado.

A miña idea era que Quico Pí de la Serra —un dos músicos máis xeniais que teña atopado— fixera os arranxos do disco. E. de feito. comezaramos xuntos os ensaios. Pero polo medio xurdiu unha imprevista actuación do Quico en Alemania. así que o encargado do relevo resultou ser Toti Soler, individuo tan bo músico como nefasto personaxe. pagado do seu ego dun xeito soamente comparable ao do seu conmilitón. Jordi Sabatés. Ambos os dous procedían do grupo Pic-Nic. cativa agrupación seudofolk *ad maiorem gloriam* de Jeanette, e tiñan deles mesmos a idea de ser un par de xenios. metidos na botella, iso si. para que ninguén puidese contaminalos.

O Toti la de *jazzman* e o Sabatés de *jazzhand.* Se entre os dous non escarallaron o disco a prol dos seus experimentos *(oiga, joven, los experimentos con gaseosa.* dicía o vello D'Ors) foi gracias a Manolo Elies que tocaba o baixo naquela gravación e. ademais de ser un auténtico home de jazz, era o único do trío con sentido común. O disco non resultou mal de todo porque Soler e Sabatés tiveron que meter o freo. Aínda así (como xa ocorrera no *single* de María del Mar Bonet, *Jo em donaría a qui em vulgués)* a guitarra de Toti é protagonista non desexada en "A Léo Ferré. compañeiro". a mellor canción (casualidade ou non) que xamais fixen. Toti. coma outros que xa saíron nesta narración. la tamén a papar o mundo. Despois duns experimentos "flamencos" co seu aquel de interese

rematou acompañando en galas a xente como Georgie Dann. E Jordi Sabatés, tras algún disco pedante e prescin-

dible como *Ocells del mes* pasou á máis absoluta escuridade.

O meu *single* fora gravado nos Estudios Gema que acababan de ser inaugurados. Tiñan a vantaxe de que o son xa non era directo. senón que podías poñer a voz por riba da música e. mesmo. duplicala. O que ocorre en "A Léo Ferré, compañeiro" onde a miña voz fai dobrete. reforzando así certa épica que esta canción posúe. Nos Estudios Gema tamén gravaba por aqueles días Música Dispersa. agrupación experimental curiosísima na que estaban, entre °litros. Sisa (hoxe Ricardo Solfa). Cachas e Selene.

Unha noite de gravación ¿5 de abril do 70. Urtain gañando ou revalidando o Campeonato de Europa dos pesos pesados?— o arranxista Gratacós entrou no estudio e. ao ver tanto instrumento espallado e en desorde, preguntou: "¿E logo quen está a gravar?". A resposta. obvia. san dun técnico sorrinte: Música Dispersa. Daquela a xentiña experimentaba máis ca hoxe. Maiormente en Barcelona: o grupo xa citado. Maquina!, Smash, Agua de Regaliz... Eran 'postras dunha inquedanza que hoxe semella esluída nunha burbulla *light.* máxime cardo o pop que se fai por estes eidos é unha copia ruin do dos 60.

En Barcelona —ademais de grupos como Los Sirex, Los Cheyennes, Los Salvajes. Lone Star ou Los Mustang. dentro da máis pura ortodoxia "moderna- ou "ye-ye--había un afán anovador que. a través de El Grup de Folc, por exemplo, desembocaba nunha serie de practicantes de folk-rock que co tempo derivarían en formacións como Música Dispersa e similares e, máis adiante, en experimentos tan interesantes coma os de Iceberg ou La Companyía Eléctrica Dharma. Afán anovador que, de certo, non existía no resto de España. Tampouco en Galicia. onde o camino la tan lento que aínda faltaban anos para que grupos como Milladoiro renovasen o folclore. Os demais camiños estaban —e seguen estando ao que se ve— vedados.

Claro que en Cataluña. neste ano 70. comezaba a irresistible ascensión dun trío que. a base dun esquema ben sinxelo, guitarras. voces e cancións humorísticas. ían dar

moito que falar. Refírome a La Trinca. xente cordial e bastante gris na actividade rutinaria que congregaba na oficina de EDIGSA. na Gran Vía barcelonesa, a un grupiño de "desocupados". Por alí paraban Jaume Picas, Joan Manuel Serrat, Marián Albero, Gloria e María Pilar. La Trinca e quen isto escribe. La Trinca eran, como o seu nome indica, tres tipos: dous simpáticos e un terceiro, Toni, o "riáis alto, repugnante. Este individuo la de divo, de guapo. e de tres ou catro cousas roáis. Mesmo demostrara moi pouco sentido do humor despois dunhas brincadeiras que fixeramos o Moscoso e mais eu cuns carteis que anunciaban ao grupo. La Trinca eran. daquela, outros puristas -do idioma ata que veu a peseta —en grande— e dixo: a cambiar. Iso saíron gañando eles e mais a canción humorística española. Agora que repaso estes tertulianos de EDIGSA vexo que a todos —agás La Trinca e Serrat— levounos o vento do esquecemento. tan cruel e cabrón coma a distancia.

Outros cantantes daqueles días foron María del Mar Bonet, Enric Barbat, que tiña no seu repertorio o "Bando" de Manuel María. o ibicenco Isidor Mari. "Ratolinet" e " Eivissa". Xesc Boix, a quen levarla o tren da depresión preto de Mataró e que cantaba unha canción portuguesa. " Meu Manoel". Guillem D'Efak, un mulato mallorquín que facía *blues* con tan boa vontade coma cativo acerto. e algúns outros que agora non lembro.

O día da miña marcha de Barcelona. o Martí —aínda non recibira á conta do Oriente— tivo a ben convidarme a comer na súa casa. Aos postres puxera no *pick-up* —audacia moi da epoca— o disco de Jane Birkin e Serge Gainsborough *Je t'afine. moi non plus.* Logo. no Prat. pillei un avión que. vía Madrid, había de levarme a Labacolla. Non volvín desde entón a Barcelona. E, tal vez porque fun feliz nela. non teño maior interese en volver pisala, aínda que 'testa cidade a segunda parte foi mellor, se cadra, cá primeira. Pero cómpre non tentar en exceso a sorte. disque. Nin a felicidade.

## POR EUROPA

Supoño que non se podería entender aquela xeración —a miña— sen reparar no afán viaxeiro que a caracterizaba. Hoxe. certo, calquera escolar de máis de catorce anos coñece, é un dicir. Irlanda. Gran Bretaña. Italia e. en bastantes casos, Estados Unidos. Pero as facilidades para as viaxes e mais a masificación destas constitúen, seguramente. un atranco para disfrutalas. Os periplos da miña xeración comezaban coa difícil obtención, en moitos dos casos, do pasaporte (válido para todos os países menos a Unión Soviética, as súas nacións satélites e Mongolia Exterior: cito de memoria, polo que non garantizo a exactitude da retórica inscrita naquel libriño verde. pero teño a seguridade de que a prohibición. tan exótica, invitaba a visitar con urxencia Mongolia Exterior). Unha vez provistos do preceptivo documento —unha canción de Los Brincos, moi da época, rezaba: *Lo que te voy a decir / lo he visto en tu pasaporte, / no me fiaba de ti / y te quité el pasaporte*— cumpría conseguir un traballo eventual: os campos de amorodo ingleses adoitaban proporcional°, coma certas fábricas suizas ou alemanas. ou os viñedos do Sur de Francia, a través do SEU que era para o único que servía tan joseantoniano sindicato: ben, para isto e para artellar os consabidos, e ben estudiados na nosa literatura actual. Xogos Minervais na Compostela dos cincuenta e dos sesenta.

Para min. o trámite do pasaporte non foi doado. Na Comisaría de Policía de Ferrol dicían que non sabían nada do asunto. senón que o libriño verde non daba chegado. Por fin. despois de voltas e máis voltas, no Goberno

Civil da Coruña obtiven tan preciado documento. Coa mesma collín un tren a Irún. outro máis a París e un terceiro a Calais. Diante de min. as famosas rochas brancas de Dover e unha travesía de máis de dúas horas nun transbordador cheo de vellas e boy-scouts. Eu, debruzado na borda, trasfegaba cervexa cun emigrante de Curtis. Viña un vento cabrón naquela tarde cinsenta, e o ferro cabeceaba coma unha toura. Milagres do alcol: o paisano e o Vicente Araguas mantiñan o tipo mentres vellas e exploradores botaban a mascada nunhas bolsas *ad hoc*. Logo o mareo faría presa en nós, na viaxe ferroviaria de Dover a Londres (Victoria Station, para ser máis exactos).

Alí tiña unha cita con Paco Gayo, estudiante de Filosofía e Letras ourensán quen sabía, segundo me dixeran de traballos eventuais. Pero Paco perdérase nalgures naquel verán londinense do 70. Só, o que non deixa de ter o seu aquel, aterrei nun hotel preto de Trafalgar Square, tan cheo de turistas que tiven que botar dúas ou tres noites nun colchón deitado no comedor. Escuso dicir que tiña que alzar o voo media hora antes do almorzo. Así que o meu primeiro Londres foi un ruar arreo na procura dun difícil e eventual traballo. De día. De noite, antes de recollerme no mqu comedor. la coñecendo fauna varia ao redor de Picadilly Circus: hippies, beatniks. turistas ou. simplemente. curiosos atraídos pola sona da praza, adornada no centro cunha estatuíña de Eros. Comigo levaba unha guitarra coa que me acompañaba nun par de cancións: "Resfaloza del Viet-Nam" de Juan Capra, e "No serem moguts" de Joan Ramón Bonet (mallorquín e irmán de María del Mar). Estes dous temas, tan dispares. estaban axeitados á miña voz, pois permitían unha extensión tonal capaz de ser captada a unha certa distancia. Perfectos. pois, para facer uso deles en parques, estacións de metro, rúas ou prazas, como a tan exótica de Picadilly Circus onde berraba o

*Señores y señoritas*
*aquí les vengo a cantar*
*lo que piensan los chilenos de*
*esa guerra del Viet-Natn...*

cando un mexicano, un tal Julio Serna, iniciou conversa comigo ofrecéndome compartir o seu ¸flar ou apartamento, en Brent. alá onde o metro de Londres estira a Tiña do Norte (ou *Northern Line),* oferta aceptada axiña, pois o hotel onde comidormía era, ademais de incómodo, carísimo. No mes que botei en Londres —agás unha curta estadía traballiando no tren da bruxa dun parque de atraccións en Brighton encargado de amagar, nos lombos dos rapaces, golpes cunha vasoira— exercín todo tipo de oficios: lavapratos, camareiro, coello de Indias nun hospital psiquiátrico, "señor da limpeza" nun almacén e, sobre todo, cantante do rueiro.

Ceno que, nun par de ocasións. elevado de categoría, cheguei a actuar no pub Ben Truman e no club de emigrantes Antonio Machado (onde había unha gran liorta entre carrillistas e listerianos). Como cantante do ru eiro. ou *busker,* direi que o máis productivo era cantar no metro. o que estaba prohibido. agás que tiveses a preceptiva licencia. Nunha destas, e acompañado por un rapaz de Ferrol ( Juanjo de la Peña, *Peñita* a quen atopara, mágoa fora, en Picadilly Circus e habitante ocasional do ¸flat de Julio Serna en Brent, ata que os dous ferroláns descubrimos que o mexicano tiña un importante pufo co Barclays Bank, polo que cumpría deixar tan perigosa compañía) fomos interceptados por un par de funcionarios que chegaron a dúas conclusións: A, non tiñamos licencia e B, careciamos de billete. *Periita,* dono dun inglés enxebre e cheo de recursos, convenceunos da nosa honradez conseguindo, ademais, a devolución da recadación confiscada que, por ceno, ascendía a un monto importante.

Naqueles días, a policía franquista asasinara a uns obreiros en Granada polo que houbera unha manifestación diante da Embaixada de España. Para min era novidoso participar nunha demostración autorizada onde a escolta policial non soamente evitaba que os manifestantes adoptasen actitudes exaltadas senón tamén que xente allea á protesta provocase aos participantes. Como aconteceu cun fulano que saudou, brazo en alto, o noso paso. Coa mesma foi reducido pola Policía e introducido nun furgón celular que la á par de nós. Ora, ao chegar á Embaix.ada e cando intentabamos traspasar a porta. o cordón de varu-

dos *bobbies* dispostos diante dela fixo recuar o noso esforzo contra os xardíns de en fronte, sen porras nin outra arma cá súa presencia física, o que non deixaba de abraiar a quen viña de presenciar as machadas dos "grises" hispánicos. Logo estaban os *pushers* (aquí chamados "camellos") que ofrecían a súa mercancía no centro de Londres. E aqueles míseros *junkies* provistos dun papel legal que lles permitía adquirir nas farmacias sucedáneos de heroína. (De súpeto, nas bocas do metro de Picadilly Circus ou Leicester Square, un tremendo boureo, a xente apupando a un par de *bobbies* que levaban detido a un individuo, probablemente sorprendido *in fraganti* mentres se pinchaba nun retrete). E os tremendos borrachos londinenses, agresivos ou monologantes. E as mulleres vellas que levaban a casa nunha bolsa de papel. E os lunáticos *speakers* de Hyde Park Comer, Peñita cuestionándoos co seu inglés milagroso.

Agora estou vendo *Woodstock*, recén estreada nun cine de Totemham Court Road. ¡Que río de música e paz para os que viñamos da menesterosidade! E *Women in love,* cos peitos severos de Glenda Jackson iluminando a sala. E *Oh, Calcuta. e Hair* á conta das derradeiras libras do derradeiro agosto do 70 en Londres.

E de súpeto, eu tirado no chan de The Frigate como consecuencia do cabezazo traidor dun inglés pequeniño a quen chamara fascista por darlle un moquetón ao pianista, irlandés, peneque e triste.

Londres no 70, un sol cativiño e de xoguete acendendo a penas a cúpula de Saint Paul's Cathedral. Eu atravesaba a súa nave, polas mañás cediño, cando lavaba pratos nun restaurante italiano. Atravesaba a súa nave central tan espida e orfa como soamente en Inglaterra adoitan ser as catedrais.

Despois, a volta. Londres-Folkestone-Boulougne sur Mer-París. París, onde xa non valía cantar na rúa, nin pedir un cigarro aos transeúntes. Onde os xendarmes facían que liscaras a fume de carozo, se te atopaban durmido nun banco público. Ah. *Les amoureux des bancs publiques* de Georges Brassens. Pero, ¿quen sabe onde estaría Georges Brassens no verán do 70? Aínda non. Aínda faltaban anos para que durmise para sempre na praia de Sete.

Boas noites, Europa. Eu estaba saudándote.



De esquerda a dereita. Primeira fila: Pepe Caamaño e Pepe Bermúdez. Segunda: Cristóbal, Elvira Macho-Quevedo e Titina. Terceira: Eduardo Varela e Fermín Bouza. Santiago, 1968.



Vicente Araguas, Xerardo Moscoso e Pepe Mora en Barcelona, 1970.



Gelabert, Xosé M. Dobarro, Olga e Vicente Araguas, na Alameda de Santiago, 1969.

a



No Colexio Major Marqués de la Ensenada. Madrid, 1971.



Vicente Araguas, Elisa Serna e Julia León, durante a gravación de *Cerca de mañana.* Madrid, 1972.



Manolo Rivas, Celso Emilio Ferreiro, Vicente Araguas e Antón de Santiago en Sargadelos. Madrid, 1978.



Alfredo Conde.



Miro Casabella.



Suso Vaamonde.




Discos de Voces Ceibes (Guillermo, Araguas, Moscoso), Xoan Rubia e Jei Noguerol en EDIGSA. Los Tamara en ZAFIRO. 1967-1975.



















Discos de Voces Ceibes (Miro, Benedicto, Xavier), María e Xavier en EDIGSA. Juan Pardo en NOVOLA, Andrés Do Barro en RCA. 1967-1975.



Xavier, Manuel María, Benedicto, Moscoso e Araguas.
Compostela, 11 de maio de 1968.



Xerardo Moscoso e Bibiano.

# PARA QUE NON DEIXEN DE MEDRAR OS CARAVEIS

## O PROCESO DE BURGOS

Parte da historia de ETA, a roáis romántica. correu parella á da nosa xeración. Común tiñamos a lona, coma no poema de Celso Emilio: e, xa que logo, aplaudiamos a esgalla os avances etarras. Con eles caiamos nos tiroteos de Bilbao ou de San Sebastián, fuxiamos Pirineos arriba e, naturalmente, eramos xulgados en Burgos pola "execución" de Melitón Manzanas.

ETA estaba pola liberdade de todos. Ou iso criamos entón. Logo non. Logo. a canle fíxose estreita con Euskadi Ta Askatasuna vasoirando *pro domo sua* e verquendo sangue a cachón dun xeito tan indiscriminado que tanto tiña o bando que ocupases. Para ETA na democracia "burguesa·' (a propósito, ¿cal é nestes momentos a outra. agora que caen as vendas de case todos os ollos?) todos eramos os seus inimigos. Todos menos eles mesmos, claro. ou os *curriros* da obediencia inmediata. Porque os desobedientes podían seguir o camiño de Yoyes ou. confiemos en que non pasen das ameazas. o do vello amigo e compañeiro de andanzas Imano! Larzábal. Pero no primeiro trimestre do curso 70-71 en Burgos xulgaban á democracia con ETA de mascarón de proa. De al que as mobilizacións na rúa tivesen lugar, olio, en toda España. Incluíndo a Galicia. En Compostela botarámonos á rúa nunha manifestación —na que coñecín a Fernando Martínez, logo parlamentario do PS de Galicia-PSOE— que discorreu, a partir do Toral. polo Franco. Nela aconteceu o curiosísimo detalle de que. pois a policía non daba aparecido como era de lei. os participantes subimos e baixamos pola afamada rúa do tas-

quéo ata esgotar os folgos, os cantos e as consignas. Os temidos grises xamais deron nova da súa existencia: polo que, ao fin, cada moucho tirou para o seu souto no medio do maior desconcerto. ¿Como pode haber odio —ou amor- sen antagonistas?

Do xuízo de Burgos reteño na memoria, sobre todo, a bravísima actitude de Mario Onaindía Nachiondo cando, despois de rexeitar declaración calquera ("son prisioneiro de guerra e desexo acollerme á declaración de Xenebra, etc.. etc.) e de iniciar o "Eusko Gudariak" abalanzouse enriba dos membros do xurado chegando a apoderarse do sabre do señor Troncoso de Castro. Da súa valentía quedou proba nun disco, gravado a partir da cinta magnetofónica recollida por algún presente na sala. Tamén recordo unha carta de Xabier Izko de la Iglesia. demagoxicamente empregada por TVE e o seu locutor, o galego Manuel Martín Ferrand. A importante mobilización española (e o subseguinte escándalo internacional) forzou ao goberno a recuar, conmutando as diversas penas de morte que figuraban na petición do fiscal e que foran sancionadas polo nada imparcial, non por castrense que á dictadura tanto Ile tiña a (in) xusticia militar ou civil, xurado.

Non obstante, e dadas as moitas algueiradas e protestas, a dictadura 'puxo en práctica a enésima retirada de varios artigos do "Fuero de los españoles", o que levaría á cadea a diversos militantes do PCG, entre eles Rafael Pillado, Geluco Guerreiro, Pepe *Alegrías* e Manolo López *O Avagado*. Para protestar contra esta medida convocouse un peche na Catedral de Santiago de. teoricamente, toda a intelectualidade galega. Mesmo dicían que asistiría don Ramón Otero Pedrayo. Á hora da verdade soamente estabamos en tan románico local Alonso Montero. Xaime Quessada, Virxilio, Torregrosa, Benedicto, Xil Guerreiro, Arturo Reguera, José Antonio Francés e quen isto asina máis as mulleres dos presos ferroláns e algún que outro curioso non excesivamente intelectual.

ía frío na nave de cruz latina e, instados por algún coengo a que abandonasemos o lugar santo solicitamos unha entrevista co Cardeal Quiroga Palacios. quen, a través do seu auxiliar, Monseñor Cerviño, deu o *p/acet*. Intro-

ducidos a unha sala bastante ruin e lúgubre, das paredes da cal colgaban retratos de antigos bispos da diócese, Xesús Alonso botou unha soflama que don Fernando escoitou con paciencia. O Xesús recriminàballe ao chamado *Carrancholas·* (descoñezo a razón, pois a súa estatura e porte eran ben lanzais, nada escarranchado este "Príncipe da Igrexa") recriminàball e. digo. que non fixera caso das peticións a prol dos encadeados, mentres asistía, non había moito, ao enterro de Barrié de la Maza. O sorprendente era que Quiroga (en contraste coa furia mal reprimida no rostro de Cerviño) daba belixerancia a Xesús Alonso. xustificando punto por punto a súa absentista actinide cara aos presidiarios por causa da liberdade. Como a entrevista entraba nun diálogo de xordos. Quiroga deuna por rematada, non sen que eu metese a miña baza a espadas preguntándolle: "Don Fernando. ¿sabe quen era Durrutir A resposta de Quiroga foi afirmativa. Proseguín: " ¿E o Cardeal Soldevillar "Si, meu filio", respondeu o prelado. Entón finalicei: "Pois ande con olio que a historia *é* cíclica".

Aínda hoxe non deixo de abraiarme diante *a)* da miña ousadía e *b)* da paciencia, armada de canseira senil, de don Fernando Quiroga Palacios. mal chamado *Carrancholas* porque, xa digo. nada había nel que xustificase o devandito alcume.

Ese Nadal apareceron un par de recitais onde Galicia levanta as saias do Cantábrico: Ribadeo e Viveiro. O primeiro, artellado por Evaristo Lombardero. tivo lugar nunha escola de formación profesional. Entre o público, de incógnito. Xavier González (de María e Xavier). Este Xavier. gafas e bigote, abandonou a sala antes de que o recital chegase á súa fin. ¿Timidez do Xavier? ¿Disconformidade co que alí se cantaba? ¿Simple aburrimento?

Entre os cantantes da noite, Tino Álvarez, de Mehá, Mugardos. obreiro —o único que pasou por Voces Ceibes agás, dalgunha maneira. Bibiano— e devoto admirador de Víctor Manuel, a quen recordaba en varias das lúas cancións. A entrada —e saída— de Tino de Voces Ceibes fora un tanto *pantasmal:* Guillermo fóra do grupo, Miro en Barcelona. Benedicto na mili e ninguneado inxustamente, corno

xa dixen, polos demais. Sería decisión de Xerardo Moscoso e miña o introducir ao de Mehá no grupo. Se atípico foi o seu ingreso non menos estraña foi a súa marcha: de feito síntome incapaz de dar datas. Unha estadía vista e non vista. De Tino conservo a clara memoria dun tipo voluntarioso, con certos dotes musicais, doses importantes 1
de bonhomía e un estilo artístico a remolque do primeiro Víctor Manuel, o de "El abuelo Víctor¨ ou "La Romería". Logo o asturiano, tras un paso baldío pola canción política, evolucionaría cara a enfoques máis comerciais, aínda sen perder o ton de compromiso. Tino Álvarez. en troques. non gozou das mesmas oportunidades. Ao menos con nós.

A noite de Ribadeo botámola a copas no peirao. A madrugada pasou coma unha frecha a golpes de tarraxe ( que é como lle din en Cedeira á augardente) nun barco pesqueiro a piques de zarpar. A golpes de tarraxe e de canción —a galega— que. coma aquel barco de Ribadeo. sempre estaba a piques de ceibar amarras. E non o daba feito.

No festival de Viveiro cantara con nós un grupo da bisbarra, ¿Nenos tristes?, ¿Fuxindo cara ao dempois?, liderado por Moncho Pernas, con quen. a partir de entón. fixen longa e fructífera amizade. Moncho, debuxante, poeta, xornalista, sería o meu introductor no piso de Celso Emilio Ferreiro, no Paseo de las Delicias madrileño. Por certo que, cando daba por perdido ao Moncho, vai e aparece na Feira do Liber ocupando un alto porto na Editorial Espasa-Calpe. E. aínda que pareza obvio, sinalarei que a ledicia que experimentei ao reatopalo foi só comparable á que sinto recordándoo nestas liñas. Moncho era —e segue sendo— o paradigma de home inquedo, bulidor e vitalista, quer en Viveiro. quer en Madrid e a el debo —ía eu como un auténtico neófito, o Moncho tan desenvolto cal adoitao coñecemento decisivo de Celso Emilio Ferreiro. Débeda que dilicilmente poderei pagarlle.

Xa metidos no ano 71 batín con Bibiano Morón a través de Ramón G. Balado: Bibiano era un músico curtido en toda clase de liortas musicais. Na altura que iniciamos amizade andaba metido nun grupo —O Noso Tempo

que quería facer música progresiva. Nel, ademais de Bibiano, estaban o seu irmán Tino. baixista. Luís *O neno*. batería, e un home triste e formal (se isto non é un pleonasmo) que tocaba o saxo e que, co tempo. habería de tirar a vida por suspensión. Bibiano, amén de músico (de verdade, con carné profesional e demais historias) tiña traballado en diferentes oficios, desde merceiro a camareiro no Burgo das Nacións, pasando por puericantor na Catedral. Bibiano empezou con nós acompañándome ao piano e á guitarra,

e por certo que a primeira eléctrica que manexei era unha . *tender* con *wah-wah* que pertencía a este santiagués, pequeno e listo coma un rato.

O valedor de Bibiano, na súa transición da canción comercial á protesta pura e dura, era Ramón G. Balado. pintoresco personaxe que traballaba de *discjockey* na discoteca Johakim (ou Hippinake segundo invento léxico de Xoás) e que facía reseñas musicais en *El Correo Gallego.* Facía e segue facéndoas, como comprobei hai uns días ao entrar no túnel do tempo e ver no xornal santiagués a sinatura de Balado. Pois ben, este, que era tan listo como parado (lento de reflexos quero dicir), andaba coméndolle

o coco a Bibiano por considerar que o Morón valía bastante máis que para perder o tempo en bailes de festas parroquiais ou similares. Máis adiante, xa con Bibiano no novo carriño, ao Balado —teño a lixeira impresión— entráronlle celos por ter perdido a mans doutros o seu papel de Pigmalión. Pero o certo é que Bibiano —talento natural- axiña demostrou que non precisaba dotaras andaduras nin tacatás (mágoa de palabra, xa perdida para as novas xeracións) senón as da súa categoría. humana e artística.

Dicía que. para comezar. Bibiano fora o meu acompañante nun par de actuacións madrileñas. Primeiro no Whisky Club da rúa Diego de León. Alí celebrouse algo así como unha semana da canción de autor peninsular. Como teloneiros de todos, Rosa León e Jorge Krahe. Irmán este de Javier, por entón residente en Canadá e autor de case que todo o repertorio de Jorge e Rosa. Jorge había morrer anos despois sen chegar á categoría —ben triste— de xoguete roto. Jorge Krahe cantaba con gracia as cancións satíricas do seu irmán, e facía, xunto a Rosa. un dúo

mozo e pavero. O mesmiño que Joss Martín —organizador daquelas xornadas— con Inma. Joss, de quen nunca máis se soubo, andaba por entón na aurora da FRAP, un grupo político que comezaría cos mellores propósitos para rematar esnafrándose no maior desatino.

A noite da nosa actuación no Whisky Club, coa reincorporación de Benedicto, que andaba a facer a mili en Madrid. estaban entre o público Moncho Alpuente. Elisa Serna e Antonio Tiedra, daquela membro de Las Madres del Cordero, hoxe fotógrafo de mérito, quen, ao día seguinte, entraba na cadea de Carabanchel para cumprir unha pena por asociación ilegal. Co Antonio acabaría a copas esa madrugada. con máis dun *toast* pola nosa súpeta amizade. Pero, volvendo á rúa Diego de León, en contraste coa seriedade case abacial de Benedicto, a miña fora unha actuación "marchosa" *(eres un cachondo, tío,* diría Elisa Serna) por mor do piano de Bibiano. o baixo de Tino e a batería de o Neno. Con eles, a canción protesta deixaba de ser un óso antipático e duro de roer para mudarse nun peperete doado de meter pola gorxa. Claro que no aire ficaba a dúbida que conleva o vello dito español: *Si la píldora bien supiera no la doraran por fuera.* E a miña pílula, neste caso concreto. viña ben dourada polo talento musical de Bibiano.

Nesta estadía madrileña cantamos tamén no Colexio Maior Marqués de la Ensenada. Ah, e armado de guitarra eléctrica, puxen a andar os meus dotes de provocador que, segundo dicían as malas linguas, non eran poucos. Os meus dotes de provocador, quero dicir, armado cunha guitarra eléctrica, un pedal *wah-wah* e mais dunha copa de máis. Cando la pola quinta canción (ou copa) un espectador, coas mans na illarga, espetoume: *¿Te quieres quedar con nosotros, chato?* Ao que eu. coa merma, respondín: *No. hermoso, que me esperan en otro lugar para seguir cantando.* O cal que, entre o apupo da metade do auditorio, lisquei con presa daquel templo da *pijería* universitaria madrileña no que aínda hoxe non sei por que carallo fomos aterrar.

Para o desprazamento a Madrid. o enérxico e activo Isidro Caballería Palau fretara todo un autobús no que viaxamos músicos, cantantes, *groupie.s*, *fans* e mesmo xente

do común, que aproveitaba a viaxe *de gratis* para ir á capital das Españas. Digo gratis porque o autobús corría á corita de Voces Ceibes. Claro que, ao final, o diñeiro recadado non chegou para pagar o transporte e. se non recordo mal. houbo que recorrer ao escote.

Así que. como case sempre, ninguén pretendía gañar nada. O que di pouquísimo a prol da profesionalidade do grupo. Daqueles pos virían os consabidos lodos. Por fas ou nefas, chovían as críticas dos "puristas" que nos acusaban. a toda a tramoia, de folclórica ou carallana. E pois, ¿,que terían dito se alguén, no seu máis absoluto dereito, pretendese vivir da canción? Ah, carallo, á revolución había que servila pola cara. Ou sexa que estabamos aínda peor cós monxes de clausura. Eles. ao menos, tiñan gafado o ceo a prazo fixo. A recompensa dos "puristas", que axiña que chegou a democracia perderon o cu en mudar de chaqueta e acadar postos ben remunerados. era non máis cá que subministra o traballo (revolucionario) ben feíto. E mentres tanto, a velas vir e a aturar críticas xeralmente malintencionadas dos que miraban os touros desde tras da barreira mentres ti. ademais da tarefa de militante de cotío. tiñas que subir a un escenario a beneficio do "honre novo" que, coas devanditas actitudes mesquiñas e ruíns, non asomaba por parte ningunha.

Un, modestamente. coidaha que para que unha revolución tivese lugar. primeiro tiña que mudar o talante da sociedade. E os puristas do rueiro andaban a reproducir o vello e denostado esquema paternal, segundo o cal tes que portarte ben a puro huevo porque si. porque eles son os pais e ti o filio. Contra estas ruindades soamente quedaba a ironía, o sarcasmo, a carallada, parcelas estas tres que reguei con toda a prodigalidade que a natureza me deu.

Agora é a primavera do 71. Chegan a Compostela Luís Cília e Miro Casabella. Levan un par de días na Pensión Iglesias da que axiña haherán de fuxir polo frío, a murria e a humidade. Estarnos comendo no Bar Ferrol e aparece o Xerardo. de Pontevedra. onde traballa na Clínica Santa Rita (o Bibiano botou nela unha tempada, de padioleiro). Estabamos comendo Miro, Salvador García-Bodaño. Cília. Pepiño de Rei e mais eu, e chega o Xerardo conducindo o

seu Citroen 2 CV. Xerardo estaba feito unha fera. pois consideraba que o recital debía ser para quen o traballaba. ¿E quen traballaba o recital, segundo el? O que vivía e cantaba en Galicia. Logo, ademais, os de fóra. Neste caso concreto, Ramiro Casabella e Luís Cília.

Discrepo hoxe —como discrepei entón— da postura de Xerardo. Porque este querido amigo e compañeiro —a quen homenaxeei nun poema de *Paixase de Glasgow*, que logo fixen canción e que sigo subscribindo— sustentaba os seus argumentos nunha base ética. E nin sequera iso (coma no verso de Alfredo Conde). Os organizadores do recital estaban no seu dereito de traer a quen Ies petase. Pero, ademais, as cancións do de Ferreira e o lisboeta tiñan quilates ahondo como para xustificarse por si soas. No fondo da cuestión latexaba o vello choio de ninguén é máis ca ninguén, o que, se pode valer na teoría. na práctica resulta a máis absoluta *reductio ad absurdum*. Sobre todo cando polo medio anda o público soberano.

O conto é que a discusión —que comezara no Bar Ferrol— rematou no bodegón do Hotel Compostela con Xerardo alporizado liscando de volta para Pontevedra. A Cília sentoulle moi mal aquilo. e perdeu o ánimo, que soamente recuperaría }entre os brazos dalgunha que outra namorada da súa apostura lusa e. sobre todo, cando foi con Manolo López, *O Azogado*, a Tui a ollar —de lonxe e entre bágoas— o (seu) veciño país que daquela, e xa por pouco tempo. tiña perdido.

O Cília. hoxe esquecido coma bastantes outros cantautores de calidade. era ben coñecido da "progresía¨ santiaguesa. Sempre lembrarei o seu rostro cheo de ledicia cando, ao descender aos baixos do Gaiola, a xente recibíao entoando coralmente "Día de (esta na patria amada¨ e. maiormente. "E sempre a mesma melodia / Salazar e a súa democracia-.

Pero. xa metidos no alío do recital do Claustro de San Francisco. digamos que aquilo foi o conto de nunca acabar. O público quería máis e máis daquel canto rotundo que saía das voces de Miro e Cília. E chegou ao punto máximo cando Miro atacou o "Meu carriño" de Ramón Cabanillas, unha das aplicacións prácticas da hímnica do

de Cambados tan ensaiada por outros cantantes, incluido o propio Juan Pardo. Ninguén chegou a acadar a forza. a emoción dialéctica que o Miro imprimía a tan baril poema de afirmación agraria. (E quero dicir, agora que pasaron os anos, que o maior axitador agrario da canción galega —case que neto de Basilio Álvarez— foi Xerardo Moscoso.) Logo, levado a disco, "Meu carriño", perdeu o ton belixerante que tiña nas actuacións en directo. Sobranceiramente nesta, na que o convento franciscano ameazaba derrubarse mentres a xente coreaba:

> Que nas mans dun borne enteiro
> o estadullo carreteiro
> non lle ten medo ao fusil.

Esta debeu ser a derradeira actuación de Miro Casabella dentro de Voces Ceibes. E iso perdemos todos nós. Despois do incidente do Bar Ferrol e do Hotel Compostela. o Ramiro quedou bastante escarmentado. Despois. coma sempre, seguiría no seu particular "camiño de perfección" a través da zanfona. da gaita. do folclore popular, das cantigas medievais, ata o día de hoxe no que ten. parcialmente ( espero). abandonada a canción.

Pero mentres que Miro marchaba, entraba no grupo un rapaz de Vigo, voz potente. boas intencións, aínda que con certa tendencia á monotonía á hora de facer cancións. Traía toda a ilusión do mundo. Falo de Suso Vaamonde: quen, co tempo. había de converterse, xunto con Vinader e Boadella. no primeiro exiliado da democracia española. O Vaamonde era boa xente. aínda que un tanto pesado cando nas reunións apañaba unha guitarra. Seguramente polo seu afán de papar un mundo que logo non resultaría tan de azucre como entón semellaba. Pero Suso Vaamonde, testan. teimaba en ter unha voz propia. cousa difícil nos tempos que corrían e corren. Hoxe non sei que posto terá acadado no panorama musical galego. Daquela prometía bastante. por repetitivo e machacón. E xa se sabe que, como di Cela. aqui vence o que resiste.

O caso é que Vaamonde entrou en Voces Ceibes da man de Xerardo Moscoso, sen que este consultase comigo

nin, obviamente, con Benedicto, que, ademais de estar na mili estaba mal visto polo mínimo "clan" que pesa altura formahamos o grupo. Nin que dicir ten que. pois Xerardo matera a Vaamonde "gola cara-, eu fixen o propio con Bibiano. E a nova composición quedou salada un domingo en Pontevedra en cas Alfredo Conde. Da xuntanza reteño na memoria (do padal) o sabor dunha gloriosa pescada que gobernaron os donos da casa. e os intentos de Alfredo por manter a estabilidade dun barco que viña naufragando xa había ben tempo. O Alfredo demostrara entón, unha vez mais, a súa xenerosidade, comportándose cun grupo —do que tampouco é que levase demasiadas alegrías— coma se fose algo propio. Rematada a reunión. Xerardo ticou en Pontevedra. Suso marchou para Vigo e o Bibiano e mais eu pillarnos o camino de Santiago. Outra vez aramos catro (e Benedicto). Aínda restaba un curso enteiro antes do *desguace* definitivo.

Pero lonxe, que nunca acababa de chegar puñeteiro. " Que non era isto, compañeiros. que non era isba". haberla cantar anos despois o Lluís Llach, precisamente un dos cantantes protesta que tornaron parte na gra‘ración clandestina dente disco, de portada arrepiante --(ermella e negra— cun mapa de España do que foxen. .espavoridos. Galicia, Euskadi e Cataluña. Ademais de Lluís Llach están no disco —auspiciado por CC.00. e hoxe un documento valiosísimo. peza de coleccionistas— Elisa Serna_, Julia León. Pablo Guerrero, Xavier Ribalta, Imanol Larzáhal. Adolfo Celdrán e Juanele. E os galegos, claro, que· l'oramos a Madrid en dúas tandas —corría a primavera do 72— a gravar nuns estudios da Calle Vallehermoso.

Leváronnos a eles con tantas precaucións, que hoxe non consigo adiviñar en que lugar da céntrica rúa estaban os estudios rexentados por un tal Tenorio. Eu rora desde Santiago. con Bibiano e Fernando Martínez. con quen compartía piso na Rúa Xelmírez, ben preto da casa de Ramón Piñeiro. Pero con Piñeiro aínda tardária anos en facer amizade. a que terá —esperó— lugar e tempo máis axeitados para ser contada. En Madrid o nos) contacto eran Elisa Serna e Julia León (irmá de Eva e nlais Rosa). A primeira noite durmimos na calle Atoches, nun piso —grande e ruin— habitado por Cristina Almeicta,Co tempo teño matinado se o sinistro piso, de altos teitos, non sería parte dun daqueles bufetes laboralistas da arrepiante "matanza de Atocha". Desde logo. na zona estala. e Comisións Obreiras era a entidade patrocinadora cl..za gravación.

*Cerca de mañana.* deixando á parte a súa calidade, que non vou discutir agora, demostraba a veta solidaria que daquela había e hoxe semella ter falecido entre tanto tiburón como anda ceibo. Os galegos da primeira tanda. Bibiano, Benedicto —por entón en Madrid— e eu mesmo. apoiaramos as gravacións duns e outros e. ademais. cantaramos coa axuda de Elisa, Julia, Luís Mendo —hoxe ben coñecido como líder de Suburbano, o grupo que acompaña a Aute nas Búas actuacións— e Emilio Martínez.

Pero non quero esquecer a aportación vocal en "Loitemos" de Ana Eiroa e Xaime Gómez Vilasó quen, coma na canción de Aute, pasaban por alí. Naqueles días, nos estudios da Calle Vallehermoso estaba levando a cabo a súa primeira gravación Desde Santurce a Bilbao Blues Band no ronsel de Las Madres del Cordero. ambos grupos liderados por Moncho Alpuente. un dos tipos máis bulidores da canción de autor española. Xa digo que eran tempos solidarios e de irmandade, tal vez porque como sinalaría —co tempo— Alfredo Conde, nun memorable artigo, entón tiñamos todo mono máis claro. Entre outras cousas. quen era o inimigo a bater.

Nunha segunda tanda foran a Madrid Xerardo Moscoso e Suso Vaamonde. Este gravou unha canción de Miro Casabella: "Romance de Castrelo de Miño", texto e música do de Ferreira do Valadouro, por máis que no disco aparece co titulo de "Romance de cego de Pedro 1 o Inundador" e coa sinatura de Suso Vaamonde. O certo é que a letra, sendo a música o clásico sonsonete das cancións de cego. pertencía a Miro (aínda que este fose tan pouco dado a coller a pluma, e tampouco debía darlle moita importancia á autoría —que ter, tena— pois nunca semellou alporizado coa usurpación).

*Cerca de mañana,* con notas de Tina Blanco e unha cronoloxía no interior da carpeta. tardou un ano en saír á venda, non en España loxicamente. Eu non conseguín un exemplar ata o 75, en que veu o que agora figura na miña fonoteca da man de José Antonio Francés.

Unha das cousas bonitas de *Cerca de mañana* foi que, como dicia. agrupou vontades, polo que. xa de volta en Santiago, Bibiano, Benedicto e mais eu formariamos unha

especie de trío intercambiable no que os acompañamentos, vocais e instrumentais. eran mutuos e. sobre todo, había —coma nunca— unha impresión de unidade cara a fóra. Recordo un recital na Asociación O Galo en Santiago no que se dera unha imaxe fermosa. ética e estética. Certo que naqueles días houbera unha penosa xuntanza na casa de Alfredo, en Pontevedra (ioutra vez!) na que se lle imputaran a Benedicto unha chea de cousas cun espírito, por parte dalgúns dos presentes —non o dono da casa. por certo— ben propio da caza de bruxas. O árbitro do contubernio fora Vicente Álvarez Areces, que levara a Pontevedra aos "santiagueses" nun 600, o que demostraba ás claras que Voces Ceibes entrara na órbita do PC. ¿De que. se non. tiña que dirimir nas nonas diferencias un dos seus membros? Daquela eu debía ser o único "voz ceibe" que la por libre, polo que participei na xuntanza corno convidado de yedra, circunstancia esta que non Ile aconsello a ninguén. máxime se. como entón, abundan os sobreentendidos.

Tamén por aqueles días incorporaramos a Voces Ceibes un acompañamento máis "forte". guitarra e baixo eléctricos a cargo de dous rapaces ferroláns: Carlos Cruz e Carlos Barcón. Os dous eran hos instrumentistas *e.* ademais, o primeiro compoñía, polo que eu atopei nel un magnífico compañeiro para rematar algunhas ideas musicais propias, por exemplo, nun par de cancións baseadas en cantigas de Fernán Esquío. E mágoa que eu comezase a apuntar unha certa madurez musical xusto entón, que andaba a facer quinto de Filosofía e Letras. ou terceiro de Filoloxía Inglesa, pois aquelas composicións, normalmente. ían ir parar ao río. Finiquitados. pois. os milagrosos anos de estudiante, había que optar por unha cousa ou outra. ou unha profesión que a penas deixaría tempo para mesteres alleos (pois a literatura, en canto que choio portátil pódese exercer aquí ou acola. nesta mesa ou. sinxelamente. deitado no chan vendo pasar nubes, pero a música require de moitos máis accesorios) ou a canción que. a maior abundamento. non daba para vivir. nin digna nin indignamente. Ou sexa que eu principiaba a intuir a provisionalidade de todo aquilo. que o tempo —ese grandísimo cabrón— habería de confirmar.

A primavera dese ano, especialmente procaz. veu emborrifada en sangue. O día 10 de marzo cantaba eu en Madrid con Suso Vaamonde. Entre o público Alberto Reverter e Palas Grande. De súpeto, entre canción e canción, sobe ao escenario un espontáneo e comunica á sala que "o fascismo acaba de cobrarse dúas víctimas máis, compañeiros, esta vez en Ferrol. cidade agora mesmo sitiada polas forzas represoras e das que se defende cunha folga xeral masivamente secundada". O recital seguiu, co xúbilo e a comunicación mudados en rabia *e* tristura. Logo, ao día seguinte en Santiago —pola noite, nun café da madrugada madrileña, Perfecto Conde ampliara as novas, que tamén daban por mono. ademáis de a Amador e Daniel, a Xulio Aneiros, vello admirado de todos nos— soubemos da tensa normalidade ferrolá e das detencións: Rafael Pillado. Torregrosa, Nonito Lodeiro. Paco Rodríguez en Ourense, Marisa Melón en Santiago. o Príncipe Galín na Coruña. que aínda non era "príncipe", pero xa demostraba o xorne de que sempre fixo gala.

O de Ferrol —que non ven a corito narrar aquí— xa está. ou .debería estalo. nos libros da Historia Contemporánea de Galicia. Puxo a proba a pretendida solidez dun sistema sanguiñento que, non amosaba outra cousa que fendedelas e goteiras. Magia que na demostración caesen dous homes afoutos. Amador e Daniel, a quen non tiven o gusto de coñecer, como a tantos valentes e anónimos loitadores da miña vila, por quen levanto a miña palabra agora en homenaxe.

Ese curso do 71-72. en que eu "cumpría" en Santiago. houbo tamén unha longa folga. Desta volta o detonante foi outro rector túzaro e mangallón. o señor García Garrido. do Opus Dei. Tal vez non fose tan caimán coma Ocón, pero conseguiu poñer en pé á Universidade durante tres meses. Esta folga non tivo a brillantez da do 68. "nunca beberás dúas veces da auga do mesmo río", dixo o vello mestre Heráclito. pero foi outra ocasión aproveitada para botarlle un pulso ao fascismo. Neste caso coa cara lavada, pero á fin tan brután e antidemocrático. Pechábase, pois. circularmente o meu periplo de cinco anos por unha Universidade que pasara de Casa de la Troya ou Casa de la

Collona a ser un centro progresista e inquedo, ao menos no tocante a unha minoría maioritaria. Entrara nela con outro fato de *brothers in arms* e saía irmandado cunha chea de colegas que aprenderan a loitar con intelixencia contra un inimigo cada vez máis arrombado. aínda que logo non saínen as cousas como agardabamos. Todas as cousas. vaia. Moitos daqueles *brothers in arms* quedaron no carriño e outros atoparon a escaleira que leva ao piso superior, que entón rexeitabamos.

## PAISAXE DE GLASGOW

Agora estou con Andrés Vilan nalgún *pub* preto da estación de autobuses de Glasgow. Andrés Vilán vive en Preston (Lancashire) e a súa primeira imaxe escocesa foi un borne apuñalando a outro. Pero eu xa levo aquí meses e a violencia é o prato cotián nunha cidade afogada polo fume e envelenada polo alcol. Ríos de alcol os sábados pola noite. fervenzas de madrugada. cando as rúas son un vertedeiro de borrachos, un sumidoiro de mascadas. Entrar no.fetrete dun *pub* é facelo nun lamazal.

E non obstante, Glasgow é verde —Celso Emilo non andaba descamiñado—, verde de parques e de xentes: a xente en Glasgow é verde. Verde de handeiras, canelo xoga o Celtic. Verde de bufandas e escarapelas. Verde o trevo da insignia do Celtic que levo na 'apela case que desde o primeiro día no que cheguei a Glasgow. *Decir ole Glesga mon.* Estou en Escocia. dando clases de español. En Escocia. En Glasgow. preto de Saint Andrews, onde enslna Lui Encinar, e coñezo en noite de esmorga a Alistair Reid, que logo resultaría amigo de Celso e Moraima no mítico Congreso de Formentor.

Morrera Gabriel Ferrater e Alistair Reid contaba sen morbo corno o autor das *Mulleres e os días* metera a cabeza nunha bolsa de plástico. ¿Sen morbo? ¿Como eludilo cando entra en xogo a máis cabrona? En Glasgow. preto de Preston —pasado Carlslile—, onde bebe as ausencias o gran Andrés Vilán, San Andrés Vilán. de Arcade, a quen o tempo levou voando cara a non sei onde e do que Bardo a

É de noite, e escoito a Pentangle e a Ralph Mc Tell. É de noite —en Glasgow. en inverno. o día é unha cativa parte da noite— e Emerson. Lake&Palmer fan rock sinfónico, disque. Pero eu prefiro o rock e a sinfonía nin xuntos nin moito menos remexidos. Nas sinfonolas os Jackson Five. do que xa empeza a desenguedellarse un rapaz difícil de aturar: Michael. De momento hai que escusalo porque canta unha canción marabillosa, "Ben·^. E Gary Glitter. e T. Rex, e Giben O'Sullivan. e David Cassidy, e Marc Bolan. Todos eles arrastrados polo río do esquecemento ¿ Todos eles? Non, que algún quedará. Quedará mentres unha persona. coma eu hoxe, acenda unha candea na . memoria por tanto heroe do rock desaparecido.

No *pub* The Rock. esta tarde de novembro, ao meu carón unha xerra de Guinness e un paquete de Number Six, escribo —creo— o meu primeiro poema en galego. Quero que sexo canción pero tamen poema e logo. moi logo. o "X- irise amoreando con ()Litros vintenove ata formar *Paisaxe de Glasgow.* O "X- xunto a outros catro ou cinco máis acabará por ter música propia. pero xa non Ile facía falta. De súpeto —Glasgow e novembro—, eu hatera coa poesía. coa literatura, e a canción semellaba tan lonxe coma un *n'ewell.* A poesía podía comigo, arroupado por Spender. Eliot, Auden, Robert Graves, que descuhrimento, e Robert Browning. E Robert Burns, como non Rabbie Burns para un orfo da terra que aínda non acabara de atopar a Rosalía, pero xa vía claro que a poesía pode e debe subir. mais sen deixar de bater cos pés no chau.

Glasgow dos *piibs* e das amizades. ¿Recordar o bar da Universidade ande te chamaban don Carlos pola túa semellanza cun tipo que aparecía nunha caixa de puros? ¿,E aquelas "bombas de cobalto- que che preparaba o atento *barman* e que eran un *cocktail* superexplosivo que. milagre. non deixaha resaca? ¿,E a Mary Crearie. sacando para ti un exemplar do *Howl* de Ginsherg da Biblioteca da Universidade'? E logo cabreada, porque ti non lle facías caso. enviso nas reviravoltas ginshergianas. E os irmáns Hughes. Stella Ramage. Michael, Peter. Dennis. Carrie McDonald. ¿ Que sería de todos eles? Vaia. Brian si que seque viviño e

4

¿Haberá que dicir quen tivo a culpa? Botádema a min. como di a ranchera. (Por cerco, ¿como é que gustan tanto en Galicia das cancións mexicanas? Xa de pequeno comprobaba o gustosos que se sentían os meus paisanos repetindo palabras exóticas como Pénjamo ou Jalisco. E de maior observo como os mariachis seguen —ou seguían- facendo furor nos veráns festeiros e alborotados. ¿onde está a torrente secreta que une a Galicia con México?) Jerry Hughes, Mary, Stella. Peter, ¿onde vos agachades nesta tarde fría na que baten nos vidros as folerpiñas dondas *e* cativas que envía o Guadarrama? Se cadra veñen de Glasgow onde tal vez neva coma no Xaneiro do 73, cando eu ah me festexaba.

Xaneiro do 73. Neva. Os partidos de fútbol da liga escocesa foron suspendidos. O chan está cuberto dunha capa de xelo e hai vellas que levan cadeas nas solas para caminar. Eu voltaba á 11 Banavie Road cunha botella de whisky Passport e outra que contiña unha pinta de leite. De sócato, zas, alá vou *de* cabeza ao chan rompendo na caída o festín lácteo e alcólico.

E logo Benedicto que está en Londres, con José Afonso, e queren vir ,cantar a Glasgow. Pero non hai maneira. movo e remexo despachos, mesmo vou a Bath Street, onde está a sede do consello xeral de educación. Nin xeito. •
iGalegos e portugueses en Escocia! Nunca tal se vira. Nin se verá de momento. E eu facendo as miñas derradeiras cancións, que agora son auténticas botellas de náufrago chimpadas ao mar. Ao Mar do Norte, que manda gaivotas cheas de frío abeirándose no río Kelvin que baña os pes da Universidade. ou no Clyde, onde as sonoras botaduras do Queen Mary e o Queen Elizabeth. Ás veces paseo polos peiraos e record() a Ferrol. tan lonxe. cos seus estaleiros. Ou a Santiago, onde acaban de matar a un estudiante, cousa do alcol, disque, do mal alcol dun policía noitarego nun bar do Ensanche.

Mal alcol, racista ás veces, o de Glasgow. Nun *pub* un tipo provocando: fuckin' *darkie*. Noutro: *vou. bloody dogo,* apelativo, alcume este para españois, tan arcaico e bonito coma da época na que os mariñeiros de España tiñan o hoxe pouco habitual nome de Diego. A estética da provo-

cación require a música do silencio, máxime canto ti es (de corazón) un *darkie* —un escuriño— e seguramente tamén un *daga.* Pero, de súpeto, paseas con Mary Crearie cando nunha esquina asoma unha rapaza, loira coma a cervexa diría a copla, e increpa a Mary. "LE ti que fas. escocesa, con ese escuriño?"' Música de muiñeira agora para poñer en fuga á rapaza racista e mamalona.

Van e veñen os indios polas rúas de Glasgow. Da xenio velos agrupados. as mulleres cos seus *saris* e. no centro da fronte. o ollo pintado. Ese ollo que me recorda o ollo tremendo de Deus. inscrito nun triángulo. pendurado do teito da catedral compostelá. Van *e* veñen os indios amoreados enchendo a illa, coma nun barco abarrotado que ameazase con zarpar dun momento a outro.

É a noite de Rabbie Burns comendo *haggis,* cordialmente convidado por Mrs. Vaughan. Ah. vella tremenda, ¿ onde terás marchado, vellota difícil coma o vento que, ás veces, procede do Mar de Irlanda? Rabbie Burns ten a súa noite e hai que apañala coma a felicidade, que soamente para un momento. Por iso hai que pillala ao voo. dicía o poeta. Hai que apañala.

En Glasgow. Saint Andrew's Secondary School. As miñas primeiras clases. Alí o meu corazón, coma cando ensinas por primeira vez. Entre profesores batidos e avellentados, cansos de entoar día tras día o mesmo soniquete. Tamén o do cinto, que neste curso do 72-73 a lei escocesa non só consente senón que estimula para corrección de indisciplinados. Dando clase entre música de cinto e laios no corredor dalgún desventurado caído no garamelo. ¿É este o futuro? Un traballo duro onde non existe a reciprocidade. Pero iso xa o sabías. machiño, ¿,a que ven agora a queixa? Ben mirado, é o máis divertido do mundo, un pulso continuo, unha tensión marabillosa entre un grupo de xentiña e ti, só *e* abandonado á túa sorte, coma o corredor de fondo de Sellitoe. Pero. ¿non son eles os corredores de fondo e ti o ollo da sociedade que axexa? Non. deixémolo á metade. na medida exacta. Todos, eles e vós. sodes os malditos a danzar unha rumba, ou mellor. unha conga en fila india. collidos todos polo van. E ti o primeiro. Ou o último. ¿que máis ten?

## CELSO EMILIO QUE NON CESA

Despois dun ano perdido en Santiago —ano sen pegadas no máis estricto sonso— marchei para Madrid. Non, un nunca pode volver a ser feliz no sitio que amou tanto. Non. cómpre non intentar repetir. ou ficará na túa man coma un remo!. xa non de travesías tal quere Tosar. senón de ausencias. Ademais, en Santiago. aparecín envolto nunha sinistra aventura docente, a de dar clase no Colexio La Salle, material narrativo que aquí non ten sitio e para o que quixera dispor da pluma de Vaz de Soto, *O inferno e o brís'*, Pérez de Ayala, *A.M.D.G.* ou Robert Musil. *O xore Türless.* Algún día entrarei nel, aínda que soamente sexa para reflexionar sobre o proverbio aquel que di que nunca segundas partes foron boas.

Cheguei a Madrid. como digo. un día de setembro. cando ETA fixo a salvaxada da Calle del Correo. Ás catro da tarde, sentado co palestino Hussein nunha terraza da Plaza de Alonso Martínez. comezou o boureo das sirenas e das ambulancias. Boureo que, desde entón *e* logo por tantos motivos, á forza asocio sempre con Madrid. Esta terrible machada de ETA foi, mur principio, atribuida ao fascismo provocador. Eu fun dos que inxenuamente caeron na trampa. Tardei anos, maiormente lendo o libro de Lidia Falcón. que deixa as cousas ben claras, para baixar da burra que montaba. Non. ETA xa non era o grupo idealista e destemido que fora. Estes días do meu primeiro setembro madrileño os israelís detiveran en Xerusalén a Monseñor Capucci. Xa sei que hoxe o seu nome dirá pouco. pero entón representaba a causa palestina, e eu

vivía daquela na Plaza de la Reverencia cun grupo de rapaces desta procedencia: Ali, Marwan. Mahmud e o xa citado Hussein. Con eles colaborei na traducción de panfletos a prol da liberdade de Capucci.

O mes que botei cos palestinos foi unha delicia, rodeado da calor e da amizade desta xente tan hospitalaria, máxime vivindo lonxe da súa torra. Agora que tiven ocasión de colaborar cun poema na *Oferenda dos poetas galegos Palestina,* sentín como estaba pechando un ciclo de agradecemento; o de dar as gracias. aínda que non se practique moito, seque sendo de ben nacidos.

Da Plaza de la Reverencia pasei á Avenida del Mediterráneo. Alí había de botar o resto do curso 74-75. con Xaime Gómez Vilasó, Marco Río Pardo e Luís Emilio Batallan. E ademáis, como hóspedes ocasionais, Pepe Caamaño, Conrado Iriarte, Xosé María Dobarro e o propio *Príncipe Galia.* de paso por Madrid. Conrado era un rapaz novo. todo vitalidade, que pouco despois escollería a morte por precipitación. De Conrado conservo un disco de Rachmaninoff e o recordo da súa simpatía. Cada vez que un amigo —antes Víctor Salgado. logo Juan de la Cruz Yepes— opta polo misterioso camiño na flor da mocidade eu quixera fuxir de retóricas *e* mergullarme no respecto máis fondo pola xente ben querida que decide marchar.

Batallan, na Avenida del Mediterráneo, ensaiaba o mangado de cancións que axiña haberían de chamarse *Aí vén o Maio.* Batallan. ou *O Bati,* era un milagre de sinxelez e despiste. Sumamente tímido, non daba cantado en directo. e, cando chegou a facelo nunha escola técnica, volveu tan abraiado como marchara. O seu disco *Aí vén o Maio* inaugurou na canción galega o folk-rock e debeu de venderse bastante ben, pois co tempo cheguei a velo nos expositores dos bares onde adoitan parar os emigrantes. Batallan cantaba nunha curiosa simbiose entre Andrés Do Barro e Bob Dylan, sen a capacidade de desafine do primeiro e o peculiar fraseo do segundo. Co cantante de Moraña botei un tempo ben agradable na Avenida del Mediterráneo e. se non estou nun erro, miña foi a primeira entrevista que Ile fixeron, para *El Norte de Castilla,* no *pub* Mortimer situado nos baixos do piso que ocupabamos.

Pero o máis bonito que me pasou reste tempo de tomarlle o pulso a Madrid foi coñecer a Celso Emilio Ferreiro. Vivía o poeta. por entón. nun piso do Paseo de las Delicias, posiblemente a zona máis ruidosa e contaminada de Madrid. Isto foi no outono do 74 e alí cheguei —corno xa dixen— da man amiga de Moncho Pernas. O Moncho estudiaba xornalismo e. bulidor e activo corno adoitaba, xa trabara contacto con Celso. Eu entrei naquela casa coma quen vai a unha misa solemne. Mais. de súpeto, aparece Celso Emilio. e entón a parafernalia. a faramalla, veñen abaixo. Este poeta non exercía de tal, nin ahusaba coa súa presencia. nin sequera disfrutaba coas gabanzas que, loxicamente, espertaba. Non. el máis que falar prefería escodar, cousa que facía mostrando unha gran curiosidade polo que nós, xente nova entón, tiñamos que expoñer.

Nesta primeira conversa en cas de Celso e noutras sucesivas (no Paseo de las Delicias, en Juan Bravo. na Irmandade Galega, no Ateneo, en Sargadelos, no Colexio Maior San Juan Evangelisa) moitos foron os ternas que apareceron. Un deles o que agora nos ocupa, o de Voces Ceibes. grupo do que, como se sabe. o de Celanova foi seguramente o mellor "letrista". Todos os seus membros, mesmo eu que aínda que testemuñalmente levaba no meu repertorio o "Goethe¨. bebemos das fontes ferreiranas. Incluso se tiña carteado Celso con Xavier e Suso Vaamonde: e. coincidencia tráxica. este último compartira o derradeiro almorzo do autor de *Viaxe ao país dos unirnos.* Falabamos, pois, de Voces Ceibes e. como é natural, tamén de Xerardo Moscoso quen logo habería de incluir no seu long-play *Acción Galega* poemas de Ferreiro como "Pola longa lonxanía" ou "O dedo na chaga-.

Celso Emilio non tiña máis que boas palabras para o grupo, para todos os seus membros, pois algo fixeramos ( fixeran) para amplificar a obra do celanovés. Por iso, a estas alturas, sorprendeume o ataque de Méndez Ferrín a Xerardo. *Boletín Galego de Literatura.* N.° 1, malo de 1989, páxina 107, cando di que en Caracas: "Xerardo Moscoso o cantante, foi un dos que máis violentamente o perseguiron¨. Menos mal que á ousada reflexión do entrevistador Salgado: "Así Ile pagaron a Celso Emilio os cantantes de

Voces Ceibes...¨, o autor de *Con pólvora e magnolias* aclara que: "Soamente foi este Moscoso o que participou na represión contra Celso Emilio Ferreiro; os outros sempre lle quixeron moitísimo e non hai nada que dicir deles". Parece evidente que, se o Xerardo perseguise a Celso Emilio, este non teimaría en falar ben do mexicano, agás que o poeta fose parvo. cousa que estaba moi lonxe de ocorrer. De todas as maneiras. é curiosa a xenreira de Xosé Luís Méndez contra Voces Ceibes; mesmo semella coma se este grupo de pioneiros (entre outras cousas) acadase o grao de " tiesta negra" para tan sobranceiro e significativo escritor.

Por certo non é o único que co tempo ten posta a proa ao noso. modesto se se quere. furacán. Vendaval de andar pola casa, seguramente, pero o único de que entón se dispoñía, algo que entendeu ás claras Celso Emilio quen, repito, ollaba con agrado todo o que se relacionaba con nós, incluíndo a quen isto asina que. corno membro de Voces Ceibes, entrou na súa casa do Paseo de las Delicias da man amiga de Moncho Pernas.

O ano do 89 que acaba de morrer pode e debe ser calificado de ferreirano pois, agás cativas excepcións. soubo aunar vontades a prol do gran Celso Emilio quen, como poeta e persoa. foi paradigma de bondades. E se do Celso individuo somos moitos os que podemos dar testemurio, do escritor al están os seus libros, tan vivos e frescos coma de costume por se alguén tivese algunha dúbida.

Dicía —o que xa e un lugar común— que Ferreiro fora o mellor "letrista¨ da canción galega. E sublirio. naturalmente, o substantivo, seudo así que a diferencia entre letrista e poeta é meridiana. Hai milleiros de poemas que pola súa métrica ou estructura non admiten outra música que a que levan consigo. Non hai maneira de musicar a certo Eliot, a case todo Pound. a Browning. a segundo que Manuel Antonio, a López-Casanova (o da última etapa), ao Méndez Ferrín de *Con pólvora e magnolias* ou *O fin dun canto.* Ora que John Donne, Baudelaire, Aragon. Esprit'. Camóes, Pessoa, Cabanillas. Antonio Machado, Hernández, Blas de Otero piden música a berros. Ferrat, Ferré, Ibáñez, Afonso. Serrat poden testemuñalo. ¿Por que? Pola estructura dos seus poemas, fondos, pero tamén "lixeiros¨ e

"significativos- coma para que o músico bote man deles. Isto acontece con case toda a obra poética de Celso Emilio Ferreiro que, ademais dunha calidade obxectiva e de "transcendentalidade-[1], comunica instantaneamente co lector, logo ointe, que axiña ve retratado o seu afán íntimo ou colectivo no poeta.

Distinta será a cuestión vella de se non paga a pena deixar o poema como está. En canto que lector cotián de poesía, eu penso que si. que é mellor manter o poema no libro para que sexa o primeiro destinatario o seu reelaborador. Ora, ¿canta xente le poesía? ¿Non quedamos en que somos unha confraría cativa e fagocitaria?, porque o millón de exemplares vendidos de *Veinte poemas de amor y una canción desesperada* son unha anécdota. Como que os libros de Seamus Heaney estean á venda nos quioscos dos aeroportos de Irlanda. Entón entra en xogo o cantautor que musica poemas e que envía estes a un auditorio amplo que, tal vez, gracias ao poema musitado desexe coñecer outras mostras da obra do autor. Tal vez. Porque tamén está o risco de que o cantante desfigure o poema ou, sinxelamente, o público identifique os versos co soporte musical que vai con eles, o que, no mellor dos casos, faría aparecer un segundo poema. Jastante alleo ao orixinal. Inevitable a referencia a "La poesía es un arma cargada de futuro" de Gabriel Celaya ou "Palabras para Julia" de José Agustín Goytisolo, ambos os dous poemas popularizados e, sobre todo o primeiro, desvirtuados, por Paco Ibáñez. No fondo da cuestión, sospeito, subxace a eterna dúbida de a poesía para quen, para cantos. como. cando, onde. E Celso chegou "a moitos" entre outras cousas gracias a Voces Ceibes dos que. aínda que sexa un lugar común. foi o mellor letrista.

[1] Quedamos. entón en que o poema –aínda que sexa "reconvertido" en letra– supera a esta polo seu afán de "transcendentalidade". E logo. i, unha *letra* que supere as barreiras do tempo que cousa é? Pois seguramente un poema que nunca pretenden seto. E como tales vemos hoxe " Romance del prisionero'. "Greensleeves" ou "Eu non sei que pasou no mutilo".

## ADEUS A VOCES CEIBES

Como xa virien explicando en capítulos anteriores, a froita de Voces Ceibes estaba tan madura que soamente faltaba abanear a ameixeira para que caese de seu. Dous foron os acontecementos que precipitaron o *desguace:* a creación do efémero movemento popular da canción galega e o "escandaloso¨ feito ocorrido en Guimaráes. Para o segundo sucedido —Nadal do 74— emprego o adxectivo que utiliza Xerardo Moscoso nunha carta súa que leva cabeceira da Pensáo Río Minho, Largo da estacáo, Valenca do Minho. con data 13-XII-74. Carta dirixida, suporio, á afección en xeral e da que conservo, desde entón, unha fotocopia.

Non é cousa de reproducila aquí porque A) non sei se o interesado estaría de acordo e B), como xa dixen bastantes páxinas atrás, fuxo da inserción de documentos neste libro tan persoal e subxectivo. Doutra banda, eu non estiven en Guimaráes daquela (e por certo que non batín con tan fermosa vila ata este verán último) polo que dificilmente podo dar a miña versión do alí acontecido.

Ora, despois de recoller varios testemuños. direi que Suso Vaamonde —quen, polo visto, fora levado ao recital por Xerardo Moscoso— puxo a caer dun burro a Benedicto, dándolle os máis severos adxectivos que nunha situación dictatorial se lle poden aplicar a un individuo demócrata. Benedicto. coa súa flegma característica, cantou o que tiña previsto e botou ao abraiado público portugués unha soflama sobre Caxias e Peniche, cadeas ben coñecidas polos loitadores antifascistas lusos. O propio Xerardo. na

carta devandita, exculpábase de ter provocado indirectamente o "escándalo¨ e aseguraba que ao interpretar "O dedo na chagai outra vez Celso Emilio. non quixo acusar a ninguén. E así sucesivamente.

O certo é que Guimaráes demostrou o punto de podremia, máis que de madurez, ao que chegara Voces Ceibes, polo que. insisto, só restaba abanear a ameixeira. O malo. non obstante, foi que o valse do adeus. no canto de bailarse á luz das candeas —por exemplo— tivo lugar diante dunha xente. a portuguesa. que maldito o que pintaba no enterro. Logo. as circunstancias fixeron a despedida máis propia dunha película dos irmáns Marx ou dunha festa de aldea das que acaban a mocazos. que dun acto abandeirado por intérpretes da chamada canción do pobo.

